

**A CULTURA**

**É UM DIREITO**

.....  
**UNHA VISIÓN SOCIAL DA CULTURA**

**\*ALBERTO DE BOIRO (COORD.)**

**\*XAVIER CAMPOS \*MARCOS LORENZO \*SABELA MENDOZA**

**\*ENCARNA LAGO \*SILVIA FIALLEGA \*FRAN QUIROGA**

**\*ANDREA BARREIRA \*CLARA R. CORDEIRO \*SERGIO LAGO**

**\*ROBERTO PASCUAL \*CARLOS LORENZO \*BELÉN BERMEJO**

**\*ARANCHA ESTÉVEZ \*MARÍA BAQUEIRO**





# A CULTURA É UN DEREITO



UNHA VISIÓN SOCIAL DA CULTURA



Deputación  
DA CORUÑA

**A CULTURA É UN DEREITO: UNHA VISIÓN**

**SOCIAL DA CULTURA**

1ª EDICIÓN, 2023

**AUTOR/ES:**

ALBERTO DE BOIRO (COORD.)

XAVIER CAMPOS

MARCOS LORENZO

SABELA MENDOZA

ENCARNA LAGO

SILVIA FIALLEGA

FRAN QUIROGA

ANDREA BARREIRA

CLARA R. CORDEIRO

SERGIO LAGO

ROBERTO PASCUAL

CARLOS LORENZO

BELÉN BERMEJO

ARANCHA ESTÉVEZ

MARÍA BAQUEIRO

**IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN:**

IMPRENTA PROVINCIAL

**MAQUETACIÓN E DISEÑO:**

TRIWUS S. COOP. GALEGA

**DEPÓSITO LEGAL:** C 1119-2023

**ISBN:** 978-84-9812-412-5

# A CULTURA É UN DEREITO

.....

## UNHA VISIÓN SOCIAL DA CULTURA

**\*ALBERTO DE BOIRO (COORD.)**

**\*XAVIER CAMPOS \*MARCOS LORENZO \*SABELA MENDOZA**

**\*ENCARNA LAGO \*SILVIA FIALLEGA \*FRAN QUIROGA**

**\*ANDREA BARREIRA \*CLARA R. CORDEIRO \*SERGIO LAGO**

**\*ROBERTO PASCUAL \*CARLOS LORENZO \*BELÉN BERMEJO**

**\*ARANCHA ESTÉVEZ \*MARÍA BAQUEIRO**



**Deputación  
DA CORUÑA**



*"A cultura non son os cuadritos que se colgan,  
ou eso que fan vostedes...  
A cultura é a cotidianeidade dos valores cos  
que nos movemos na vida".*

— Pepe Mújica



A reflexión continua sobre o modelo cultural que queremos e necesitamos, entendendo a Cultura como un dereito cidadán e atendendo á súa capacidade de transformación social: este é o obxectivo fundamental do programa 'A Cultura é un Dereito'.

Un programa que nacía en abril de 2018, cunha primeira xornada realizada no pazo de Mariñán e centrada no aspecto social da cultura e que, desde entón, leva camiñando 5 anos consecutivos tratando temas que moitas veces quedan nas marxes do marco pre-establecido, como son a igualdade, a inclusión, a proximidade, a sustentabilidade ou a promoción de prácticas culturais que van máis aló dos retornos monetarios. Xornadas protagonizadas por profesionais e especialistas que coñecen en carne propia as particularidades de cada campo a estudo, que teñen identificadas as costuras máis febles do sistema e que están capacitadas, desde a experiencia e a práctica profesional, para achegar propostas de futuro realistas e factibles.

Durante este lustro de xornadas de 'A Cultura é un Dereito' se algo se puxo de manifesto é que a Cultura non se debe axustar a un mero asento contable, que se ben debe ser fonte de emprego e de economía, tamén debe atender a outros aspectos. Como exemplos, podemos citar a cultura amadora participada pola cidadanía, que conta cunha importantísima implantación en todo o país; ou ao papel da cultura que tece redes desde a proximidade, camiñando desde o local cara ao universal, man a man cos concellos, con entidades e con artistas e compañías para garantir o acceso a programacións culturais de calidade para toda a veciñanza, sexa cal sexa o lugar de residencia.

Co foco sempre posto na nosa casuística identitaria, somos moi conscientes de que Galiza ten unha implantación social da cultura moi forte, que bebe da tradición das prácticas comunitarias, e que entende a lingua como a ferramenta que nos abre ao mundo e como o gran tesouro que nos singulariza. Así é que, ademais da necesaria e constante reflexión para avanzar en novos modelos culturais, o programa 'A Cultura é un Dereito' tamén é un foro de reivindicación dun lugar propio para a cultura que se fai na Galiza, con grandísimas doses de implicación, con calidade e profesionalidade, e sempre co obxectivo de que poida dialogar en pé de igualdade con outras culturas do mundo.

Xurxo Couto

Deputado de Cultura da Deputación da Coruña



## CONTIDOS

|    |                                                                                                                              |          |
|----|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| 00 | <b>Cultura para a vida mellor. Doce ideas para/sobre a función social da cultura hoxe.</b><br>—Xavier Campos                 | páx. 13  |
| 01 | <b>Marco teórico das políticas culturais.</b><br>—Marcos Lorenzo                                                             | páx. 25  |
| 02 | <b>A CULTURA É UN DEREITO, UNHA VISIÓN SOCIAL DA CULTURA.</b><br>— Alberto García                                            | páx. 33  |
| 03 | <b>Falemos de cultura.</b><br>— Sabela Mendoza                                                                               | páx. 53  |
| 04 | <b>Institucións permeables para unha cultura accesible e inclusiva.</b><br>— Encarna Lago González e Silvia Fiallega Lorenzo | páx. 75  |
| 05 | <b>Por un minifundismo cultural. O pequeno é grande.</b><br>— Fran Quiroga                                                   | páx. 95  |
| 06 | <b>Unha cultura en igualdade.</b><br>— Andrea Barreira Freije e Clara R. Cordeiro                                            | páx. 113 |
| 07 | <b>Coidar de nós, para coidar da cultura.</b><br>— Sergio Lago                                                               | páx. 139 |
| 08 | <b>Competir ou soster?</b><br>— Roberto Pascual                                                                              | páx. 171 |
| 09 | <b>Fotos vellas e poesía para transformar unha sociedade.</b><br>— Carlos Lorenzo                                            | páx. 183 |
| 10 | <b>Biografías.</b>                                                                                                           | páx. 195 |

A CULTURA  
É POLÍTICA



# **CULTURA PARA A VIDA MELLOR.**

## **DOCE IDEAS PARA/SOBRE A FUNCIÓN SOCIAL DA CULTURA HOXE.**

Xavier Campos

### **1.**

#### **A cultura é política**

*Que cultura e para que sociedade?* nos ensinou a preguntar hai xa ben anos, a través dos seus libros, artigos e conferencias, o Toni Puig. Teñamos sempre presente esta pregunta, é central. A cultura é o espazo dos valores, das ideas, o fío que cose comunidade, identidade, sentido de pertenza. A cultura é relación, (re)coñecemento, vida compartida, construción de civismo e de xeitos de estar na vida e no mundo. Ferramenta de formación e transformación. Nutre, alimenta, arroupa para medrar. A cultura non é neutra, nin neutral. As maiores transformacións culturais desta década? O feminismo e a defensa do medio, que mudaron a mirada, o discurso e as prácticas sociais e gañaron – ou están a gañar – a batalla das ideas para cambiar a vida e o mundo a mellor. A cultura é política, polo tanto. En discusión, viva, a debate permanente. Moito máis que programación de propostas, moitos máis que suma de ámbitos artísticos. Distingamos entre cultura e sector cultural, entendamos que temos que traballar en ambos sentidos. Precisamos políticas públicas planificadas e participadas.

### **2.**

#### **Dereito á cultura**

Cando en 2008 estoupa a burbulla inmobiliaria e o capitalismo financeiro entra en colapso comeza a estafa á sociedade en forma de crise que se fixo pagar á maioría social. A desafección é enorme e destituínte, organízase a defensa do ben común e do que o neoliberalismo aínda non desmontara: os chamados piares do estado do benestar. Saúde, educación, pensións, vivenda... E a cultura? A cultura é tamén un dereito, mais a febleza social desta percepción, desta asunción, fai que o sexa máis “en si” que “para si” (para nós, neste caso). Non a percibimos como tal. A desconexión do social, a identificación empobrecedora co espectáculo/oferta de lecer, a confusión interesada con outros ámbitos, son algunhas das explicacións. Volvérona superflua, prescindible. Como expresión dun desexo, a modo de profecía autocumprida, insistimos desde 2015 na Área de Cultura da De-

putación da Coruña: a cultura é un dereito. E coincide co debate sobre os dereitos culturais no mundo, as primeiras leis no Estado español e noutras latitudes. Se a cultura é un dereito, ten que ser garantido desde o ámbito público. Por iso as políticas culturais, a súa necesidade, a súa lexitimidade. Por iso a necesidade de pensalas e repensalas en 2023, para os próximos 15 anos. Que cultura e para que sociedade? Cunha idea clara: a política cultural é unha política social, de garantía dun dereito básico. Como nos afecta isto e como transforma a nosa acción? Con que recursos e orzamentos?

### **3.**

#### **Tecer comunidade**

Os *Escritos Corsarios* de Pasolini, a análise das vidas líquidas de Zygmunt Baumann, a crítica á industria da felicidade (autoaxuda, psicofármacos e derivados) nun mundo en que o capitalismo rompeu as certezas (laborais, de sustento económico, de capacidade para desenvolver un plan de vida) e o sentido de comunidade e nos fai vivir con medo. Lecturas imprescindíbeis para a acción cultural hoxe. No mundo líquido en que estamos á intemperie, buscamos a onde nos agarrar e onde/como poder vivir con tranquilidade, con afectos, con sentido de vida e non só de supervivencia. Estamos na época das enfermidades psicolóxicas, da somatización do estrés, da frustración vital e das expectativas imposíbeis de cumprir, da felicidade como imposición. *No mundo capitalista, todas as formas de felicidade acaban nunha tenda*, dixo alguén. A proposta da cultura hoxe: recuperar o vínculo social, o sentido de identidade, de comunidade, de pertenza, de identidade. Re-ligar. E facelo desde unha mirada progresista, inclusiva, diversa, integradora. A ultradereita detectouno e ofrece iso, desde a súa: autoritaria, excluín-te, agresiva. Hai unha parte do sector cultural que lle fai seguidismo e se refuxia na nostalxia reaccionaria, na ollada saudosa dun pasado que non, non era mellor. A cultura hoxe ten que rebelarse: ser creación de sentido colectivo, de vida en común, de cohesión, civismo e valores a compartir para organizar a vida social. Non é sinxelo: estamos atravesados e atravesadas polo capitalismo, que é un modo de vida, moito máis que un sistema económico. Os beneficios duns poucos e os maleficios da maioría, que diría El Drogas, cantante de Barricada, van para alén do plano material. O sistema imperante rachou todo o que parecía sólido e vernizou a operación de

modernidade: hoxe temos desamparo, orfandade, falta de redes de seguridade vital. A cultura, como práctica social, debe xerar o contrario: vida compartida, vida mellor, sentido de vida.

#### **4.** **Identidade**

Ser quen somos. Ser quen queremos ser. Ser en relación cos demais. No individual e tamén colectivamente. A saúde cultural. Non negarse, non auto-odiarse, poder coñecerse e recoñecerse. Sen imitación, sen ocultación, sen submisión. Imprescindíbeis Albert Memmi e Franz Fanon. Contra a colonización e os seus procesos psicolóxicos. Imprescindíbeis os estudos feministas sobre a violencia simbólica. Imprescindíbeis os estudos de Antón Figueroa ou Pierre Bourdieu (*La dominación masculina*). A cultura é espazo facilitador do desenvolvemento persoal, do recoñecemento da propia identidade, da autoestima polo eu e polo nós colectivo. A lingua, as tradicións, as formas de facer, os hábitos; a detección das violencias, das rupturas, das crebas, a identificación das imposicións; a necesidade de repensar e de non reproducir acriticamente, de dialogar -desde a vontade de futuro mellor- co noso pasado persoal e colectivo. Curar a ferida, dándose conta primeiro da súa existencia, sendo quen de mirala de fronte. Ler Carlos Callón, Susana Sanchez Aríns, a sociolingüística de Calvet. Non, non somos *cidadáns do mundo*, esa parvada posmoderna propia de quen nega o conflito sen renunciar aos seus privilexios ou cuestionar o statu quo; non nacemos nunha probeta no medio do océano. Somos fillas dun contexto, dun tempo e lugar, dunhas circunstancias socioeconómicas, socioculturais, de clase, concretas. Dunha traxectoria histórica. Non temos que aceptala, se non quixermos, mais non podemos escapar dela sen máis: é do que vimos. É preciso saber quen somos para, dun xeito saneado, poder avanzar, aceptando ou discutindo(nos) o que for preciso. Transformando. Estamos en construción, persoal e colectivamente. A análise, procura, estudo, investigación, difusión e experimentación sobre a memoria, a historia, o patrimonio, son realidades culturais. Calquera política cultural, traballar conscientemente ou inconscientemente, sobre a identidade. Sobre o eu e sobre o nós. Cos pés na terra propia e a mirada no mundo: o universal é o local sen paredes, dixo Miguel Torga.

**A cultura non  
é neutra nin  
neutral.**

## 5.

### Desenvolvemento

As posibilidades de desenvolvemento persoal das propias capacidades, da propia creatividade e intereses e do desenvolvemento colectivo dun territorio, teñen a ver, en grande medida, coa formación, o coñecemento e a autoestima. A cultura, as políticas culturais, deben servir para que as persoas e os pobos poidan desenvolver todo o seu potencial creativo e intelectual, e para gañaren no camiño auto(re)coñecemento e autoestima, especialmente naqueles casos en que as dominacións -de clase, de raza, de lingua, de xénero... - deixaron marcas e consecuencias. Temos algo que achegar cando somos nós, non copias ou mímese doutros. A singularidade, o que nos diferencia, é un valor no mundo global. A aposta pola educación, o coñecemento, as prácticas formativas, as relacións entre o profesional e o amator, o apoio a quen empeza, a habilitación de dinámicas e espazos amábeis e propicios para o propio desenvolvemento, son necesidades dunha política cultural que parta da proximidade e do local para ampliar a mirada e alimentarse en diálogo co alleo.

## 6.

### Contexto

Pasamos por modelos diferentes nas políticas culturais e non dá este artigo para a súa descrición e territorialización histórica demorada (estado árbitro, estado mecenas, estado arquitecto, estado enxeñeiro...) nin para unha comparativa das estratexias, políticas, axentes e factores de lexitimación que operaron nos diferentes modelos sociais (estado tradicional, moderno, do benestar, relacional). Daría para falar da *democratización cultural* de Malraux (proximidade, acceso, oferta cultural, Casas da Cultura, cidadán espectador) e da *democracia cultural* posterior (Informe MacBride, cidadán protagonista, Mondiacult, sociocultura) pasando polo brillo das e dos creadores con Jack Lang ou o correlato da burbulla económica nos 90: as industrias culturais. Tamén da evolución específica que se deu no marco galego e español dos anos 70 en diante (asociacionismo cultural, institucionalización, equipamentos, reflexión sobre o quefacer cultural). Mais hoxe, que política cultural?

Apostamos por un cambio de paradigma, colocando no centro o dereito á cultura e a concepción desta como unha práctica social colectiva. E polos poderes públicos como creadores de contextos favorábeis para o desenvolvemento da creatividade,

das dinámicas sociais autónomas e dos proxectos artísticos e sociocomunitarios. O ámbito público como garante e impulsor. Con criterio político, lexítimo, explícito, previo, comunicado, por suposto. Para facer menos directamente e facilitar, alimentar e apoiar máis. Políticas públicas centradas en xerar as condicións necesarias para que as iniciativas poidan desenvolverse da mellor maneira. Dialogadas, planificadas, contrastadas cos axentes, para facilitar a definición de obxectivos en común. E a partir dunha reflexión: que tipo de apoio precisan as diferentes realidades, en función da súa natureza. Para cales as subvencións a fondo perdido, para cales o modelo de convenio, para cales a co-xestión, para cales o financiamento a risco ou o crédito reintegrable.

## **7.**

### **Densidade cultural**

As e os creadores, os centros de ensino, os espazos culturais públicos, as salas de música privadas e as librarías, as cafeterías que programan actividades artísticas, as asociacións de veciños e veciñas que recollen a memoria do barrio ou a aldea, as entidades de música popular e tradicional, os colectivos informais, o rapaz que fai graffiti e a rapaza que debuxa anime, as asociacións culturais, os grupos de rock, o teleclub ou escola parroquial en que se fai ximnasia de mantemento e onde unha vez á semana se atopan as mulleres maiores para falar, as persoas interesadas pola historia local, as rapazas que acaban de montar unha cooperativa de comunicación e deseño, o que sobe fotos magníficas ao instagram e ten talento artístico e nin o sabe. Todas e todos son axentes culturais, mais non sempre nos decatamos nin nos relacionamos desde a política cultural con eles e elas. Que importante: o recoñecemento. Directo, explícito, sincero. E a partir de aí, alimentar a densidade cultural do territorio, tecendo relacións, propiciando o encontro e o coñecemento mutuo, contando cos recursos existentes e creando dinámicas conxuntas de traballo, como parte dunha acción cultural que repercuta directamente na dinámica social. Para facelo precisamos innovar nas formas, nas propia fórmulas administrativas: para apoiar sen afogar, para asumir e comprender o que cadaquén pode ofrecer, para partir do existente e non forzar nos ritmos nin nos obxectivos de cadaquén. O sistema cultural está conformado por axentes públicos, privados, asociativos, formais e informais. As políticas culturais públicas deben asumilo e actuar en consecuencia.

## **8.**

### **Hibridación**

Do artístico, do sector cultural, co campo amplo do social. Iniciativas, programas, proxectos, liñas de traballo, estratexias desde o creativo relacionadas co educativo, co feminismo, co ecoloxismo e a defensa da terra, co patrimonio e o desenvolvemento socio-comunitario, co combate de calquera tipo de discriminación, con todas as causas xustas. En experimentación directa, desde crianzas, cos colexios, coas entidades, coas asociacións. E para todas as idades, propiciando diálogo entre xeracións e entre temáticas. Políticas públicas culturais hibridadas, transversais, de mans dadas. Desde a danza, desde o teatro, a fotografía, a música... construír vida mellor. Superar a modernez, o cosmopolitismo, as tendencias, a distracción. E apostar por achegar sentido de vida, comunidade, conexión co que importa, esperanza, coñecemento e alimento para ser. Abonda de concibir desde unha posición elitista, especializada e afastada do social as políticas culturais públicas para a cultura. Precisamos rachar a percepción asentada da cultura como espazo para persoas xa iniciadas, como lugar pechado e alleo á vida cotiá, un territorio con carné de entrada para especialistas. E vindicar a cultura como práctica social da que todas e todos facemos parte. Para iso cómpre dar un paso adiante: preocuparse de verdade pola vida e pola xente.

## **9 e 10.**

### **Herdanza e creación**

*Heritage e arts*, como dividen os anglosaxóns. Políticas públicas para coidar, recuperar, manter, poñer en valor, difundir e estudar o patrimonio, a herdanza colectiva, aquilo que nos conta quen fomos e de onde vimos. E políticas de apoio á creación e ás artes, hoxe, dirixidas a creadores e creadoras, aos públicos, á cidadanía. A cultura é territorio de comunidade, suma de códigos e experiencias para interpretar, explicar e coñecer a realidade, cara a nós e cara ao resto. Herdanza para construír desenvolvemento hoxe, se for o caso. Relato compartido, estratexia de desenvolvemento, singularidade no plano cultural, turístico, da promoción do territorio. Herdanza para xerar sentido de pertenza, identidade común, códigos funcionais de convivencia. E creación aquí e agora, para explicar o presente e o mundo, para intervir, para ofrecer espellos, abrir debates, producir sentido no presente. Ambos campos a relacionar entre si e a traballar desde as políticas públicas culturais: o patrimonio e as artes, en reforzo mutuo.

## **11.**

### **Expresarnos**

Unha política pública cultural debe ser sistémica, atender todas as dimensións en que o feito cultural se manifesta. A económica, a identitaria, a comunitaria... Precisamos apoiar a quen quere vivir profesionalmente do seu traballo creativo. Precisamos desenvolver liñas de acción en favor do coñecemento do que somos para podermos debuxar mellor os camiños que queremos transitar. E precisamos favorecer a experiencia artística, creativa, directa. Non atender unicamente o papel de cidadá ou cidadán espectador, pasivo, senón tamén alimentar o protagonista, activo. De moi diferentes formas, unha delas coa cultura de base: o tecido cultural asociativo, as prácticas artísticas amadoras, o fomento da cultura comunitaria, tradicional e popular, a comprensión da festa e da celebración como práctica cultural a atender e valorizar, as escolas de música e danza que buscan relacionar e permiten desenvolver intereses no cotiá. O ámbito público debe xerar cultura de relación directa e democrática co tecido cultural de base, veciñal, non profesional: conveniar é acordar, definir obxectivos, fixar elementos de avaliación e contrapartidas públicas en favor do colectivo.

## **12.**

### **Procesos**

A función social da cultura ten a ver máis cos procesos, coas formas e cos métodos que cos propios resultados concretos ou coa elaboración de contidos específicos. Mudanza e traballo cultural esixen dialogar, compartir, recoñecer, tecer comunidade, integrar e dar espazo. Por iso, hoxe, máis bolsas creativas, máis proxectos colectivos, máis residencias e lugares de traballo en común, máis cooperación e articulación e menos lóxicas de competencia e éxito/fracaso. Máis desenvolver(nos) nas nosas capacidades, máis facer con, máis colaboración creativa que fai ben, que ofrece un lugar, que dá solaz e calor de vida. A importancia das formas é determinante, o cualitativo. Desde esa visión toca pensar hoxe as políticas de apoio á creación, o impulso aos novos e novas creadoras, a participación e posta en valor da creatividade local ou comunitaria, as programacións e negociacións cos proxectos profesionais en relación ao impacto e beneficio social, o deseño e desenvolvemento dos proxectos. O valor engadido achégao o como, non tanto o que. Un como compartido, participado, construído desde procesos de diálogo directo, con escoita activa e que alimente e faga medrar unha nova cultura democrática de relación coa administración.

## **E unha coda final**

Van alá, na Galiza, corenta anos de autonomía e de políticas culturais, que cómpre estudar, analizar, avaliar. Resultan evidentes os déficits e carencias estruturais, a falta de planificación e deseño, a precariedade do sector profesional, a febleza administrativa, o adanismo, o uso partidista e electoralista da cultura e o secuestro do seu sentido en beneficio do espectáculo e a promoción turística. Cidade da Cultura e Xacobeo como elementos simbólicos do macro para desatender o cotiá, a base produtiva e creadora, a herdanza e identidade, os procesos creativos actuais e as súas condicións. Nestes corenta anos a transformación do mundo foi radical desde o tecnolóxico: a sociedade da información e do coñecemento, o mundo dixital, xa aquí e agora a robótica e a intelixencia artificial. No identitario, como galegos e galegas, a evolución do noso principal signo de identidade como pobo, a lingua, non pode ser máis preocupante: o galego perde uso e falantes e xa non é a lingua maioritaria en Galiza. É unha realidade reversible, mais que necesita ser enfrontada de inmediato cunha estratexia de país. Todo isto, hoxe, no plano cultural, coincide coa emerxencia do debate internacional sobre os dereitos culturais como novo paradigma desde o que pensar a cultura e as propias políticas culturais.

## **Exhortación:**

Actuar, e non deixar pasar máis tempo. Precisamos un marco legislativo galego que nos permita encarar os retos dun futuro que xa está aquí. Precisamos dunha lei que articule o sistema nacional de cultura de Galiza. Para organizar e redefinir o mapa de axentes e as súas funcións. Para procurar consensos mínimos ao redor dos grandes retos sobre os que cómpre traballar. Para compartir liñas de acción sen invadir competencias entre administracións, acordando o marco de “xogo”. Para definir unha estrutura básica a partir da cal regular os diferentes campos específicos. Para garantir orzamentos (mínimo do 2% anual) e concretar vías de esixibilidade dos dereitos culturais. Para dar rango de ben básico á cultura e recoñecer a responsabilidade para con ela dos poderes públicos. Para desenvolver a función social da cultura na construción dunha sociedade máis igualitaria e xusta. Para manernos e ser no mundo, desde nós, coa cultura como fío para a vida mellor.

**coa cultura  
como fío para  
a vida mellor**

# POLÍTICAS CULTURAIS



\*Extracto do plan  
estratéxico da cultura  
do Concello de Ferrol.

Os dous principios que vimos plasmados na Constitución Española arredor dos dereitos culturais da cidadanía, a saber, o dereito de acceso e o dereito de participación, foron por vez os eixos sobre os que pivotaron os dous grandes paradigmas de política cultural nos países occidentais desde 1959. A creación ese ano do Ministerio francés de Asuntos Culturais, encabezado polo escritor André Malraux, supuxo a instauración dunha política de achegamento da creación artística a amplas capas da poboación mediante a implantación de casas da cultura nas capitais dos principais departamentos de Francia. Con esta medida descentralizadora facilitouse que moitas persoas non residentes en París puidesen ter acceso ás obras da alta cultura, aquelas producidas por artistas especializados. Foi o que se veu en denominar como “democratización da cultura”. A partir de maio de 1968 este modelo foi cuestionado en determinadas instancias por partir da consideración do cidadán como consumidor pasivo e por apoiarse nunha visión elitista e estreita da cultura. Así, na Declaración de México sobre as Políticas Culturais - MONDIACULT (UNESCO, 1982), propónse unha definición de cultura que excede aos marcos disciplinares das artes para abranguer unha mirada antropolóxica: “(...) no seu sentido máis amplo, a cultura pode considerarse actualmente como o conxunto dos riscos distintivos, espirituais e materiais, intelectuais e afectivos que caracterizan a unha sociedade ou un grupo social. Ela engloba, ademais das artes e as letras, os modos de vida, os dereitos fundamentais ao ser humano, os sistemas de valores, as tradicións e as crenzas”.

Como se pode observar, esta definición fai énfase na creación colectiva (con frecuencia anónima, fronte á visión romántica do artista individual) e incorpora dun xeito máis central ás culturas populares e das minorías. A clave do novo paradigma da “democracia cultural” será a participación das persoas e as comunidades no feito creativo, e en termos prácticos significará un reforzamento do proceso de descentralización iniciado con Malraux ao acometer a instauración de centros socioculturais de

proximidade en barrios e parroquias, así como apoiar ao tecido asociativo da cultura. Na mesma Declaración de México, no seu artigo 18, dise: “A democracia cultural supón a máis ampla participación do individuo e a sociedade no proceso de creación de bens culturais, na toma de decisións que concernen á vida cultural, e na difusión e desfrute da mesma”.

Anos máis tarde, no documento “A Nosa Diversidade Creativa” (1996), informe da Comisión Mundial da Cultura e o Desenvolvemento, abóndase nesta idea: “Os termos ‘creatividade’ e ‘expresión creativa’ utilízanse decote como eufemismos para apoiar ás artes profesionais e ás institucións do mundo das artes e o patrimonio. Certamente as artes profesionais e os artistas contribúen á vida estética de toda a sociedade, pero concentrar a atención unicamente neles pode dar como resultado o subdesenvolvemento do potencial creativo da comunidade e a perda das vantaxes de contar cunha poboación con inventiva”.

O que traducido en termos prácticos vén a significar que os destinatarios e destinatarias das políticas culturais deben ser a totalidade da poboación e non só o segmento artístico ou profesional. En 1998, a Conferencia Intergubernamental sobre Políticas Culturais para o Desenvolvemento (Estocolmo, 1998) reforza ese argumento:

“As políticas culturais deben promover a creatividade en todas as súas formas, facilitando a accesibilidade ás prácticas e experiencias culturais para todos os cidadáns, sen distinción de nacionalidade, raza, sexo, idade, incapacidade física ou mental, enriquecer o sentimento de identidade e plena participación de cada individuo e cada comunidade, e apoialos na súa busca dun futuro digno e seguro”.

Na actualidade ambas visións, a da democratización da cultura e a da democracia cultural, xa non se poden considerar antagónicas senón que conviven e fan parte, en proporción variable, de todas as políticas culturais dos países da nosa contorna e das administracións públicas españolas. O fomento do acceso da poboación

á creación artística, é dicir, a programación e os incentivos ao consumo, é combinada decote con medidas de apoio ao tecido asociativo, de formación cultural da cidadanía (non só a través do sistema educativo), de acompañamento e promoción dos novos talentos, de axudas a empresas e profesionais e, en xeral, de toda clase de estímulos á participación cultural das persoas e as colectividades.

## **Elaboración propia**

Neste contexto, e co obxectivo de que as políticas culturais beneficien a segmentos de poboación cada vez máis amplos, nos últimos anos agromou a preocupación sobre as barreiras que impiden ou dificultan que moitas persoas poidan consumir ou practicar cultura. A análise desas barreiras e as estratexias para derrubalas pasarán a ser unha peza esencial no deseño das políticas culturais. A Federación Española de Municipios e Provincias, no seu informe “Guía para a Avaliación das Políticas Culturais Locais” (2009) detalla algunhas delas (citamos literalmente):

- Barreiras económicas: as diferencias socioeconómicas na poboación poden facer que o acceso a determinados eventos culturais se restrinja a uns determinados segmentos a causa das diferentes sensibilidades da demanda ao factor prezo.
- Barreras comunicativas-informativas: a lingua, a cobertura da difusión, a forma de expresión da mensaxe, as canles polas que se transmite e os soportes concretos que se utilizan poden influír drasticamente no acceso á vida cultural.
- Barreiras culturais: as diferencias culturais entre grupos diversos, xa sexan étnicos, relixiosos, subculturas, grupos de idade etc. poden causar que o que é accesible e demandado por uns, segregue naturalmente aos outros.
- Barreiras de socialización: carencia de hábitos culturais adquiridos na socialización primaria (fundamentalmente familia e escola), que predispoñen favorablemente ao

feito cultural, condicionando o gusto e a percepción de que merece a pena e que non.

- Barreras psicológicas: debido a factores relacionados directamente coa psicoloxía do individuo, pode ocorrer que determinadas propostas culturais se perciban como non accesibles.
- Barreiras físicas: a falta de capacidade dos espazos e infraestruturas, a súa localización xeográfica, os medios de transporte, as barreiras arquitectónicas para discapacitados, etc. son factores que poden limitar o acceso á vida cultural local.
- Barreiras temporais: a incompatibilidade de horarios, a superposición de oferta etc. Inflúen de igual modo na accesibilidade.
- Barreiras de conforto: servizos auxiliares (gardería, aparcamento, etc.), climatización dos espazos, adecuado equipamento das infraestruturas, etc., poden actuar como factores disuasorios, limitando o acceso á oferta cultural.”

## **A CENTRALIDADE DA CULTURA NAS POLÍTICAS LOCAIS**

Desde hai canto menos dúas décadas, a cultura foi adquirindo un crecente protagonismo nas políticas municipais, cun incremento tendencial dos recursos económicos, materiais e humanos destinados a esta área. A este respecto, o informe da FEMP que vimos de mencionar sinala: “A cultura estase a converter cada vez máis no centro das políticas locais, gañando en peso relativo e visibilidade grazas a factores de índole económica, social, urbana ou intrinsecamente cultural (identidade, memoria, creatividade, coñecemento crítico etc.), ligados todos eles ao concepto de desenvolvemento”. A constatación dese rol destacado podémo-lo atopar na publicación en 2001 da obra de Jon Hawkes “The

**A cultura estase  
a converter  
cada vez máis  
no centro das  
políticas locais**

Fourth Pillar of Sustainability. Culture's Essential Role in Public Planning", na que o autor galés avoga porque a cultura sexa considerada o cuarto pilar do desenvolvemento sustentable, xunto coa economía, a inclusión social e o medio ambiente. En efecto, os impactos positivos da cultura no desenvolvemento dos territorios teñen sido subliñados por numerosos autores e organismos estatais e internacionais. Entre outros efectos, indícase que a cultura contribúe:

- Ao desenvolvemento económico, tanto a través das variables duras da economía (PIB, empresas, emprego cualificado) como das brandas (creatividade, innovación, espírito de risco...).
- Á cohesión social, por tratarse dunha fonte de sociabilidade, por propiciar o diálogo intercultural, por favorecer a integración ou apoderamento de colectivos vulnerables, ou polos seus efectos rexistrados na tolerancia ante a diversidade (Observatorio Vasco da Cultura: "Participación cultural en Euskal Herria: modos, causas e impactos", 2018).
- Á identidade territorial, por achegar marcos interpretativos da realidade desde a esfera local, por favorecer a autoestima colectiva e o orgullo de pertenza, por fomentar o arraigo á comunidade.
- Ao crecemento persoal dos individuos, ao fortalecer as súas capacidades e destrezas, ao mellorar a súa expresividade, ao exercer o seu pensamento crítico, e mesmo cun efecto tamén rexistrado na satisfacción coa vida (Observatorio Vasco da Cultura, ídem).
- Ao medio ambiente, por tratarse dun sector económico que opera con intanxibles (a imaxinación, a creatividade), na medida en que son recursos renovables.

A VISIÓN SOCIAL



## **A cultura é un dereito, unha visión social da cultura**

*Alberto García*

Hai uns anos un tal profesor Florida falounos das clases creativas, que sobre unha nova industria chamada cultural, xerarían tal valor engadido que as democracias occidentais atoparían na economía simbólica un suplemento á produción que a globalización levara para Asia. Unha década despois o propio profesor Florida pedía desculpas polas súas erróneas predicións e o sector cultural, cando menos neste entorno, non só non chegara a industria, senón que era unha mostra máis da cruel evolución do capitalismo cara a precarización xeneralizada da vida, a desregulación laboral constante e unha autoexplotación no traballo á que non só nos rendemos senón que incluso romantizamos sin rubor nas redes sociais.

Nesa festa do “desclase” que diría Jaron Rowan, estábamos instaladas antes do virus, aínda que xa soaban voces que defendían que ademais dun recurso económico lexítimo, **a cultura é un dereito** cidadán. A idea da cultura como dereito, recollida pola Área de Cultura da Deputación da Coruña, insistía baixo o lema que agora cumpre cinco anos, na necesidade de garantir os dereitos de acceso e participación na cultura, fundamentos por outra banda das liñas de axudas e das políticas culturais desta institución. Seguindo esta idea a Deputación lanza en 2018 unha xornada de reflexión sobre o binomio cultura-sociedade e a súa concreción na cultura participada pola cidadanía, que en GZ é referencial e está moi viva grazas a unha forte tradición comunitaria que favorece un ecosistema cultural fértil.

Paralelamente ao nacemento destas xornadas de reflexión que nos ocupan, comezaba a estar moi presente a verba **sustentabilidade**, ao abeiro da axenda 2030 e dos obxectivos de desenvolvemento sustentable que Nacións Unidas lanzara para afrontar os retos da nova década marcados polas emerxencias climática, económica e social. Todo isto veuse magnificado pola irrupción

dunha inesperada pandemia global que nos fixo reformularnos de golpe os nosos modos de traballo e vida, ate o punto que froito do confinamento que tivemos que sufrir, desde o eido cultural galego iniciamos unha reflexión máis elaborada que reunía as teorías dos dereitos culturais coas da sustentabilidade, formulando a tese de que o noso sistema cultural está máis preparado e conectado cunha cultura social e sustentable que cunha cultura grandilocuente, cara e pouco conectada coa cidadanía, que nos últimos anos simbolizara o edificio inacabado do Gaiás e as políticas culturais da Xunta.

## **Cultura e sustentabilidade**

*“A sustentabilidade en termos xerais avoga por repensar o desenvolvemento e o crecemento económico e produtivo como único paradigma da sociedade. As propostas da sustentabilidade falan da redistribución e relocalización dos recursos a partir de experiencias de protagonismo cidadá, que dean opción a outro tipo de relación entre medios, sistemas e modos de supervivencia. A sustentabilidade reformula polo tanto a produción cultural en termos de ecosistemas culturais onde diversos axentes entran e deben soste un ritmo de relacións nun contorno e cunha biodiversidade específica. O reto é non caer no colonialismo e no monocultivo das grandes corporacións globalizadas tamén na produción cultural. Evitar este sistema de grandes proxectos centralistas nos que non se permite a produción local e a biodiversidade. A sustentabilidade cultural proxecta a redistribución dos recursos, con outras lóxicas de xestión, coa redistribución dos orzamentos, con outros axentes e outros tempos e ritmos. Póñense agora en dúbida os macroeventos, as grandes programacións de alto custo, as grandes infraestruturas... a cultura transxénica”.*

Nesta adaptación do texto de *Transductores* atopamos unha posible definición da cultura sustentable, mais en GZ existen aínda moitos exemplos vivos desta visión da cultura. Dende o inmenso tecido do baile e a música tradicionais á economía social, coa

fórmula asociativa sen ánimo de lucro e a cooperativa como fórmula empresarial, somos un país de fonda tradición comunitaria e ecosocial, como sinala Fran Quiroga cando compara os usos tradicionais do agro galego coa cultura e propón un modelo “en extensivo” (fronte ao intensivo) onde se cuestionan termos como progreso, escala, produtivismo, grandes corporacións e outros termos que o modelo capitalista actual utiliza para posicionarnos como simples produtores ou consumidores de cultura, facéndonos esquecer por momentos, que a cultura é moito máis ca un ben de consumo.

“A cultura son prácticas simbólicas, éticas e tamén modos de facer. A cultura é o xeito que temos de relacionármolos, non só entre nós, senón con outras especies e coa propia terra... Se consideramos que o agro en extensivo non é só para producir alimentos, senón que tamén ten un impacto ecosocial, que incide e afecta ao territorio e tece unha serie de relacións, debéramos pensar no papel das institucións culturais, non só como meras provedoras de produtos culturais senón como lugares que afectan ao contexto e aos retos contemporáneos aos que nos enfrontamos”.

Necesitamos afondar nesta tradición de cultura sustentable para construír dende ela outro paradigma axeitado aos tempos, que reequilibre o modelo dos grandes edificios que non se puideron rematar, de sectores industriais que nunca chegaron a tal e dos macroeventos que consumen a maioría dos limitados recursos públicos cos que contamos.

O 1 de decembro de 2021 desenvolveuse en Boiro a xornada denominada “Cultura sustentable, o reto poscovid” pensando que o final da pandemia que removera as nosas vidas era bo momento para reflexionar e repensar se o paradigma cultural no que estábamos instaladas era susceptible de mellorarse. Mais esta necesidade de reflexión e relocalización naceu xa o 25 de abril de 2018, antes da pandemia, coas primeiras xornadas “A cultura é un dereito” da Deputación da Coruña, desenvolvidas no pazo de Mariñán e centradas no aspecto social da cultura.

O fundamento daquela actividade que logo se estendería durante cinco anos a un ciclo completo de xornadas sobre temáticas diversas era e segue sendo a reflexión continua sobre o modelo cultural que necesitamos.

Aquela primeira xornada desenvolvida en Mariñán situounos nos inicios do sistema cultural galego da etapa democrática, baseado no movemento asociativo, na visión educativa da cultura e no papel fundamental dos concellos para garantir o dereito de acceso a través da democratización cultural que non é outra cousa que o achegamento da cultura a toda a cidadanía, especialmente necesaria nun país con tantos núcleos diseminados de poboación como é o noso.

Falouse naquela xornada de que a base fundamental da cultura galega é a cultura amadora e participada, a cultura cidadá, “a cultura plebea” da que partiron fitos tan importantes no noso país como a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, o Festival de Ortigueira, o Fiot de Carballo, Cans, Pardiñas, San Sadurniño ou Carral por citar só uns exemplos.

Galiza ten unha implantación social da cultura moi alta, que vén precisamente desa tradición comunitaria tan forte, expresada entre outros exemplos no inmenso tecido de agrupacións de baile e música tradicional ou no sistema de organización das festas populares. Tamén de usos e dereitos da vida comunitaria e rural na que se basea a nosa historia, como a propiedade mancomunada dos montes ou os sistemas de regadío da terra.

Esta tradición de formas de vida e traballo comunitario, fai de Galiza un territorio propicio para desenvolver a lóxica dos **dereitos culturais**. O dereito a participar en cultura (e na vida comunitaria) está aquí moi presente aínda hoxe en día. O dereito a participar, xunto co dereito de acceso son a base dunha fundamentación social do feito cultural, complementaria á sectorial ou economicista na que tanto se nos insistiu nos últimos anos. “Coa cultura pasounos que ao concibíla habitualmente como unha actividade

de ocio e un entretemento secundario para a vida, como un mero obxecto de consumo e como unha práctica profesional (un traballo) propio de xente creativa (os da cultura), fómola afastando do eido dos dereitos humanos ate que chegou o momento no que, de non exercer o dereito á cultura, esquecémonos del” di Jazmín Beirak.

As xornadas *A cultura é un dereito* pretenden lembrar que a cultura, ademais de ser unha fonte de emprego e de economía que medra constantemente pola súa potencialidade simbólica, é sobre todo un dereito cidadá recollido en multiplicidade de normas, entre as que se atopan a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia. E que ademais (importante !!) a visión social da cultura está moi permeada xa na sociedade galega, polo que sería máis sinxelo por esta vía chegar a conseguir nun contexto coma este de democracia cultural, algo que sería fundamental para nós: a consideración da cultura como **ben esencial**.

Na actualidade existe unha clara corrente no Estado español e noutros lugares do mundo a favor da aprobación de **leis de dereitos culturais**, o que nos reforza na idea de que o paradigma das políticas culturais públicas está mudando cara a unha visión máis social da cultura, non tan centrada no relato dominante ate este momento, expresado en terminoloxía tan xeneralizada como industrias culturais, produtos culturais, consumos culturais, turismo cultural, etc. todos eles termos mercantís que achegaban a cultura ás lóxicas do mercado, esquecendo ás veces que a cultura é un dereito prestacional que por lei está garantido polo Estado.

Tony Murphy, un dos impulsores da Lei do sistema público da cultura de Canarias, aprobada neste mesmo 2023, di que a corrente actual de xeración de leis de dereitos culturais parte da constatación dun certo fracaso, no senso de que os sistemas culturais desenvolvidos nos últimos anos, teñen acadado cifras de representación no PIB e na porcentaxe de emprego moi salientables, mais non teñen gañado o recoñecemento social de ben esencial e indispensable que si teñen outros sistemas públicos. Proba diso é o exemplo que utilizan as impulsoras da lei de dereitos cultu-

rais de Madrid, cando falan de que os recortes en educación ou sanidade produciron manifestacións multitudinarias que reúnan a profesionais, usuarias e cidadanía en xeral que ve afectados os seus dereitos, mentres que os recortes en cultura “simplemente” producen reivindicacións do sector profesional, amosando ás claras que as persoas usuarias do sistema público de cultura non entenden imprescindibles os servizos culturais e non entenden a cultura aínda como un dereito do que se lle pode privar.

Podería entenderse entón que a cidadanía aínda non ten suficientemente incorporada a idea de que a cultura é un ben esencial e un dereito recoñecido, a pesar dos inxentes esforzos e orzamentos que se teñen investido nos últimos 40 anos. E isto logo dunha pandemia e dun confinamento no que recorremos de forma masiva á creatividade e ao consumo de cultura como auténticos salvavidas para aquel momento crítico.

Podería constatarse tamén a carencia de valoración política do sistema público de cultura observando que nin os máis altos cargos encargados do sistema cultural crían ate este momento en que a cultura debía estar considerada como un servizo ou ben básico. Así o deixou claro a frase do ministro de Cultura do Psoe Rodríguez Uribe no momento da pandemia: “primeiro a vida e despois o cine”.

Porén, Galiza ten moito potencial para acadar o recoñecemento social da cultura como ben esencial e polo tanto, para que as políticas culturais que se desenvolvan produzan retornos e impactos non só sectoriais (para os profesionais) senón para toda a cidadanía. Impactos e retornos amplos, de educación e transformación social, que nos axuden a evolucionar e enriquecer os nosos modos de vida.

En GZ habitamos o territorio de forma similar a hai un século, con moitos núcleos de poboación dispersos, con poucas cidades grandes e coa memoria moi fresca aínda sobre os modos de vida comunitarios.

Para os habitantes dun municipio galego de tamaño medio é posible que a programación cultural do seu concello non sexa esencial e imprescindible, mais para a veciñanza dese concello si que se amosan importantísimas por exemplo, as celebracións comunitarias -as festas- que ofrecen vivencias comúns das que participar con diferentes graos de implicación, desde o simple goce á xestión compartida.

As comisións de festas, as asociacións culturais ou as veciñais son artefactos de **participación cidadá** que sustentaron a cultura galega durante moitos anos. Que axudaron a construír cidadanía activa e polo tanto favoreceron o desenvolvemento democrático, pero que ademais achegaron o feito cultural á xente, en canto fixeron a cultura importante para a vida a través da implicación nela.

Poderíase pensar entón que as políticas únicas de programación cultural e a idea dominante de entender a cultura baixo unha lóxica capitalista de produción e consumo non levaron aínda a que a cultura fora entendida socialmente como indispensable.

Nas últimas décadas houbo avances enormes e necesarios na profesionalización do sistema cultural, e nas porcentaxes de emprego (sen entrar no tema da precariedade) que acadamos. Avances moi valorables mais que non conseguiron polo momento os niveis de consideración social que acadou historicamente o feito cultural entendido como elemento de construción de comunidade, que transcende claramente á concepción da cultura como ben de consumo. Ambas visións por suposto NON son excluíntes, mais paga a pena compensalas, reequilibralas e non centrar as políticas só nunha delas se queremos avanzar nos nosos obxectivos.

É por isto que falamos nas xornadas “A cultura é un dereito” durante estes cinco anos dunha VISIÓN SOCIAL DA CULTURA, da CULTURA COMO UN DEREITO, dunha cultura SUSTENTABLE, en IGUALDADE, ACCESIBLE, falamos de servizos básicos coma os de BIBLIOTECAS, MUSEOS LOCAIS, políticas de MEMORIA, TEATRO, DANZA, MÚSICA ou POESÍA. Falamos de moitos termos

que recompilados neste caderno queren servir de reflexión para actualizar entre todas un sistema cultural que nos axude a afrontar os retos que veñen, que son moitos, non só para a cultura, senón para os nosos modos de vida.

Pretendemos reflexionar sobre un novo paradigma pensado desde a centralidade da cidadanía e da importancia que esta lle dá ao feito cultural, pensado desde un sector profesional san e cada vez máis dotado, desde o dereito a unha creación propia que nos defina e nos proxecte ao mundo e desde unhas políticas públicas que invistan os cartos de todas nós da forma máis xusta e eficiente.

Ese é o obxectivo do exercicio de pensamento colectivo recollido neste caderno, e non é pouco.



· XORNADA ·

CULTURA E SOCIEDADE EN  
GALIZA: INICIATIVAS E  
EXPERIENCIAS

25 de Abril 2018

Pazo de Mariñán, Bergondo

VÍDEO:  
CULTURA E SOCIEDADE



ORGANIZA



COLABORA

# PROGRAMACIÓN DA XORNADA

## XORNADA DIRIXIDA A PROFESIONAIS, ESTUDANTES, COLECTIVOS E PERSOAS DA CULTURA EN GALIZA

**10:00 horas.** Benvida e presentación da xornada, a cargo de Goretti Sanmartín, vicepresidenta da Deputación da Coruña e deputada de Cultura e Alberto García, presidente da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC).

**10:15 horas.** Construír sociedade desde a cultura. A experiencia do asociacionismo e o activismo cultural en Galiza.

- Ricardo Gurriarán, comisario da exposición *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*.
- Alfonso Blanco, fundador e impulsor da Asociación Cultural Xermolos e do Festival de Pardiñas.
- Xesús Ron, integrante da compañía Chévere e participante da plataforma Burla Negra.
- María Xosé Bravo, presidenta da Asociación Cultural Alexandre Bóveda.

*Moderador: Iván García, docente de Ciencias da Educación na USC.*

**11:30 horas.** O pobo (é quen máis ordena) na cultura.

- Almudena Vega Hermida, presidenta da Asociación O Castelo de Narahío do Río Castro (Festival do Río Castro)
- Fran Quiroga, investigador en cultura e participación social.
- Uga Pedreira, artista (Chouteira, Marful, Noente Paradise) e coordinadora do Coro da Mariña.

*Moderador: Daniel Cánovas, técnico do Padroado da Cultura do Concello de Narón.*

**12:15 horas.** Pausa-café.

**12:45 horas.** 10 anos de AGPXC. Evolución da xestión cultural. Perfis profesionais da cultura.

- Pilar López, técnica de cultura do Concello de Foz.
- Héctor Pose, Grupo SEPA-Interea.
- Xavier Campos, xestor cultural da Deputación da Coruña.
- Julio Gómez, director de Sinsaludío.

*Moderador: Alberto García, presidente da AGPXC.*

**14:00 horas.** Xantar.

**16:00 horas.** Experiencias culturais locais. Presentación de proxectos do Banco Galego de Boas Prácticas en Xestión Cultural.

- San Sadurniño. *Fálame de San Sadurniño*. Presenta Carmen Nieto.
- Arteixo. *Feira Histórica 1900*. Presenta Sonia Iglesias.
- Carral. *Fotos para as mil historias de Carral*. Presenta Carlos Lorenzo.
- Muros. *Muros mira ao mar*. Presenta Madó Santos.
- Carballo. *FIOT Carballo*. Presenta Carmen Castro.

**17:30 horas.** Peché da xornada.

A asistencia é gratuita e o aforo limitado. A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin na páxina web:

[www.aculturaeundereito.gal](http://www.aculturaeundereito.gal)

## **Xornada XI**

# **Cultura sustentable, o reto postcovid**

Comisariado: Alberto García Sánchez

 **1 decembro 2021**

 **Centro Social  
de Boiro**

Antes do virus estábamos instalados no “pensamento único” das industrias culturais que trasladaban unha idea de cultura entendida exclusivamente en termos economicistas (industria, consumo cultural, produtos culturais). Nesta era Covid, que tamén debера ser de reflexión e replantexamento das formas de facer, aparecen institucións como a Deputación da Coruña que nos lembran que a cultura, ademais dun recurso económico lexítimo é un dereito cidadán.

Esta xornada de cultura sustentable, enmarcada na liña “A cultura é un dereito” da área de cultura da Deputación da Coruña insiste na idea de que outra cultura é posible. Unha cultura sustentable economicamente, lóxica e que aplique criterios de distribución baseados na equidade. Unha cultura sustentable socialmente que teña moi en conta o ecosistema cultural, onde a cidadanía, a creación amadora e a participación son aspectos imprescindibles e complementarios á cultura entendida como industria. Unha cultura tamén sustentable ambientalmente, neste intre de emerxencia climática e vital que atravesamos.

En definitiva queremos reflexionar sobre as formas de traballar en cultura a partir de agora, tendo en conta o momento que vivimos, o marco da axenda 2030 e tamén as nosas características e potencialidades propias como sistema cultural, que ademais encaixan á perfección coas diferentes dimensións da cultura sustentable como paradigma de futuro.

Todas as intervencións retransmitiranse en streaming a través da canle de Youtube: Cultura Deputación da Coruña.

Tamén contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.

### **VÍDEO:**

*Cultura sustentable: o  
reto postcovid (vídeo  
resumo)*



## **PROGRAMACIÓN DA XORNADA**



**1 DECEMBRO**

**16:00 h**

**Presentación institucional da xornada. As dimensións da cultura sustentable.**

**16:20 h**

**Debate inicial Sustentabilidade ambiental vs. Greenwashing.**

Participan: María Baqueiro, (pacto por unha cultura sustentable en Galicia)/ Joam Evans, (comunidade de montes de Froxán) / Conduce: Miguel Rial, colectivo Fousas ao Monte.

**17:10 h**

**Presentación de casos. Proxectos sustentables.**

A cargo de Fran Quiroga (estudo de cultura e sustentabilidade CCG), cos casos presenciais: Laboratorio Ecosocial do Barbanza / Festival Agrocuir

**17:45 h Descanso** — café con AldaoLado

**18:00 h**

**Mesa Redonda Sustentabilidade política. Os valores que traslada a cultura.**

Participan: Rexenerando Cooperativa / David Rodríguez "O funambulista Covo" / Conduce: Charo Lopes (Novas da Galiza)

**19:00 h**

**Cuarta parte. Sustentabilidade económica. A precariedade no sector da cultura.**


Conversa entre Sergio Lago, María Yáñez e Alberto de Boiro sobre o "manual de supervivencia na cultura galega".

**19:30 h Peché** — con AldaoLado













# BEN COMÚN E DEREITOS CULTURAIS



Sabemos que, cando falamos de cultura, estamos ante un concepto amplo, aberto, mutable, diverso, complexo, inesgotable. “A cultura fai o que somos”, e as persoas (o humano) somos por definición un proxecto inacabado. Este carácter inesgotable da cultura, a súa natureza inapresable e mutante, lonxe de ser un problema, é a chave da que se extrae a súa radical potencia transformadora para as persoas, comunidades e territorios, a súa capacidade de outorgar e ensanchar as nosas liberdades e definir modos de convivencia, pois a cultura amplía e afonda a nosa experiencia sensible e polo tanto a nosa capacidade de relacionarnos co mundo, de comprendernos ou imaxinar outros posibles.

Isto non quere dicir que esteamos perante un concepto digamos lixeiro, neutro, baleiro. Nada máis lonxe. Falamos das expresións, obxectos, prácticas, relacións e experiencias estéticas que ordenan e constelan (a través dos cales creamos) imaxinarios e universos simbólicos, modos de percibir e habitar o mundo, de representar e de intervir nas nosas realidades. Falamos da cultura comunitaria, a práctica artística, o exercicio ou expresión creativa, as programacións e os espazos culturais, o patrimonio material e inmaterial, os saberes e tradicións, a lingua propia, o desfrute estético, a identidade e a diversidade cultural. Falamos, en definitiva, da cultura como ben común.

Hoxe temos superados os vellos debates de forza entre alta e baixa cultura. Sabemos que a cultura non é (non pode ser) unha cuestión de clases ou de distinción social, aínda que hoxe permanezan desigualdades no acceso a determinadas áreas ou espazos. Temos tamén superado o falso enfrontamento entre a visión ilustrada da cultura como asimilada unicamente á arte elevada (e menos a un conxunto pechado de disciplinas artísticas) fronte á visión da cultura puramente antropolóxica (asociada a todos os tipos de prácticas, valores, costumes e modos de vida de cada época ou sociedade). Nin a cultura é soamente unha cousa elitista ou saber exclusivo de expertos, nin é soamente construto

de identidade autorreferencial ao servizo da diferenciación. Sabemos, tamén, que a cultura non é unicamente produto de entretemento e evasión vinculado ao ocio (cultura de masas), por moito que o consumamos. No relativo á equiparación da cultura ás chamadas “industrias culturais”, que aínda arrastramos en gran medida, é dende os anos 70 e 80 do século XX que comeza a espallarse esta noción vinculada á mercantilización da actividade cultural e á súa inscrición no sistema capitalista, aglutinando durante anos a maior parte das políticas públicas e dos recursos socioeconómicos baixo as lóxicas de produción e consumo cultural, sometidos á obtención de beneficio económico e cuantitativo antes que social ou cualitativo.

Sabemos, polo acontecido nas últimas décadas, que o protagonismo case exclusivo deste modo de entender a cultura, atravesado por lóxicas mercantilistas, ten producido grandes estragos, depauperando por unha banda os axentes erixidos como actores (temos un sector artístico e profesional precarizado) e producindo por outra banda un sistema hexemónico de expresións culturais e de modos de vivir a cultura, carente en gran medida de diversidade e alteridade. Un sistema que colocou á maior parte das persoas nun rol predominantemente pasivo ou consumidor (separación sociedade-cultura) e relegou a espazos pequenos e posicións minoritarias facetas importantes da cultura e das nosas vidas en común: a necesidade de alimentar unha cultura comunitaria, a atención debida ao coidado do patrimonio inmaterial e ás identidades culturais das minorías, a presenza da diversidade cultural nos espazos públicos, a atención ás desigualdades no acceso á cultura... ou unha infinidade de modos alternativos de creación, experimentación e produción artística que demandan outros tempos, temas, relacións e axentes. Dimensións da cultura que, nas últimas décadas, se teñen mantido como espazos de resistencia, non sen dificultade e sen sufrir importantes perdas polo camiño.

Todo ese conxunto de prácticas alternativas á lóxica industrial, aínda que poidan ter sido desatendidas polo sistema imperante, son cultura e nunca deixaron de operar como tal. Falamos, por exemplo, das chamadas institucións do común, que son ás

veces apoiadas ou recoñecidas formalmente, pero que tamén operan fóra dos marcos. De sempre, as institucións públicas (e os mercados) conviven con moitas outras formas de institucionalidades que pon en marcha a sociedade civil organizada. O común, pode ser un común parcial, é dicir, dunha comunidade que xestiona recursos ou prácticas comunitarias que lle son propias. Recoñecer e protexer esas existencias particulares e singulares é importante. Poñelas en relación con outras, tamén. Pola súa banda, o concepto do público é máis amplo, debe prestar servizo a toda a cidadanía. Pero iso non equivale a que todas as cousas e asuntos públicos deban ser necesariamente “para todo o mundo”. Atender a todos é atender as maiorías e as minorías. As institucións deben protexer en primeira instancia a esfera pública, pero sempre entendendo que dentro dela acontecen tamén as lóxicas do común e as expresións particulares. A cidadanía tamén ten nas súas mans reclamálo, defendelo, provocalo, apoialo. Para que funcionen as normas e políticas culturais, cómpre entender que son as comunidades as que se dotan delas e que teñen que resultar útiles ás fins coas que se establecen: o espírito da norma ten que prevalecer sobre o criterio técnico e, sobre todo, ten que servir á realidade. Defender socialmente o espírito e vixiar a utilidade das normas e institucións culturais é fundamental, pois a desregulación non é igual a (ou non necesariamente) liberdade, senón que pode levar a abandonos importantes, ou no peor dos casos a ocupacións ilexítimas ou interesadas dos espazos sociais. Restituír a importancia da institución pública, atendendo o servizo último que debe prestar, é a vía para que non sexan o desmantelamento e o abandono as respostas ao cansazo, a precarización e a burocratización das vidas. Máis adiante volveremos sobre a cuestión das leis e normas culturais.

Agora ben, a práctica artística e cultural precisa tamén de áreas non reguladas, abertas á imaxinación. O común, cando xera as súas propias institucións e lóxicas internas, pode chocar coas lóxicas ou regulacións administrativas e públicas, pois poden ser diferentes. Que a administración saiba ler isto, adaptarse, manterse flexible e dar resposta, é fundamental no ámbito cultural. Que o común manteña zonas de resistencia, cuestionamento e disidencia, como son por exemplo os espazos autoxestionados

e as zonas autónomas, tamén. É nelas xeralmente onde máis se produce a innovación e transformación social. Asumir estas relacións, cos seus choques e problemáticas, facelo con creatividade e no entendemento de que ambas esferas son absolutamente necesarias, é crucial.

Pero falemos de cultura. Tras varias décadas interiorizando a noción capitalista da cultura, a sensación de que a cultura é unha cousa un tanto allea, limitada ao tempo libre e producida por outros (“a xente da cultura”), ten levado a unha situación de escasa ou parcial importancia social, como se fose de carácter accesorio ás nosas vidas, da cal é difícil esperar mobilizacións xerais. Porén, a cultura determina as nosas vidas. Máis alá da visibilidade ou identificación social das distintas prácticas como “cultura”, o certo é que vivimos inmersos nela, rodeados de prácticas que son culturais. Producímolas nós constantemente. E tamén está permanentemente no contexto que nos rodea, repleto de códigos estéticos, narrativas, relatos e modos de ordenar as vidas.

A noción da cultura como ben común permítenos situala (devolvéla a) nosas vidas cotiás, nunha relación ordinaria e dotada de axencia, e facer fronte aos perigos de encaixar a cultura nunha función instrumentalizadora, de poñerlle límites. Recoñecer que as prácticas culturais sempre desbordan eses límites. Unha noción da cultura que, por suposto, inclúe a especificidade das linguaxes e prácticas artísticas e aos axentes culturais profesionais, cuxa relación coa cultura se establece en termos creativos pero tamén económicos. A economía da cultura pode e debe darse, pero cómpre entendela como unha economía de tipo social, pois atende a un ben común. O cal reforza a idea de que as políticas culturais se orienten á garantía e protección dos dereitos culturais das persoas e comunidades; dereitos a expresarse creativamente, a acceder e desfrutar da cultura e a participar na súa construción. Canto máis presente estea a cultura nas nosas vidas, maior vitalidade poderá ter o sector económico cultural, e viceversa. Canta máis diversidade e pluralidade incorporemos nela, máis rico será o ámbito profesional, maiores as súas oportunidades.

Actualmente, a noción de cultura como ben común adquire cada vez máis forza nos debates. Non é unha idea nova, pois o recoñecemento da cultura como ben común e o dereito á cultura como dereito fundamental introduciuse nos nosos sistemas xurídicos dende aproximadamente mediados do século XX (a Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1949 recolleu o dereito á cultura no seu artigo 27, recoñecido tamén no artigo 15 do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais), definíndose a súa extensión nas décadas seguintes (a Declaración de Friburgo de 2007 desenvolveu amplamente os dereitos culturais). Podemos dicir que é no S. XXI cando movementos cidadáns, axentes profesionais e políticas públicas comezan a virar verdadeiramente a atención cara a estas nocións. Falemos, pois, de cultura.

### **A cultura como ben común no centro da vida**

A cultura é produto de todas as persoas e ten, por iso mesmo, que ser para todas. Ese é o propósito ou mandato principal da democratización cultural, entendida dende a súa lóxica de xustiza e equidade social. A democratización cultural, é dicir a garantía e promoción do acceso á cultura, é unha condición necesaria para que a cultura non se vexa subtraída a intereses privados ou privatizantes, nin limitada ou excluín-te, e para que poida despreñar a súa relevancia a nivel social. Pois son xustamente as visións instrumentais e parciais da cultura, as que teñen relegado a súa importancia social a pequenas esferas de intereses e lugares estreitos de desfrute. Co conseguinte problema asociado que vimos arrastrando: a falta de masa crítica social á hora de defender unha cultura viva, diversa, rica, transversal. Volveremos sobre isto.

A cultura, dicíamos ao inicio, está relacionada coa experiencia sensible como intensificación da vida, que é sempre (inevitavelmente) vida en común. A presenza da cultura na vida cotiá contribúe a unha sociedade máis xusta, aberta e feliz. Constrúe a intelixencia individual e colectiva. A vida digna pasa, entre outros aspectos, pola implicación na vida cultural. **Precisamos recoñecer e reclamar o papel esencial, nuclear, central que ocupa a cultura nas nosas vidas** e, polo tanto, nos procesos de construción, transformación, desenvolvemento e cohesión social (que, como non pode ser doutro modo, inclúen procesos individuais e os transcenden). Un papel que é vertebrador e dinamizador do territorio, sexa rural, urbano ou intermedio. A posibilidade da

afirmación e do disruptivo reside na vida cultural. Volveremos tamén sobre isto.

**Falemos de territorio, espazos e contextos culturais.** Un territorio particular xera cultura (constrúe relacións, modos de habitar e universos simbólicos, identidades colectivas e particulares, subxectividades e consensos). Pola súa vez, a cultura articula, cuida e transforma un territorio. É un sistema vivo: preservar as condicións endóxeas dun territorio á vez que posibilitar a circulación das condicións esóxeas é clave cando pensamos no cuidado da cultura como ben común. Pensemos, por exemplo, na importancia de protexer a lingua propia, os costumes, as tradicións, a natureza e a paisaxe autóctona. E na importancia de facilitar que todas estas se poñan en relación con outras. Un territorio é, necesariamente, cultural, máis alá dos espazos institucionais que reserve para a cultura. Non é (ou non soamente) a tipoloxía de espazo o que define o seu carácter cultural, senón o que alí pasa e nos pasa. Unha praza pode estar chea de cultura viva e un museo pode estar morto, e viceversa. A mesma análise podemos trasladala aos espazos e contornas dixitais e ás relacións, contidos e formas virtuais que neles atopamos. Recoñecendo o carácter cultural de calquera territorio, a existencia e defensa de espazos específicos para a cultura contribúen á súa vitalidade. Tanto se pensamos en espazos de cultura comunitaria, como en espazos para a arte, é fundamental que neles exista unha alimentación continua do proceso dialéctico de preguntas e respostas, que sexan habitados e que permitan usos diversos. Museos, teatros, bibliotecas, prazas, centros culturais... como espazos abertos a probar, experimentar e innovar; tamén a rescatar memorias, reunir e reinterpretar. O acontecemento conformador e revelador: así funcionan arte e cultura, na bisagra da comprensión e o estrañamento. Para darse este acontecer, a creación, apertura e mantemento de espazos de posibilidade (que non contedores), é esencial. De nada serve ter un centro cívico ou un museo de arte se este se limita a reproducir formas 'prefabricadas', se non podemos pensalo e habitalo. Os espazos culturais requiren para isto de recursos (económicos, humanos), pero tamén de coidados, de alternar o coñecemento específico e a participación alí onde sexan necesarias

**Falemos das maneiras en que nos relacionamos con ela.** Que a cultura nos permita tanto afirmarnos como pensar de modos alternativos aos que empregamos no día a día, non quere dicir que deba ser algo excepcional, máis ben ao contrario: necesitamos exercer ese proceso de afirmación e de revisión de maneira continua. Nunhas sociedades como as actuais, que ameazan con múltiples fracturas e están atravesadas pola lóxica da supervivencia individual, levar a cultura (e o seu proceso dialéctico) ao centro das vidas, recoñecer o seu papel como marco referencial para a convivencia, é contribuír ao benestar social. A superación das crises que atravesamos e a resposta aos retos contemporáneos non poden prescindir deste ‘situar a cultura no centro da vida’, que nos axude a pensar libre e criticamente, a construír significados, novos códigos compartidos, narrativas, relatos, a experimentar e mellorar os modos de convivencia.

A efectos prácticos, para analizar e entender o grao de implantación da cultura no noso territorio, podemos preguntarnos cousas como: a cantos tipos de actividade cultural podo acceder? con que frecuencia o fago, con que medios e rodeada de quen? como de variados son os referentes culturais do meu territorio? en que tipo de espazos (físicos ou non) se produce cultura e de que tipo? onde están as persoas que desenvolven prácticas artísticas e creativas e como logran operar? cales son os colectivos adicados á cultura popular e cal o seu recoñecemento e repercusión social? cales son as institucións formais (organismos culturais públicos) e como funcionan? cales as institucións non formais? É na posibilidade da participación ou implicación na cultura, e na calidade desa participación, onde podemos colocar un termómetro para analizar a vitalidade dun contexto cultural e da nosa relación con el.

Resulta urxente situar a cultura no centro da vida e, para iso, precisamos que a cultura sexa un asunto de interese social xeral como son, por exemplo, a sanidade, a educación, a vivenda, etc. Se queremos que a cultura saia dos marcos estreitos (sectorial, de mercado, elitista, politizado, etc.) e teña unha presenza transversal na sociedade, temos que construír un consenso sobre o

**Precisamos  
recoñecer e  
reclamar o papel  
esencial, nuclear,  
central que ocupa  
a cultura nas nosas  
vidas**

seu carácter básico e irrenunciable, abandonar esa importancia secundaria na que está actualmente e colocala no centro das axendas. Devolvela ao marco de relevancia ao que pertence. Os seus problemas e potencias teñen que pasar a ser asunto de todas as persoas pois, **sexamos máis ou menos conscientes disto, eses problemas e potencias sempre afectaron e contiñúan afectando ás vidas de todas. As prácticas e expresións culturais ás que temos acceso (e aquelas ás que non) funcionan xa como mecanismos da nosa organización individual e social.** Non podemos, polo tanto, renunciar a este lugar central, pois a degradación da cultura empobrece as nosas vidas, supón unha ameaza que nos relega a marcos de representación hexemónicos ou limitados. Pola contra, a súa defensa abre mundos posibles para a construción persoal e colectiva.

Problemas como a precariedade estrutural das artistas e do sector profesional, o uso propagandístico ou as inxerencias políticas nas actividades e programas culturais, o peche ou desmantelamento de espazos e organismos, a diminución de orzamentos, a homoxeneización e burocratización das prácticas culturais, as restricións de uso dos lugares públicos, a degradación do patrimonio material e inmaterial, o abandono da lingua, o illamento e descoido das expresións minoritarias... e un longo etcétera, son asuntos que demandan dunha atención social e non soamente sectorial. Hai varias vías para acometer esta tarefa urxente e necesaria, e todas elas se retroalimentan.

Por unha banda están os **procesos de concienciación individual e colectiva**, de introducir a cultura no diálogo e debate social. (Falemos de cultura!). Estes procesos poden producirse nos espazos xa denominados culturais (museos, bibliotecas, teatros... onde cabe reclamalos) pero dende logo tamén teñen que transcendelos. Movementos impulsados por colectivos pero que se estendan máis alá para chamar a un activismo xeral, como as campañas polo 2% cultural, poden axudar a situar 'asuntos culturais' de tal modo que toda a sociedade os faga propios. Espazos autoxestionados, asociacións e institucións do común alimentan en gran medida estes procesos e fano dun modo múltiple: colocándoos na vida de barrio, conectando xeografías ou operando nas con-

tornas dixitais. Os medios de comunicación e redes sociais teñen tamén un papel esencial nesta sensibilización da opinión pública, así como a presenza da cultura nas esferas educativas de modo transversal. Precisamos que a nosa actitude non sexa soamente reactiva, senón proactiva.

Por outra banda teñen unha importancia fundamental o recoñecemento e protección **dos dereitos culturais e o desenvolvemento de leis e políticas públicas** que lles sirvan de instrumento de garantía e exercicio. Polo xeral, as leis autonómicas existentes ata agora en materia de cultura atenden a áreas parciais desta, como a protección do patrimonio cultural. As recentes iniciativas legislativas autonómicas en prol dunha protección integral da cultura e os dereitos culturais (algunhas xa promulgadas, como as de Canarias ou Navarra, e outras en marcha), marcan un camiño esperanzador que cómpre atender e seguir de preto. O traballo arredor do Estatuto do Artista supón tamén un horizonte necesario cuxa conquista non se pode descoidar e que, afectando en esencia ás traballadoras e traballadores culturais (vía adecuación e mellora das condicións laborais, fiscais para a defensa e protección xeral da profesión), terá o seu claro reflexo no sistema cultural no que vivimos todas as persoas. Atopamos tamén novos modelos de protección e garantía da actividade artística no ámbito internacional, como a renda básica para artistas que puxo en marcha o Goberno irlandés en 2022. En 2021, a Eurocámara pediu por primeira vez un “estatuto europeo do artista” que estableza un marco común para as condicións laborais e estándares mínimos para todos os países da UE. Estase falando de cultura!

## **Os dereitos culturais**

Na Constitución española, o dereito á cultura está proclamado no artigo 44 do capítulo III, que establece que “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”. A súa definición complétase habitualmente en relación con outros preceptos constitucionais: o artigo 46 (sobre o deber dos poderes públicos de conservar e promover o patrimonio histórico, artístico e cultural), o artigo 20.1-b (que recoñece a liberdade e o dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica) e os artigos 9.2 (relativo ao dereito á participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social) e

o artigo 23 (relativo ao dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes). O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle a competencia en materia de cultura que recae na Comunidade Autónoma (artigo 27.19), á que “corresponde a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego” (artigo 32), e recoñece a obriga dos poderes públicos de Galicia a “facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social” (artigo 4) e a garantir o dereito á lingua propia, así como a potenciar o uso do galego na vida pública, cultural e informativa (artigo 5) .

Afinemos máis no termo. Son tres as dimensións que caracterizan o dereito da cultura no noso sistema: é un dereito de prestación, de liberdade e de participación.

Como dereito de prestación, enténdese o **dereito de calquera persoa a acceder á cultura**, o que significa que os poderes públicos teñen que facilitar e promover dito acceso, eliminando as barreiras que poidan existir, e custodiando o patrimonio cultural de tal modo que poidamos desfrutar del. A democratización cultural implica o acceso universal, e este acceso universal leva implícitos o recoñecemento da diversidade e a inclusión da pluralidade, da diferenza. Por iso falamos, habitualmente, do dereito de acceso a unha cultura diversa.

A **liberdade de creación e produción cultural e artística** significa que as persoas temos o dereito de acceder á actividade creativa de forma igual e libre. Son esas as condicións de igualdade e liberdade as que deben ser garantidas e vixiadas polas institucións públicas, con obxectividade e neutralidade.

O **dereito da participación** nos asuntos públicos esténdese tamén á cultura, o que significa que a cidadanía ten o dereito de participar na definición das políticas culturais. A participación pode realizarse a través de diferentes canles máis ou menos directos ou representativos (delegados), pero ten que funcionar, en calquera caso, como unha forma de lexitimación democrática e non como instrumento de lexitimación dun interese político particular.

Como se fan efectivos estes dereitos? As administracións públicas poden levar a cabo o seu labor de fomento e protección da cultura de varios modos, os cales funcionan mellor na súa convivencia. A través dunha prestación directa (as programacións públicas), fomentando a actividade privada dos axentes sectoriais (o sector profesional incluída a comunidade creativa), e sen esquecerse de albergar tamén os mecanismos de acceso aos recursos e espazo e as medidas de protección e atención en favor dunha verdadeira cultura comunitaria. Así, os modelos de políticas públicas e de xestión e colaboración cultural, precisan atender hoxe especialmente dúas dimensións: por unha banda, a da **proximidade e a creación de redes** ou relacións nun entorno global; e por outra banda, a da **participación ou implicación**, para avanzar nos procesos, narrativas e conexións que conforman unha cultura rica, á altura dos retos actuais.

A **proximidade** alude ao local, pero non só. Significa **cultura próxima á vida das persoas**. Isto pasa, entre outras cousas, por promover, facilitar e garantir o acceso á cultura no núcleo e nas periferias, que non equivalen (non só) a cidade e contornas rurais, pois como ben sabemos existen centros e periferias en cada territorio. Pensemos, nun sentido máis amplo, en atender e dar cobertura aos ecosistemas, pois esta idea responde mellor ao carácter relacional da cultura, que fai que esta opere ao modo de redes, tecidos ou vasos comunicantes. Os dereitos culturais deben operar en todas esas esferas, poñéndolas en relación. Superando as polaridades tradición vs modernidade, rural vs. urbano, e local vs. global, incluso lentitude vs. aceleración, popular vs elevado ou académico. Considerando estas tensións pero sen estancarnos nelas, atopamos realidades híbridas, complexas, múltiples, diversas. E tamén zonas definidas pero nas que se producen continuas entradas e saídas, é dicir, que son porosas e non exclusivas ou estancas. Importa conectar a riqueza do patrimonio material e inmaterial coas expresións e manifestacións contemporáneas. Discursos actuais, ollo, son todos os que serven ao presente. En Galicia, por exemplo, vivimos un momento efervescente no que se refire á negociación e reinterpretación das expresións populares

e tradicionais (o noso acervo) dende lóxicas, formas, valores ou discursos-manifestacións contemporáneas: recorremos ao legado, reinterpretamos, poñemos en valor ou en crise. Vémolo na música, na escena, na poesía e literatura, pero tamén nos modos de vida e en gran parte do activismo ecosocial.

No relativo á **implicación na vida cultural**, o primeiro que hai que remarcar é que a participación non é só nun evento ou proceso, ten que darse en todos os niveis e fases: na planificación, xestión e avaliación das políticas culturais. A condición sine qua non para abrir estes camiños da participación é a transparencia e a accesibilidade da información. Tampouco é o mesmo cando a sociedade civil decide unirse para levar algo a cabo, que cando a administración invita a participar en espazos xa debuxados a priori. Agora ben, as políticas e programas que favorecen a participación son tamén un modo de xerar (ou recuperar) hábitos que ás veces na nosa sociedade (pola deriva histórico política e por outros motivos) son escasos ou están adormecidos. Entender e animar a latencia ao noso redor. Para a construción de coñecemento colectivo, a participación é un dos recursos esenciais que temos a man. Analizando tamén a idea da participación dende un punto de vista individual, cómpre sinalar que o papel que desenvolvemos as persoas na vida cultural non é fixo, ou non necesariamente, senón que é cambiante: se asisto ao teatro para ver unha obra serei espectadora, pero iso non quere dicir que non poida saltar a outro papel e ser axente creadora da realidade cultural. Tampouco quere dicir que a condición de espectadora sexa unha posición neutra: a presenza ou ausencia nos espazos e eventos, o modo no que nos aparecemos ou subtraemos, significa moito. Cómpre abandonar os roles ríxidos na súa definición e estancos na súa asignación, e asumir os desprazamentos.

## **As leis de cultura**

Na axenda das políticas públicas actuais, os dereitos e as políticas culturais reciben cada vez maior atención. Pero non ocupan, aínda, un lugar central, como tampouco está a garantía da equidade nesas políticas: non todas as persoas acceden por igual ou desfrutan por igual deses dereitos. Isto non é soamente produto da subxectividade (“á xente non lle interesa”), débese a factores estruturais como diferencias de renda, clase, xénero, territorio,

nivel educativo ou outras condicións materiais e socioeconómicas que determinan accesos desiguais ou asimétricos á cultura. Moitas veces, o discurso económico prima como discurso lexitimador cando queremos reclamar un lugar ou espazo para a cultura, antes que o discurso en defensa dos dereitos culturais, incluso entre o sector profesional tradicional. Esta viraxe é fundamental para producir cambios e situar a cultura no centro da vida.

Unha lei da cultura e dos dereitos culturais supón, basicamente, o recoñecemento da cultura como un elemento central da nosa vida en común, e das políticas culturais como asunto central na nosa axenda. Supón, tamén, unha vía necesaria para facer efectivo o dereito á cultura recoñecido no artigo 44 da Constitución Española (para poder esixir o seu cumprimento e protexernos e denunciar as posibles vulneracións) e para definir cales son os dereitos culturais e como funcionan e se garanten nunha sociedade. Unha vía fundamental, en definitiva, para abrir e redefinir o paradigma das políticas públicas, levándoo máis alá da produción e consumo de bens e servizos culturais, para pasar á tarefa de crear e situar as condicións que permitan garantir a sustentabilidade dos proxectos culturais e da vida cultural plena a todas as persoas.

Unha lei facilita, tamén, o labor de colocar os dereitos e políticas culturais no centro das políticas públicas. O reclamo dunha lei destas características ten que ser un reclamo da cidadanía e non soamente dun sector cultural, pois non se trata de defender 'dereitos culturais' como intereses sectoriais senón como dereitos fundamentais e de carácter social. Por iso, revisar os lugares e motivacións dende os que defendemos estes dereitos, e estender o seu reclamo na consciencia colectiva, é non só unha tarefa urxente e necesaria, senón tamén unha oportunidade ilusionante.

## **Algunhas coordenadas**

Entender a cultura como ben común, axúdanos a falar das coordenadas que a configuran deste modo. Falamos da súa dimensión **colaborativa ou conectada**, do sentido do procomún. De cultura conectada entre os axentes que a producen, entre as diversas liñas temporais e xeográficas, interdisciplinar e tamén conectada con outros saberes. Falamos, tamén, da cultura como cultura **situada**: nunca se produce de modo totalmente alleo ou abstraído dos/as outros/as, pois o que se produce bebe sempre dun contexto e produce inevitablemente efectos nel (facérmonos máis conscientes disto, axuda a asumir unha responsabilidade ou posición). Falamos, así mesmo, da cultura **colectiva e participada**, que inclúe relacións interinstitucionais, a colaboración público-privada, e incluso o difuminado destas posicións. Os privados somos parte do público, así como o público forma parte da vida privada. Neste sentido, é lexítimo reclamar presenza e tamén necesario asumir a corresponsabilidade.

A cultura, sendo o noso substrato, constrúe/fai comunidades, cidadanía e iso supón que é necesariamente **diversa ou plural**. Cando non sexa así, un sistema cultural será, hai que dicilo, unha visión hexemónica da vida en sociedade e das identidades singulares das persoas que a conforman; e unha visión hexemónica é tamén unha visión excluínte e discriminatoria.

Importa tamén garantir unha cultura ben común que sexa **sustentable**, en primeiro lugar consigo mesma (que non se esgoten a súa realización e protexa a posibilidade de creacións futuras) e que favoreza tamén a sustentabilidade ambiental e do contexto. Afectadas como estamos polas crises económicas e o cuestionamento do paradigma das industrias culturais, a economía da cultura (que existe e debe existir), ten que repensarse para entenderse como un elemento motor da produción de realidades e beneficios capaces da redistribución, é dicir, unha economía social, e non como motor de acumulación.

Por último, importa observar unha cultura que estea presente de modo **transversal** nas nosas vidas. Que non se ordene de arriba abaixo, en sentido vertical, nin tampouco en espazos e compar-

timentos estancos. Observar isto é especialmente relevante na sociedade tecnolóxica actual, na que a cultura dixital está conformando en gran medida os nosos imaxinarios, desexos e modos de entendernos e relacionarnos. Nin podemos manternos acríticos (como meros consumidores) de contidos dixitais, nin limitar a vida cultural a esa contorna.

Unha cultura conectada, situada, participada, plural e diversa, sustentable, transversal. Falemos, pois, de cultura. Para que a cultura fale, realmente, de nós.

## Xornada VI

# Xornada de danza e artes vivas en Galicia: A cultura (plural) é un dereito

📅 11 e 12 de marzo  
2021

📍 Teatro Colón,  
A Coruña

📅 8, 9 & 10 de marzo  
2021

📍 Obradoiro no  
Centro Ágora,  
A Coruña

Estas Xornadas poñen o foco na situación da danza e as artes vivas en Galicia, máis concretamente, na posta en valor da pluralidade de expresións artísticas e procesuais que vén caracterizando á súa comunidade, co obxectivo de axudar a situar tal pluralidade nos espazos escénicos e culturais galegos, onde aínda non atopa unha presenza regular nin unha capacidade de intervención estable. Este desfase fai que non se acade, tampouco, o recoñecemento social das súas achegas, perdendo a oportunidade dun diálogo social que hoxe semella moi pertinente, como é aquel que se produce no encontro dos corpos en movemento.

A irrupción da crise do Covid19 ten funcionado como lente de aumento dos problemas estruturais que atravesan e provocan este desfase, poñendo máis presión nunha comunidade xa precarizada. Moitas persoas e entidades implicadas na vida cultural e social están á procura de respostas e solucións, pero agroma unha pregunta de fondo: como podemos facer para que estas non sexan únicamente estratexias para a supervivencia de mínimos? Vivimos, pois, nun momento excepcional no que cómpre atender a reordenación do contexto: antes de deixar que a crise afonde nas problemáticas sabidas, podemos aproveitar a oportunidade para desfacémonos delas? Quen mellor que as persoas que traballan cos corpos e o movemento para abordar esta tarefa. Sabemos que non imos voltar ao mesmo lugar que deixamos. Sabemos, tamén, que queremos construír un lugar mellor. As Xornadas queren servir como espazo de oportunidade nestas coordenadas.

Un programa comisariado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, coordinadoras do proxecto 'Cara a unha escena plural'.

Tamén contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.

### VÍDEOS:

*Xornadas de danza e  
artes vivas en Galicia.*  
11.03.21



*Xornadas de danza e  
artes vivas en Galicia.*  
12.03.21



## **PROGRAMACIÓN DA XORNADA**

### **XOVES 11**

#### **BLOQUE 1**

*Un teatro para a danza,  
a danza en todos os  
teatros.*

**10:00 a 10:30 h**

#### **Benvida e presentación.**

A cargo de Xurxo Couto, Deputado de Cultura da Deputación da Coruña e das comisarias das xornadas, Sabela Mendoza e Caterina Varela.

**10:30 a 12:00 h**

#### **Un teatro para a danza, a danza en todos os teatros.**

Mesa de debate con: Rut Balbís, creadora e directora da compañía Pisando Ovos / Manu Lago, xestor de danza, Galicia Danza Contemporánea / Javier Martín, coreógrafo e investigador / Xosé Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía Castro / María Paredes, responsable de programación do AGADIC.

**12:00 a 12:15 h Descanso.**

**12:15 a 13:00 h**

#### **Cara a unha escena plural.**

Presentación e coloquio arredor do proxecto. Coa participación das súas coordinadoras e dos responsables dos teatros colaboradores: Diego García, Auditorio Gabriel García Márquez de Oleiros / Miguel Alfaya, Teatro Municipal de Tui / Santiago Nieto, Auditorio Municipal de Outes / Jonathan Miranda, Auditorio Municipal de Cariño / Olga Mojón, Teatro Principal de Ourense / Pilar Otero, Auditorio Hernán Naval de Ribadeo.

**13:00 a 14:00 h**

#### **Residencias artísticas en Galicia.**

Presentación e coloquio con: Félix Fernández, membro fundador do Colectivo RPM e Residencias Paraíso / Javier Martín, coreógrafo e impulsor de residencias e grupos de investigación.

**16:00 a 17:15 h**

#### **A danza nos medios: entre a divulgación, a crítica especializada e o debate social.**

Mesa de debate con: María Yáñez, responsable de VINTE, praza.gal / Afonso Becerra, director da erregueté, Revista Galega de Teatro / Rubén Ramos, co-fundador da plataforma Teatron / Luisa Castiñeira, xornalista e consultora de comunicación especializada en cultura e artes escénicas en The Office Comunicación.

#### **BLOQUE 2**

*A danza nos medios:  
entre a divulgación,  
a crítica especializada  
e o debate social*

### **BLOQUE 3**

*Renovar as relacións:  
territorio, mobilidade  
e sustentabilidade.*



### **VENRES 12**

### **BLOQUE 4**

*Innovación xurídica,  
participación e  
cooperación.*

**17:15 a 17:30 h Pausa.**

**17:30 a 18:15 h  
Presentación.**

Con Rui Torrinha, responsable de Programación Artística do CCVF Centro Cultural Vila Flor e do Festival GUIDance en Guimaraes, Portugal.

**18:15 a 20:00 h**

**Renovaer as relacións: territorio, mobilidade e sustentabilidade.**

Nuria Sotelo, creadora, directora da cía. Licenciada Sotelo, e responsable do espazo de residencias artísticas 'A Casa Vella' en Allariz / Víctor López Carbajales, xestor cultural, responsable de produción de SOLODOS plataforma cultural e organizador do Festival Manhattan / Fran Quiroga, investigador transdisciplinar nos cruces entre o activismo, o arte, a participación social e os comúns / Diego Vázquez Meizoso, xerente de Escena Galega e coordinador do programa 'Camiño Escena Norte'.

**10:00 a 10:45 h**

**Procesos participativos para as políticas públicas: ferramentas e casos.**

Presentación con Ania González Castiñeira, avogada, crítica de arte e investigadora cultural.

**10:45 a 12:00 h**

**Innovación xurídica e participación para as artes vivas.**

Mesa de debate con: Ania González, avogada, crítica de arte e investigadora cultural / Natalia Balseiro, xestora cultural e mediadora independente, membro da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega / Roberto Pascual, director do festival MIT Ribadavia, investigador, divulgador e profesor da ESAD.

**12:00 a 12:15 h Pausa.**

**12:15 a 13:00 h**

**Observando a creación independente.**

Presentación con Fátima Anllo, investigadora, xestora cultural e directora do Observatorio de Creación e Cultura Independente.

**BLOQUE 5**  
*Códigos deontolóxicos:  
ética e estética.*

**13:00 a 14:00 h**

**Participación e colaboración nos procesos de creación en danza.**

Mesa de debate con: Julia Laport, bailarina e co-directora da cía Elahood / Sabela Domínguez, bailarina e co-directora da cía Elahood / Fran Martínez, bailarín e membro da cía Pálido Domingo / Xián Martínez Miguel, coreógrafo e bailarín.

**16:00 a 16:30 h**

**Presentación de dinámica para imaxinar un código deontolóxico na danza.**

**16:30 a 17:15 h**

**Sobre a ética e as boas prácticas no traballo performativo.** — Coloquio aberto.

**17:15 a 17:30 h Pausa.**

**17:30 a 18:30 h**

**Sobre os valores na xestión de proxectos públicos de artes vivas.**

Con Javier Cuevas, artista e xestor cultural, responsable de Tenerife Lav e presidente de FECED.

**18:30 a 19:45 h**

**Códigos deontolóxicos. Falando de ética e estética.**

Mesa de debate e dinámica aberta coa participación de asistentes e de: Javier Cuevas, creador e xestor cultural, responsable de Tenerife Lav e presidente de FECED / Cris Vilaríño, creadora e xestora cultural, responsable de LED Lugo en Danza / Paula Quintas, creadora e co-directora de Trapediante e do festival Corpo (a) Terra / Fernanda Barrio, co-directora da Sala Ártika.

**19:45 a 20:00 h Peche das xornadas.**

**ACCESIBILIDADE**



## **Institucións permeables para unha cultura accesible e inclusiva**

Por Encarna Lago González e Silvia Fiallega Lorenzo

*“Somos a memoria que temos e a responsabilidade que asumimos,  
sen memoria non existimos e sen responsabilidade quizais non  
merezamos existir”.*

(José Saramago, “Cuadernos de Lanzarote”)

Este artigo non xurde coa pretensión de dar respostas, senón de cuestionarnos o noso rol como institucións culturais públicas, sobre o xeito que temos de participar e de incidir coa sociedade e de incidir no territorio que habitamos.

Por que aquí e agora? Posibelmente, porque na carreira por facer máis, ser máis e chegar primeiro, esquecemos polo camiño o valor das palabras, prostituídas polo sistema ata baleiralas de contido. Daquela, é preciso cualificar de **permeables** as institucións? Ten a cultura que levar colgadas as etiquetas de **accesible e inclusiva**? Non tería por que, cando tales condicións son consubstanciais á súa propia definición.

Deteñámonos por un intre na etimoloxía das palabras:

- **INSTITUCIÓN**, provén do latín institutio; de in, que implica penetración; statuere, que significa colocar ou estacionar; e o sufixo -ción, que implica acción ou efecto. Se imos á súa definición, unha institución é unha forma de organización social, cunhas funcións específicas de interese público, que obedece a unhas normas e se ordena nunha estrutura para cumprir a súa misión.
- E que entendemos por **CULTURA**? Segundo a UNESCO, é o *“conxunto de trazos distintivos espirituais e materiais, intelectuais e afectivos, que caracterizan a unha sociedade ou grupo social. Esta visión engloba, ademais das artes e as letras, os modos de vida, os dereitos hu-*

<sup>1</sup> Guía Fácil 1. Cultura y nuestros derechos culturales. Oficina UNESCO en S. José (Honduras), Secretaría de Cultura, Artes y Deportes, 2012, pp. 10-11. En <https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000228345>.

*manos fundamentais, os sistemas de valores, crenzas e tradicións”, e exprésase “nun conxunto de normas de pensamento e de conduta comunmente aceptadas polo grupo”. De aí que as **POLÍTICAS CULTURAIS** deberían ser, esencialmente, “intervencións orientadas a satisfacer as necesidades específicas do ser humano, tanto materiais como simbólicas (...), prioritarias para lograr unha cohesión social e construción dunha ciudadanía cultural, na procura de elementos integradores que dean conta da pertenza a unha historia e territorio común”<sup>1</sup>.*

Tras afondar no significado destes conceptos, xa non deberíamos ter sequera que preguntarnos por que as **INSTITUCIÓNS**, culturais ou non, deberían ser **PERMEABLES**. A resposta témola na súa propia definición: unha institución ou é permeable ou non é unha institución.

As **institucións permeables** son as que traballan “con”, e non “para”, a sociedade. Son as que saen ó encontro das persoas, escoitan á diversidade e coñecen a realidade social do territorio ó que pertencen; son as que tenden redes e constrúen vencellos coa comunidade na procura do seu benestar, co fin último de acadar unha sociedade igualitaria e sostible.

Se realmente facemos efectivo o valor das palabras, ser permeable e accesible é condición ineludible para calquera institución. Trátase por tanto, como xestores e traballadores dunha institución cultural pública, de facer cumprir os dereitos culturais que recoñece a lei.

<sup>2</sup>. Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Asamblea Xeral das Nacións Unidas, París, 10 de decembro de 1948, art. 22. En <https://www.un.org/es/about-us/universal-declaration-of-human-rights>.

Na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, xa se recoñecen os dereitos culturais coma dereitos fundamentais do ser humano, indispensables para a dignidade e o pleno e libre desenvolvemento do individuo, en idéntica xerarquía que os dereitos sociais ou económicos<sup>2</sup>. No artigo 27 do texto reivindícase o dereito de toda persoa “a tomar parte libremente da vida cultural da comunidade, a gozar das artes e a participar no progreso científico e nos beneficios que del resulten”.

<sup>3</sup> Chacón Mata, Alfonso Manuel. "Derechos económicos, sociales y culturales : indicadores y justiciabilidad", Cuadernos Deusto de derechos humanos, nº43. Universidad de Deusto, 2007. En <http://www.deusto-publicaciones.es/deusto/pdfs/cuadernosdcho/cuadernosdcho43.pdf>.

<sup>4</sup> Pacto Internacional de derechos económicos, sociales e culturais (ONU, 1966), artigos 13-15. En <https://www.ohchr.org/es/instruments-mechanisms/instruments/international-covenant-economic-social-and-cultural-rights>.

<sup>5</sup> Son relevantes neste senso, a Declaración Universal sobre a diversidade cultural de 2001, (en [https://www.congreso.es/docu/docum/ddocum/dosieres/sleg/legislatura\\_10/spi\\_70/pdfs/30.pdf](https://www.congreso.es/docu/docum/ddocum/dosieres/sleg/legislatura_10/spi_70/pdfs/30.pdf)) e a Convención sobre a protección e a promoción da diversidade das expresións culturais de 2005 (en [https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000142919\\_spa](https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000142919_spa)). Na declaración especificase que os dereitos humanos son garantes da diversidade cultural (art. 4) ao tempo que os dereitos culturais son marco propicio para a diversidade cultural (art. 5).

A pesar do espírito da letra, os dereitos culturais xunto cos sociais, foron, e seguen sendo, relegados e considerados accesorios respecto ós políticos ou os económicos, de incumprimento reiterado e aplicación tardía. En boa parte, segundo Alfonso Chacón, como consecuencia da imprecisión na súa definición, que complicaba a súa regulación por lei, e pola dificultade para medilos e avaliar así o seu cumprimento. Co tempo irán cobrando peso e influíndo paulatinamente nas políticas dos diferentes Estados membros <sup>3</sup>.

Neste senso, foi especialmente relevante a aprobación en 1966 do Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais, en vigor desde 1976. No documento defínese claramente a natureza dos dereitos culturais e identifícanse os mecanismos para a súa implementación. O Pacto reivindica os dereitos culturais como alicerce para o desenvolvemento dunha sociedade diversa e creativa:

*"Toda persoa debe ter a posibilidade de expresarse, crear e difundir as súas obras na lingua que desexe e, en particular, na súa lingua materna; ... ten dereito a unha educación e unha formación de calidade que respecten plenamente a súa identidade cultural; ... debe ter a posibilidade de participar na vida cultural que elixa e conformar as prácticas da súa propia cultura dentro dos límites que impón o respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais"* <sup>4</sup>.

A UNESCO irá afianzando novas ferramentas a través de ditames, convencións, declaracións e recomendacións, nas que se protexen e desenvolven dereitos como o dereito á educación, á identidade cultural, á información, á participación na vida cultural, á creatividade, a beneficiarse do progreso científico, á protección dos intereses materiais e morais dos autores e á cooperación. O desenvolvemento do concepto de patrimonio cultural e de ferramentas para a súa protección foi determinante á hora de ampliar os límites dos dereitos culturais, incluíndoos como garantes da diversidade cultural <sup>5</sup>.

En 2009, a ONU aprobou a Observación xeral número 21, sobre o "dereito a participar na vida cultural", na que non só lle dá

<sup>6</sup> ONU: Comité de Derechos Económicos, Sociales y Culturales (CESCR), Observación general N° 21, Derecho de toda persona a participar en la vida cultural (artículo 15, párrafo 1 a), del Pacto Internacional de Derechos Económicos, Sociales y Culturales, 21 Diciembre 2009, E/C.12/GC/21. En <https://digitallibrary.un.org/record/679355>.

<sup>7</sup> UNESCO, Declaración de Hangzhou (China), 17 de maio de 2013. "Situación a cultura no centro das políticas de desenvolvemento sostible". <https://es.unesco.org/creativity/resource/declaracion-de-hangzhou>.

<sup>8</sup> Os dereitos culturais aparecen dispersos en documentos como a Convención Cultural Europea da Haia (1954); nas declaracións do Consello de Europa de 1961; na Carta Europea das Linguas rexionais e minoritarias (1992). No art. 30 da Carta Social Europea (revisada, 1996), os dereitos culturais están asociados como garante do dereito á protección contra a pobreza e a exclusión social. A Carta Social Europea, revisada en Estrasburgo o 3 de maio de 1996, non entrou en vigor en España ata o 1 de xullo de 2021. Citado en La educación patrimonial centrada en los vínculos, de Olaia Fontal.

valor o **acceso** á cultura, senón tamén á participación e á súa contribución. Por primeira vez evidéncianse as deficiencias e dificultades para a maior parte dos Estados membro para acadar o cumprimento dos dereitos culturais en todas as súas dimensións. Abre un camiño no que as persoas, soas, en asociación con outras ou como parte dunha comunidade, deben tomar un papel activo necesario para o porvir da cultura que herdaron: *"A participación na vida cultural comprende, en particular, o dereito de toda persoa a actuar libremente, a escoller a súa propia identidade, a identificarse ou non con unha ou varias comunidades ou a cambiar de idea, a participar na vida política da sociedade; a exercer as súas propias prácticas culturais e expresarse na lingua da súa elección. Toda persoa ten igualmente dereito a buscar, desenvolver e compartir con outros os seus coñecementos e expresións culturais, así como actuar con creatividade e a tomar parte en actividades creativas"*.<sup>6</sup>

Uns anos antes da publicación da Axenda 2030, a Unesco xa comezaba a falar de sustentabilidade. Na Declaración de Hangzhou en 2013, manifestou a necesidade de *"situar a cultura no centro das políticas de desenvolvemento sostible"*.<sup>7</sup> Este texto lémbra-nos a importancia de recuperar a cultura como medio para frear o deterioro galopante ó que estamos sometendo o mundo (desigualdade social, pobreza, urbanización indiscriminada, cambio climático, desastres naturais...). A cultura é a que debe proporcionarnos o sistema de valores e o recurso marco necesarios para construír un desenvolvemento sostible, especialmente aquel que parte do local e pon o seu foco nas persoas.

Aínda que ao asinar estes tratados os gobernos asumen o compromiso de adoptar leis e medidas internas no plano local, os dereitos culturais non constitúen unha prioridade no seu conxunto.

No marco da Unión Europea, o Consello de Europa considerou a defensa da cultura un dos fundamentos para a construción europea, como alicerce da diversidade, do diálogo intercultural, do sentimento de pertenza, da memoria colectiva e a prol do entendemento mutuo. Emporiso, os dereitos culturais non están recollidos en profundidade. Aparecen de maneira desconnectada, limitada e dispersa.<sup>8</sup> As políticas culturais da UE po-

<sup>9</sup> O Convenio de Faro é un tratado multilateral ó que España aínda se adhíreu a finais de 2018. Texto completo en <https://rm.coe.int/16806a18d3>.

<sup>10</sup> Resolución do Consello da Unión Europea de 2007, relativa á Axenda Europea para a Cultura, na que se define unha estratexia común con tres accións básicas: a promoción da diversidade cultural e o diálogo intercultural; a promoción da cultura como catalizador da creatividade como parte da estratexia para o crecemento, o emprego, a innovación e a competitividade; e a promoción da cultura como un elemento vital das relacións internacionais da UE. Citado en Olaia Fontal, *ibid.*

<sup>11</sup> Punto nº 6 dos considerandos da Declaración de Friburgo. Foi presentada o 8 de maio de 2007 polo Observatorio da Diversidade e os Dereitos Culturais xunto coa Organización Internacional da Francofonía e a UNESCO. En [https://culturalrights.net/descargas/drets\\_culturals239.pdf](https://culturalrights.net/descargas/drets_culturals239.pdf).

tenciáronse a partir de 2005, coa firma do Convenio de Faro<sup>9</sup>, “*Sobre o valor do patrimonio cultural para a sociedade*”, no que se recoñece o dereito dos cidadáns a participar na vida cultural como un medio para o desenvolvemento humano, desde un uso sostible dos recursos. O desempeño deste modelo afínca-se nunha estratexia colaborativa coa sociedade, compartindo con ela responsabilidades na xestión e implicándoa na toma de decisións, medios necesarios para construír sociedades máis democráticas e mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

Non foi ata 2007 cando os estados membros adoptaron por primeira vez o compromiso para deseñar unha estratexia común de acción cultural europea<sup>10</sup>.

Outras referencias internacionais fundamentais das que dispoñemos en materia cultural son a Carta Cultural Iberoamericana (2006) ou a Axenda 21 da Cultura, nas que se asumen explicitamente os dereitos culturais, recoñecéndoo e protexéndoo.

*A Declaración de Friburgo sobre os dereitos culturais, de 2007, foi un intento por reunir e clarificar os dereitos culturais que están dispersos en diferentes instrumentos normativos para demostrar a transversalidade da dimensión cultural nos demais dereitos humanos, “estimando que o respecto da diversidade e dos dereitos culturais é un factor determinante para a lexitimidade e a coherencia do desenvolvemento sostible baseado sobre a indivisibilidade dos dereitos humanos”*<sup>11</sup>.

O acceso á vida cultural comprende, polo tanto, o dereito de toda persoa a coñecer e comprender a súa propia cultura e a de outros a través da educación e a información, e a recibir educación e capacitación de calidade con pleno respecto á súa identidade cultural. Do mesmo xeito, toda persoa ten dereito a coñecer formas de expresión e difusión por calquera medio tecnolóxico de información e comunicación; a seguir un estilo de vida asociado ao uso de bens culturais e de recursos como a terra, a auga, a biodiversidade, a linguaxe ou institucións específicas e a beneficiarse do patrimonio cultural e das creacións

<sup>12</sup> Citamos a Mario Chagas, representante da museoloxía social e membro do MINOM, Movemento Internacional para una Nova Museología. Este principio referido á utilidade social dos museos, vén recollido na Declaración de Córdoba, documento final da XVIII Conferencia Internacional de MINOM: La museología que no sirve para la vida, no sirve para nada, Córdoba (Arxentina), 2017. Doc. Completo en [http://www.minom-icom.net/files/minom\\_2017\\_-\\_declaracion\\_de\\_cordoba\\_-\\_esp-port-fr-ing\\_0.pdf](http://www.minom-icom.net/files/minom_2017_-_declaracion_de_cordoba_-_esp-port-fr-ing_0.pdf)

<sup>13</sup> Foro de la Cultura, Burgos 2016, en <https://www.forodelacultura.es/jyoti-hosagrahar-tenemos-que-sacar-la-cultura-del-ambito-del-ocio-y-del-lujo-y-llevarlo-al-de-la-subsistencia-para-todo-el-mundo/>

doutros individuos e comunidades; a xerar accións patrimoniais coas súas comunidades e a participar nos debates das colectividade nas que están implicados como mediadores. En definitiva, a ser “museos” ao servizo das persoas, porque do mesmo xeito que “os museos que non serven para a vida, non serven para nada”<sup>12</sup>, tampouco o fan o resto das institucións culturais.

Retomamos a definición de cultura e facemos propias as palabras de Jyoti Hosagrahar, directora de creatividade da UNESCO: “*A cultura é todo o que constitúe o noso ser e configura a nosa identidade. Facer da cultura un elemento central das políticas de desenvolvemento é o único medio de garantir que este se centre no ser humano e que sexa inclusivo e equitativo*”. E é por iso mesmo que debe concibirse como “*un factor de desenvolvemento do individuo e da igualdade*”<sup>13</sup> e non ser banalizada como un simple produto de consumo e de ocio.

Nesta breve revisión do marco normativo, vemos referendada unha e outra vez como a **cultura** é un dereito universal e, como tal, ten que ser **accesible, integradora, inclusiva, igualitaria e sostible**. Ora ben, por que as institucións culturais non somos quen de asumir as nosas responsabilidades e o compromiso adquirido coa comunidade?

Cumprir co valor das propias palabras debería resultar innecesario. Volvémoslo repetir: **unha institución que non é accesible non é unha institución**. Coa definición na man, unha institución é a que penetra, se queda e actúa, para cumprir coa súa misión para coa sociedade. Se por riba lle engadimos o valor do público, ten que dar **acceso**.

A linguaxe importa, cando o que se di se corresponde co que se fai. Por iso deberíamos ser conscientes de que ser permeables é a condición que permite o cumprimento de todas as nosas obrigas como institucións públicas. Nunha sociedade en cambio, a institución ten que mudar e reinventarse sendo permeable, escoitando á diversidade das persoas ás que ten que prestar o servizo. Asumir que **unha vez que es institución de verdade**

**es permeable**, se es permeable es **accesible**, e se es accesible entendes que tes que traballar as estratexias de integración, que son as que te levan a ser **inclusivo**, e que a inclusión é o paso previo á **igualdade**, que é a que nos conduce á **sustentabilidade** e á cultura que sostén a vida. Ser inclusivo non é un todo ou nada, é un proceso, no que a institución ten que ser consciente das múltiples realidades que tamén están aí, desprazadas do foco, e saber implementar novas estratexias desde a escoita activa e o diálogo coa comunidade e o terceiro sector.

Por exemplo, cando falamos de **accesibilidade**, axiña se asigna o termo a persoas con discapacidade ou a colectivos en risco de exclusión, ignorando outras desigualdades silenciadas e marxinnadas polo sistema. Dar acceso significa deixar entrar a aqueles que sempre quedan fóra, dar cabida a todas esas voces diversas e sometidas desde as marxes.

Lamentablemente, na sociedade dos *likes*, **accesibilidade, inclusión, igualdade, sostibilidade**, son termos que se desdebuxan nun “para todos” que acaba non sendo para ninguén, nin responsabilidade de ninguén. Rematan por converterse en etiquetas que as institucións devecen por incluír nos seus perfís sociais, adobiadas con accións conmemorativas feitas “para”, pero non “con”, máis por amor á propia imaxe que por amor ó próximo.

Di o refrán que o que non sabe para onde ir, calquera camiño lle vale, pero as persoas que defendemos unhas institucións permeables, accesibles, inclusivas, igualitarias e sostibles sabemos cal é a meta e cal é o camiño para chegar a ela: un servizo público en igualdade que procure o benestar e a xustiza social. Sabemos que non será doado, que o sistema nos vai sabotar só porque levantamos a voz e sinalamos co dedo. É por iso que temos que anticiparnos, amarrarnos e medrar desde a fisura, saírnos das vías marcadas e saltar os valados. Somos conscientes da importancia de ter unha estratexia que nos marque a folla de ruta: estar ó servizo das persoas, traballar a memoria como fonte de inspiración e raizame común, pero máis aínda temos que saber reinventarnos para dar resposta á constante demanda das dinámicas presentes.

**Ten que ser  
accesible,  
integradora,  
inclusiva,  
igualitaria  
e sustentable**

Poderíamos facer deste artigo unha compilación de protocolos e estándares de como traballar a eliminación das barreiras de comunicación para as persoas con discapacidade ou relatar estratexias para a inclusión e a accesibilidade desde o puro formulismo académico, con todo pareceunos máis interesante saírnos da pauta e poñer como exemplo a estratexia de tecer redes entre persoas, precisamente para descubrir xuntos as inconsistencias do sistema e denunciar por que as institucións non están sendo permeables. Polo xeral, isto nace dunha perspectiva errada: non se trata de empatía, senón de alteridade. Non é suficiente imaxinar o que sente ou precisa o outro, senón que temos que poñernos na súa pel, na súa realidade persoal, territorial, comunitaria...

En resumo, a verdadeira **institución cultural permeable, accesible e inclusiva**, é a que ten claro que, para pasar do factismo á estratexia a longo prazo, ten que preparar un plan que poña as persoas no centro, sabendo que todas teñen os mesmos dereitos. Hai que asumir a cultura como substantivo, ceibala da ditadura dos adxectivos e afrontala desde unha perspectiva social, “deselitizada” e desacomplexada, transversal a todas as dimensións da vida e con liderados compartidos.

A Rede Museística Provincial de Lugo (RMPL) é un exemplo como modelo de sustentabilidade, traballando desde a accesibilidade. Soubemos entender que o futuro da institución estaba no seu patrimonio humano, porque coidar persoas tamén é sostibilidade. Foi un proceso longo, de dentro cara fóra, que comezou a nivel interno, recoñecendo as nosas diferenzas e facendo delas un motor para o cambio. Foi pioneira, por exemplo, en incorporar ó equipo a persoas con discapacidade.

<sup>14</sup> En Jazmín Beirak; Cultura ingobernable. Barcelona, Ariel, 2022. Da cultura como escenario de radicalización democrática e das políticas que o fomentan.

Desde a súa constitución, a RMPL apostou polas persoas, visibilizando a fenda e as principais desigualdades que nos afectan como sociedade: xénero, clase, etnia e discapacidade. Ao poñer o foco en quen quedaba fóra, fomos descubrindo que as desigualdades, como as penas, nunca veñen soas, e hai que abordalas dun xeito interseccional, nunha práctica, que como di Jazmín Berirak, estará sempre inacabada e será inesgotable <sup>14</sup>.

Permeable, accesible, integradora, inclusiva e sostible, son adxectivos que lle poñen nome a eses propósitos inacabados que nos obrigan a ser creativos e reinventarnos constantemente, a estar preparados para afrontar os retos dunha sociedade en constante evolución e en permanente desequilibrio.

O que nos diferencia como institución é que na nosa estratexia temos clara a diferenza entre unha xestora cultural e unha soñadora, porque temos un plan que nos guía no noso proceder diario no cumprimento dos dereitos culturais. Demos os primeiros pasos desde o “micro”, escoitando e facendo algo “para” (mulleres, migrantes, discapacidade...), para despois ir borrando os límites e ampliando a perspectiva, facendo o círculo máis grande para acoller a máis xente.

A fortaleza da RMPL repousa nos afectos, nos vínculos creados entre persoas. Lazos que se anoan uns a outros e van creando redes. Son panos que medran e rachan decotío cos obstáculos que nos imos atopando. Aí toca deterse, para procurar novos fíos que reparen a avaría e reforcen a malla. As institucións permeables como a nosa artéllanse en comunidade, en convivencia diversa, xestionando os conflitos e aprendendo deles, co fin de construír sociedades igualitarias, desde a alteridade e a cooperación. Dar acceso é crear vínculos, atar redes, para crear sociedades máis xustas.

Os profesionais que traballamos neste tipo de institucións, temos que ter claro que a cultura é un dereito fundamental para a dignidade humana e o benestar social, e que cando nos falte a motivación, sóbrannos os motivos para teimar na loita.

Os vieiros para chegar son moitos e non sempre están marcados. A Rede botouse fóra do rego, saíu a buscar os marcos e tivo o valor de movelos para seguir medrando e facer dos museos espazos máis grandes onde todos tivéramos cabida. A receita: crer no poder do cambio, preocuparnos, encargarnos, coidar e recibir coidados.

O reto das institucións culturais públicas é pasar dunha accesibilidade performativa e cosmética da aparencia a unha accesibilidade real e aplicada conforme á lei. Nin máis nin menos que asumir a responsabilidade e cumprir coa palabra dada.

## OUTRAS FONTES CONSULTADAS:

- **BEIRAK, Jazmín;** *Cultura ingobernable*. Barcelona, Ariel, 2022.
- **CACHEDA BARREIRO, Rosa Margarita; LAMIGUEIRO ROMEO, Moisés (dirs.);** *La accesibilidad de los museos: visiones y perspectivas UNA PROPUESTA DE INTERVENCIÓN EN GALICIA*. Santiago de Compostela, Editora Andavira, 2015.
- **DOMÍNGUEZ ARRANZ, Almudena; et al. (eds.);** *II Congreso Internacional de Educación y Accesibilidad en Museos y Patrimonio: En y con todos los sentidos, hacia la integración social en igualdad: actas del congreso celebrado en Huesca los días 2, 3 y 4 de mayo de 2014, T.III*. Huesca, ED. Universidad de Zaragoza, Máster en Museos: Educación y Comunicación, 2015. En <https://observatoriodelaaccesibilidad.es/wp-content/uploads/2023/01/II-Congreso-Internacional-internacional-de-educacion-y-accesibilidad.-Museos-y-patrimonio.pdf>
- **DOMÍNGUEZ ARRANZ, Almudena; et al. (eds.);** *Museos y accesibilidad* Monografías de Her&Mus 16. Gijón, ED. Trea, 2016.
- **FONTAL MERILLAS, Olaia;** *La educación patrimonial centrada en los vínculos. El origami de bienes, valores y personas*. Gijón, Ed. Trea, 2023.
- **LAGO GONZÁLEZ, Encarna, et al.;** *“Museo de Lugo. Programa institucional inclusivo de la Red Museística Provincial”*, en *Revista ICOM CE Digital*, nº 2. *Museo e inclusión social* (2011), en [https://www.icom-ce.org/recursos/ICOM\\_CE\\_Digital/02/ICOMCEDigital02.pdf](https://www.icom-ce.org/recursos/ICOM_CE_Digital/02/ICOMCEDigital02.pdf).

- **LAGO GONZÁLEZ, Encarna;** “Accesibilidad y responsabilidad social en la Red Museística Provincial de Lugo”, *Actas del II Congreso Internacional de Educación y Accesibilidad: Museos y patrimonio. En y con todos los sentidos: hacia la integración social en igualdad*, T. I. Palacio de Villahermosa, Ibercaja. Huesca, 2-4 de mayo de 2014. En [https://www.almudenadominguezarranz.es/wp-content/uploads/2021/10/2014-CONGRESO-ACTAS-HUESCA\\_T1-RED.pdf](https://www.almudenadominguezarranz.es/wp-content/uploads/2021/10/2014-CONGRESO-ACTAS-HUESCA_T1-RED.pdf)
- **LAGO GONZÁLEZ, Encarna;** “Experiencias innovadoras de formación e inclusión social, en la red museística provincial de Lugo, referenciadas como buenas prácticas en la UE”, *IV Congresso Internacional Educação e Acessibilidade em Museus e Património. Formação para a Inclusão: A Acessibilidade Universal é exequível?*, Lisboa – Batalha, 2, 3 e 4 de Outubro de 2017.
- **LAGO GONZÁLEZ, Encarna;** “La inclusión en la Red Museística de la Diputación Provincial de Lugo. MPL: 22 años de resistencias-resiliencias y re-existencias”, *Jornadas Europeas del Patrimonio, Bizkaia, 2023: Curso de formación “LA INCLUSIÓN EN EL PATRIMONIO Y LOS MUSEOS”*. Bilbao, Diputación Foral de Bizkaia, 2023.
- **LAGO GONZÁLEZ, Encarna;** “Red Museística de Lugo: en diálogo permanente por la sostenibilidad, inclusión e igualdad”, *Congreso internacional El Museo para todas las personas: arte, accesibilidad e inclusión social*. Consorcio MUSACCES (UCM- UNED- UAM), 2-5 abril del 2019.
- **LÓPEZ GIL, Elena (dir.);** *Accesibilidad y museos. Divulgación y transferencia de experiencias, retos y oportunidades de futuro*. Ed. Asociación de Museólogos y Museógrafos de Andalucía, AMMA. 2017.

- **LÓPEZ GIL, Elena (coord.);** *Accesibilidad en Museos Manual de Buenas Prácticas para Profesionales e Instituciones*. Ed. Asociación de Museólogos y Museógrafos de Andalucía, AMMA. 2021.
- **MINOM-ICOM;** “Declaración de Lugo – Lisboa”, *Actas da XX Conferencia Internacional galaico-portuguesa MINOM-ICOM Lugo (ES) – Lisboa (PT), “Cara a unha Museoloxía 4D: social, ambiental, política e economicamente sostible”, 1 agosto 2020.*
- **MINOM-ICOM;** *Actas XXIV Jornadas MINOM-ICOM sobre a función social do museo. “Museus, poder e autonomía”,* Peniche (Portugal), 3 e 4 de xuño de 2022.
- **REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO;** *Programa Institucional Inclusivo da Rede Museística Provincial de Lugo: Museo para todos, entre todos. (1999-).* Incluído no Banco de Boas Prácticas na Xestión Cultural en 2015. En <http://boaspracticas.xestoresculturais.gal/es/proxectos/programa-institucional-inclusivo-da-rede-museistica-provincial-de-lugo-es/>.

## Xornada X

# Diagnose e necesidades do Museo Local

Comisaria da xornada: Araceli Abad Barreiro

📍 **Auditorio do  
Museo das  
Peregrinacións  
e de Santiago,  
Santiago de  
Compostela**

📅 **4, 5 e 6 de  
novembro 2019**

O Museo local debe ser un punto de referencia da cultura da súa contorna, pero sabemos que en algúns casos, por diversas razóns, non sucede deste xeito. Para axudar a cumprir esta función, desenvolvemos as Xornadas Diagnose e Necesidades do Museo Local, que buscan dar unha visión práctica, dentro do ámbito local, para as diferentes funcións que o museo debe cumprir. Para lograr, ese punto de conexión e dinamismo entre a contorna, a nosa institución, e o público visitante, buscando reforzar e reflexionar sobre os valores das comunidades onde están ubicados.

Debido a que o aforo é limitado por mor da situación sanitaria, todas as intervencións retransmitiranse en streaming a través da canle de Youtube: Cultura Deputación da Coruña.

### **VÍDEOS:**

*Xornada X: Diagnose e  
necesidades do Museo  
Local, 4/11/2021 Tarde*



*Xornadas X: Diagnose e  
necesidades do museo  
local 4/11/2021 Mañá*



## **PROGRAMACIÓN DA XORNADA**

### **XOVES 4**

*Sesión de mañá*

**9:45 a 10:00 h**

#### **Benvida e recepción das autoridades.**

Presentación a cargo de Xurxo Couto, deputado de Cultura da Deputación da Coruña e de Araceli Abad Barreiro, comisaria das xornadas, vogal do Ilustre Colexio Oficial de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras e en Ciencias de Galicia e presidenta da súa Sección de Museoloxía.

**10:00 a 11:00 h**

#### **Os museos locais non son locais para museos: continente, contido e contención.**

Luís Grau Lobo, director do Museo de León.

**11:00 a 12:00 h**

#### **Documentación. A engranaxe central do mecanismo dun museo.**

Esperanza Gigirei Liste, directora do Museo das Peregrinacións e de Santiago; Roberto Aneiros García, conservador do Museo das Peregrinacións e de Santiago.

**12:00 a 12:30 h Pausa.**

**12:30 a 13:30 h**

#### **Concepto e xénese da exposición temporal. Da investigación á difusión.**

Andrés Gutiérrez Usillos, conservador do Museo de América.

**13:30 h Mesa debate / Preguntas.**

*Sesión de tarde*

**16:00 a 17:00 h**

#### **Creación de textos no Museo para todas as persoas.**

Isabel Fernández Domínguez consultora e formadora senior experta en proxectos de comunicación patrimonial.

 **VENRES 5**  
*Sesión de mañá*

17:00 a 18:00 h

**A función Social da Rede Museística Provincial de Lugo.**

Encarna Lago González, xerente da rede museística provincial de Lugo.

18:30 h **Mesa debate / Preguntas.**

10:00 a 11:00 h

**O desenvolvemento da Lei de museos de Galicia e o seu impacto nos museos locais.**

María del Carmen Calviño Rodríguez, Subdirectora Xeral de Arquivos e Museos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

11:00 a 12:00 h

**Rede de Museos Locais da Deputación de Barcelona. A importancia da cooperación ante os desafíos da sociedade contemporánea.**

Laura Costa Mateo, Xefa da Unidade da Rede de Museos Locais da Deputación de Barcelona.

12:00 a 12:30 h **Pausa.**

2:30 a 13:30 h

**«Pantallas lejanas». Improvisación e estratexia do museo dixital.**

Tania Fábrega García, conservadora do Museo Nacional de Escultura.

13:30 h **Mesa debate / Preguntas.**

*Sesión de tarde*

17:00 h

**Problemas e oportunidades para a investigación no eido da historia local: arredor do Museo Marea do Porto do Son.**

José Manuel Vázquez Lijó, profesor asociado da UDC e responsable do Museo Marea de Porto do Son.



## **SÁBADO 6**

*Sesión de mañá*

**17:00 a 18:00 h**

### **O Plan de conservación preventiva: unha ferramenta para protexer o patrimonio.**

María José Ruíz Vázquez, restauradora do Museo Etnolóxico de Ribadavia.

**18:30 h Mesa debate / Preguntas.**

**10:00 a 10:45 h**

### **Da poética á política. O ser ou non ser dun museo local**

Carolina Casal Chico, museóloga.

**10:45 a 11:30 h**

### **A reformulación dun proxecto museolóxico local: O Museo dos Oleiros.**

Ana Justo Rajó, técnica do Museo dos Oleiros-José María Kaydeda do concello de Oleiros.

**11:30 a 12:15 h**

### **Do caos á especialización: o exemplo das boas prácticas do Museo Valle-Inclán (A Pobra do Caramiñal).**

Antonio González Millán, director do Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal.

**12:15 a 12:45 h Pausa.**

**12:45 a 13:15 h**

### **Liñas de apoio aos museos.**

Participan: Representante da Sección de Cultura e Deportes da Deputación da Coruña / Carolina Casal Chico, museóloga / Cristina Trigo Martínez, docente da Área de didáctica da expresión plástica da Facultade de Ciencias da Educación / Xosé Eduardo López Valiña, conservador xefe da Fundación Eugenio Granell.

**13:30 h Mesa debate / Preguntas.**

**14:00 h Peche das xornadas.**

## **Xornada V**

# **De Arquivos e Bibliotecas públicas de Galicia: dun presente imperfecto a un futuro transformador**

 19 e 20 de febreiro de 2021

 En liña

## **PROGRAMACIÓN DA XORNADA**

### **VENRES 19**

17:00 h **Presentación das Xornadas.**

17.10 h

**Presentación da mesa Situación actual dos servizos, lexislación actual e grao de cumprimento, novos marcos.**

María Díaz Bernárdez, Arquivo Histórico Provincial de Lugo / Eugenio Gómez Barreiro, Biblioteca Pública Miguel González Garcés (A Coruña).

18.30 h

**Presentación do Arquivo da Deputación da Coruña: Mutacións arquivísticas: da aspiración á inspiración.**

Carmen Molina Taboada, Arquivo da Deputación da Coruña.

### **SÁBADO 20**

10.00 h

**Presentación da mesa Profesionais: novos retos.**

Rosa Martín Rey, Xerencia Territorial do Catastro de Lugo / Alicia Sellés Carot, Presidenta de FESABID.

11.45 h

**Presentación da mesa Propostas imprescindibles para unha década 2021-2030.**

Olimpia López Rodríguez, Arquivo Xeral Territorial de Lugo / Xoán Manuel Pérez Lijó, Biblioteca Municipal de Ames.

13.20 h **Clausura.**

## **VÍDEOS:**



*Lista de reprodución: Xornadas V de Arquivos e Bibliotecas públicas de Galicia: dun presente imperfecto a un futuro transformador*

**SUSTENTA-  
BILIDADE**



## **Por un minifundismo cultural.** **O pequeno é grande.**

*Por Fran Quiroga*

O Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC) afirmou no seu Sexto Informe de Avaliación que “a planificación e execución da adaptación [que] non consideren resultados adversos para diferentes grupos pode levar á inadaptación, aumentando a exposición aos riscos, marxinando persoas de determinados grupos socioeconómicos ou de medios de vida, e agravando a desigualdade. Unha planificación inclusiva, iniciativas fundamentadas en valores culturais, coñecementos indíxenas, coñecementos locais e coñecementos científicos pode axudar a previr a inadaptación”. Polo tanto cómpre xerar mecanismos que contribúan a reducir os efectos do cambio climático e poder impulsar ferramentas que axuden ás comunidades a mellorar a capacidade de resiliencia do seu territorio.

No mesmo informe destácase que «a fiestra de oportunidade para asegurar un futuro habitábel e sostible para todos estase pechando rapidamente». Xa a FAO, a Organización Mundial das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura, alertaba a finais de 2010 de que só nun século téñense perdido máis do 80% das variedades de sementes cultivadas. A agroindustria foi acaparando e monopolizando o acceso ás sementes, proceso coñecido como acumulación por desposesión, unha perda de autonomía para as comunidades locais. Moitas das sementes foron patentadas por grandes corporacións, provocando unha diminución xenética incomparable.

Tamén en febreiro de 2022 falecía Cristina Calderón, quen aos seus 93 anos era a derradeira falante do iaguan, lingua falada na Terra do Lume, no extremo sur de América. Oito meses despois, O indio do buraco morría na Amazonia brasileira e a súa tribo marchaba canda el, sendo o único supervivente dun proceso de harmonización que se estendeu por todo o planeta. Di a UNESCO que probablemente a finais do século XXI, o 90% de todas as linguas serán substituídas por linguas dominantes.

Ante este panorama desolador, cal é a marxe de manobra? Ou que pode facer a cultura ante estes retos? A cultura é máis que obxectos, produtos, son prácticas simbólicas, éticas e tamén modos de facer. A cultura é tamén o xeito que temos de relacionámonos, non so entre nós, senón tamén con outras especies ou coa propia terra. Especialmente nun territorio como o noso, no que o ser humano deixou pegada en cada recuncho dos máis de 29 575 km<sup>2</sup> que ocupa a Galiza administrativa. Concibir a cultura unicamente como industria supón o risco de que a produción de subxectividade estea suxeita única e exclusivamente aos ditames do mercado, con todo o que iso supón de homoxeneización. Limitar o papel da cultura só como unha industria creativa obvia toda unha serie de impactos a longo prazo que vai alén da xeración de renda ou de postos de emprego, de por si, tamén relevantes. A ollada da cultura exclusivamente dende unha perspectiva de mercado expulsa a aqueles procesos que non responden aos tempos ou ao concepto de produtividade sobre o que se sostén o sistema capitalista, pero que son fundamentais na construción de tecido social. É nesta vertente da cultura, xeradora de relacións coas outras persoas e de espazos que nos permite pensarnos como sociedade, onde se atopa a súa capacidade para a transformación social. A cultura é tamén un laboratorio dende o que fedellar futuros, un activador de procesos, metodoloxías de encontro cos que pensar alternativas aos modos de habitar o planeta.

A cultura non é so un sector, é tamén un vector, polo que na aposta pola transición ecosocial a cultura non pode ficar á marxe. A pesar da ausencia da cultura nos retos da Axenda 2030, son cada vez máis os foros nos que se reivindica o papel da cultura non só na construción de novos imaxinarios, senón tamén na súa relevancia na creación de novas éticas e valores que acompañen os nosos modos de estar no mundo. E de seguro isto será do máis complexo nunha civilización como a occidental na que o éxito e a epicidade dominan a aspiración individualista, cunha idea da comunidade cada vez máis diluída, onde as redes de apoio mutuo e coidados están cada vez máis mercantilizadas, nun novo proceso de cercamento deses comúns. Nesta transición ecosocial por vir vanse repensar conceptos como progreso

ou desenvolvemento, haberá que tecer novos equilibrios entre o ser humano e o planeta.

Galiza é un lugar excepcional para contribuír a superar a fenda cultura vs. natureza, en tanto unha non se entende sen a outra e viceversa. Un país con máis de 30 000 entidades de poboación e que ten un terzo dos nomes de lugar de todo o Estado mostra unha fonda relación coa terra, un vencello intenso que non foi de todo demolido polas esmagadoras da Revolución Verde e a súa apisoadora intelectual e industrial.

<sup>1</sup> Información recollida en: <https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/montes-vecinais-en-man-comun>

Que a día de hoxe, en Galiza aínda pervivan 700.000 hectáreas<sup>1</sup> de monte veciñal en man común, con máis de 150 000 persoas comuneiras que coxestionan o seu territorio é unha oportunidade, sen parangón, para contribuír á resiliencia do territorio. Isto é tamén cultura, hai unha ecoloxía de saberes, como diría Boaventura de Sousa Santos, hai mecanismos de autoregulación, de intercambio de informacións, de negociacións, de redistribución, de retornos á comunidade, toda esa eclosión de manexos da terra e de modos de relacionarse, coas súas complexidades inherentes, debería impulsarse cunha maior intensidade por parte das administracións públicas.

No facer campesiño hai un pensamento ecolóxico, uns xeitos de entender o mundo, a través desas relacións coa terra, esas cosmovisións que agochan outras formas de estar nela e que nos poden dar pistas sobre outras formas de relacionarnos co noso arredor. Ese "sentipensar" foi esquecido e silenciado en moitas ocasións polos centros de poder, sexan medios de comunicación, a academia ou as propias institucións culturais e artísticas, que non abordamos ou comprendemos cales eran e son os problemas que ocorren nestes territorios máis periféricos e que respostas se están dando. Os comúns, como moitos modos de habitar o mundo, foron cuestionados no pasado por térense considerado como reminiscencias dun pasado que cumpría atallar. Semellaba que o noso país estaba atravesado por unha pobreza atávica e que todo trazo dese pasado debía ser borrado coa aspiración de chegar a un suposto ideal de progreso, que transcorrido o tempo vemos como viña cheo de veneno.

# **O modo de habitar Galiza implica tamén o modo de pensar as políticas culturais**

Os comúns, ao igual que o minifundismo foron obxecto de demolición. Para o produtivismo e a tecnocracia eran un traba, un atranco para un fin supremo, a elevación do ser humano no dominio da natureza. Todo un aparato discursivo que se manifestou en películas, na literatura, en programas de goberno, en parladoiros culturais que culpabilizaron, de xeito máis ou menos expreso á agricultura familiar galega, desdeñando prácticas de economía circular ou agroecolóxicas propias deste tipo de produción alimentar. O obxectivo era ser grandes e o minifundio e o común era un estorbo para ese fin, moitos propietarios, moitas leiras. Co tempo obras referencias como *O pequeno é fermoso* do economista Ernst Friedrich Schumacher ou máis tarde a obra de *O Pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa: O caso galego* de Emilio Carral e Xoan Carlos Carreira, ensináronnos como o minifundismo é ecosistemicamente máis variado e que a especialización e intensificación produtiva empobrece a flora, a fauna e tamén provoca unha perda de saberes ou na variedades de sementes. Do mesmo xeito que a gran industria non pode ser o único modelo de produción de alimentos, tampouco a espectacularización debера ser a única forma de produción cultural.

### **A proximidade rizomática**

A monumentalidade e a epicidade reločen como un escuro obxecto do desexo social. O relato do heroe e o emprendedor feito a si mesmo impregna os relatos de superación e autoaxuda. O obxectivo é ser grandes, intensificar a produción, acumular máis e máis, só hai un único camiño cara o éxito baseado nunha maior acumulación. Esta obsesión obvia toda unha rede de interdependencias e coidados entre nós e co noso arredor. Cómpre pensar noutros paradigmas que resitúen a ollada no menor, neses cruzamentos e conexións entre experiencias cativas, dispersas, miúdas, nas que a través desas múltiples interaccións vanse tecendo impactos situados e concretos en aldeas, barrios, vilas,... Pensando eses impactos como unha malla ampla e dispersa.

O modo de habitar Galiza implica tamén o modo de pensar as políticas culturais, non hai unha gran cidade ao modo de Barcelona en Catalunya, hai sete grandes cidades e toda rede de capitais de comarcas, concellos máis pequenos, vilas e aldeas diseminadas por todo o territorio. Ante esta situación, como podemos

pensar unha política cultural que sosteña a propia cultura á vez que se compromete co coidado do planeta? A proposta pasa por unha estratexia rizomática de múltiples centros dispersos, non nun único centro grande senón en toda unha rede de procesos que se conecten co modo de vivir que temos.

Isto xa ocorre, nas aldeas hai asociacións veciñais, comisións de festas, comunidades de augas, de montes, asociacións de mulleres, ao igual que nos barrios das cidades hai asociacións veciñais situadas nunha territorialidade concreta, as propias agrupacións folclóricas responden a este modo de facer. Cómpre pensar que xeitos hai, máis alá da subvención, para fortalecer estas experiencias, como a través de redes de proximidade se poden facer máis sostibles estes modos de producir cultura.

Gilles Deleuze e Felix Guatari propoñían en *Capitalismo e Esquizofrenia* o rizoma como unha imaxe de pensamento, como modo de rachar coa xerarquía, superando a visión da árbore do coñecemento e pensando outras interaccións que non seguen liñas verticais senón máis ben trazos horizontais e orgánicos. Algúns exemplos dos rizomas son o xenxibre ou as pallas reais, que nacen nos esteiros e brañas, onde a partir das raíces que se expanden de xeito horizontal van emerxendo brotes. Eses gromos culturais serían esa multitude de experiencias miúdas que enchen de cor e alegría o país.

Esta aposta rizomática debería vincularse a través de redes de afectacións e intereses compartidos, redes ao redor do patrimonio inmaterial, de folclore queer, da pintura mural ou da danza en contextos rurais, por poñer uns exemplos. E a vez redes de proximidade, que compartan un territorio común, ben sexa as comarcas ou biorrexións nas que adoitan haber unha vila, capital de comarca que nuclea concellos máis cativos e as súas correspondentes aldeas e parroquias.

Na produción alimentaria, ademais da gran industria, tanto dende a produción como na distribución, hai redes de proximidade, mais ou menos informais, nas que se dan intercambios de alimentos de proximidade, dende os mercados labregos nas capitais das

comarcas ou a través de trocos entre veciños. Nos últimos anos están abrollando sistemas alimentarios territorializados que buscan fortalecer eses procesos. Estes proxectos procuran diluír as desigualdades locais das cadeas alimentarias, propiciando unha alimentación de proximidade que teña unha menor dependencia das redes internacionais de mobilidade alimentaria. Na Mariña luguesa e na fronteira asturiana con Galiza, na bio rexión do río Eo e da ría de Ribadeo estase desenvolvendo dende o 2019 a estratexia participativa Eo Alimenta. Esta procura contribuír a unha transición cara a unha sistema alimentario máis sostible no territorio e nel participan tanto a Universidade de Santiago de Compostela, como os concellos da área, a Deputación de Lugo, o Sindicato Labrego Galego, a Fundación EDES e os GDRs de ambos os territorios e veciños e veciñas da zona.

A través dunha Investigación-Accion-Participativa desenvolveron a Estratexia Alimentaria da bio rexión do Eo 2022 - 2026 que inclúe como principais accións:

- i) medidas dirixidas ao fomento da produción agroecolóxica mediante a incorporación de novas persoas produtoras e mediante a articulación dos proxectos agroecolóxicos produtivos xa existentes no territorio;
- ii) medidas que poñan en valor os produtos locais e impulsen o consumo de alimentos de proximidade por parte de administracións públicas e cidadanía;
- iii) medidas que aumenten a conciencia da poboación en torno ás achegas que a alimentación agroecolóxica, a base de produtos locais, ten na nosa saúde e no noso territorio;
- iv) medidas que garantan a voz e a participación de todos os axentes da sociedade implicados no sistema alimentario local.

**A cultura non é  
só un sector,  
é tamén un vector.**

Galiza é vizosa na produción alimentar e cultural, mais compre impulsar procesos participativos que axuden a que todos os axentes implicados asuman retos, tarefas e debates para fortalecer estes procesos. A meirande parte da xente gusta dunha alimentación sa ao igual que dun acceso próximo á cultura, concentrar espectáculos culturais en grandes cidades da cultura é a antítese dos modos de consumo e desfrute cultural cotiá. Estas estratexias ademais de axudar a pensar o propio modo de produción, redistribución e consumo tamén se converten en pequenos laboratorios de interaccións nos que se van fedellando conexións que co paso do tempo cristalizan noutras derivadas. Tecer lugares de encontro facilita mecanismos de innovación lenta e dende aí é como poden emerxer procesos inesperados, serendípicos. A cultura non pode ser só producida dende as institucións públicas, e nin moito menos convertelas no monopolio da produción cultural, é un axente máis en todo o ecosistema e o seu papel fundamental é garantir uns dereitos culturais que propicien un acceso á cultura independentemente da clase social ou do lugar de residencia. Con iso non quere dicir que teñamos que encher todas as aldeas de auditorios e centros de exhibición, mais si pensar de forma colectiva como se poden aproveitar esas infraestruturas xa existentes, eses nodos claves que son, tamén, as escolas e institutos, e como se tecen vencillos cosde fóra. Estas estratexias que buscan acadar unha maior soberanía alimentar ou tamén cultural non poden ser a escusa para un posicionamento chovinista ou excluínste, senón que deben estar ao servizo do diálogo dentro-fóra, ser casas abertas.

**Precisamos máis  
consciencia do  
valor da cultura  
para soster  
o mundo**

En 2021 o Consello da Cultura Galega publicaba o informe *Cultura e sustentabilidade* co obxectivo de abrir un debate sobre como o sector cultural pode ser máis sustentable, á vez que se atendía a como a cultura pode estar ao servizo da transición socioecolóxica. O informe presentouse baixo o lema "a cultura, cuarto pilar da sustentabilidade" chamando a atención sobre a necesidade de incorporar a cultura ás dimensións social, ambiental e económica da sustentabilidade. Entre as recomendacións que sinalabamos no informe estaba a necesidade de reivindicar o rol da cultura como ferramenta vertebradora do territorio, do seu papel cohe-

sionador de comunidades, mais que para iso cumpría un cambio de enfoque no deseño das políticas públicas.

Precísanse estudos que avalíen os impactos lonxitudinais da cultura, estes procesos son lentos, cocíñanse a lume manso, por iso cómpre ter estudos que analicen impactos non só económicos, senón tamén os sociais e ambientais dos proxectos culturais con fonda pegada social. O informe *Participación cultural en Euskal Herria: modos, causas e impactos* elaborado polo Observatorio Vasco de Cultura ten analizado como existe unha forte correlación entre a participación cultural e unha meirande felicidade. Cómpre dotarse de ferramentas que xeren relatos claros sobre a importancia da cultura na vida, isto evidenciouse na pandemia, mais precisamos coñecer como naqueles territorios nos que hai unha forte cultura comunitaria e de base danse mellores condicións de vida.

No informe Cultura e Sustentabilidade tamén sinalabamos a necesidade de apostar por solucións, proxectos que camiñen cara unha transición socioecolóxica, non só son as enxeñerías ou as start ups as únicas que poden dar respostas baseadas na natureza, o coñecido como Nature Based Solutions, na que encaixan tanto propostas como renaturalización das ribeiras dos ríos, ou o uso de materias orgánicas para o téxtil, mais se de novo volta ficar ausente a sociedade neste procesos, seguiremos replicando os erros aos que a tecnocracia nos levou a este caixón sen saída.

Un dos meirandes laios nos foros culturais é a precariedade, para loitar contra ela, debemos facer un esforzo en sinalar eses impactos, beneficios que trae a cultura, ás veces fan a vida máis alegre, noutras axudan a acompañar o ritmo do corazón cos demais mentres se baila conxuntamente unha foliada, noutras ocasións axúdanos a ollar a realidade doutro xeito, vendo uns matices que antes se nos escapaban. De aí a relevancia de estudos sobre impactos, que sexan claros e que axuden a crear ese argumento que vaia máis alá da reclamación sectorial. Canto maior se reclame o valor da cultura por parte da sociedade maior será a resiliencia do sector.

Unha política de alianzas é o xeito de tramar complicidades con outras comunidades coas que se poden compartir intereses comúns. Tecer aliados que vaian alén do propio sector cultural axuda a superar moita da recursividade na que adoitamos situarnos. A comodidade de falar entre pares fai que se descoide esa porosidade e apertura nos procesos, a través das políticas de alianzas incrementase a lexitimidade social dos proxectos culturais. Mais esa estratexia non pode converterse nunha acumulación de colaboracións, senón que debe ter mecanismos que permitan incidir no propio devir das prácticas culturais.

### **A modo de peche aberto**

Para soste o planeta, cómpre soste tamén a cultura, pode que non sexamos imprescindibles, mais é imposible imaxinar unha vida sen cultura, acadar unha maior consciencia do noso papel, da nosa contribución, aínda que modesta, á mellora da cohesión das comunidades e do territorio, vai axudar a acadar, tamén, unha maior sustentabilidade das prácticas culturais.

Ademais da propia autopercepción do noso rol nas sociedades contemporáneas tamén compre o impulso decidido dunhas políticas culturais que partindo dende os dereitos culturais garantan o acceso, a distribución e produción cultural espallada en todo un territorio como o galego, cunha dispersión territorial tan potente. Grazas a este xeito de habitalo se puxeron freo a moitos procesos extractivistas. Que haxa moitos veciños e veciñas en moitos lugares é un cortalumes a un extractivismo que non cesa. A cultura por unha sustentabilidade da vida é o maior compromiso que podemos ter para deter as consecuencias da crise climática.

# A CULTURA É UN DEREITO

.....

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

.....

## XORNADA

# IMPACTO POSITIVO: UNHA ALIANZA FESTIVAIS-ADMINISTRACIÓN

### VÍDEO:

*Impacto Positivo: Unha  
Alianza Festivals -  
Administracións*



**21 de maio**

Sala Juanjo Gallo (Pazo Provincial)  
Comisaria da xornada: María Baqueiro Vidal



Deputación  
DA CORUÑA

## PROGRAMACIÓN DA XORNADA

As novas lexislacións e normativas, xurdidas a raíz da aprobación da Axenda 2030, recollen a urxencia de modificar métodos, recursos materiais, hábitos e comportamentos, especialmente no mundo empresarial e industrial, pero que implican a sociedade no seu conxunto. A acción cultural, tan conectada co desenvolvemento social e individual e cunha enorme capacidade de transformación territorial -véxase por exemplo a súa vinculación con políticas e estratexias de turismo-non é allea a urxencia do momento. Nesa dirección, a Deputación da Coruña someteu ás súas liñas de subvencións a festivais, FO221 e FO223, incorporando de maneira máis clara e directa criterios de sustentabilidade para a concesión das mesmas, adquirindo o compromiso de acompañar a todas as entidades e concellos solicitantes na consecución e cumprimento de novos obxectivos.

Co fin de cumprir co dito compromiso é polo que a área de Cultura organizará a Xornada "Impacto positivo: unha alianza festivais-administración", no marco da iniciativa A Cultura é un dereito, que terá un carácter formativo e práctico e formúlase co acompañamento dunha guía útil.

### PROGRAMA

**09.30 h.** Presentación da xornada *Impacto positivo: unha alianza festivais-administración e do manual de utilidade*. Con **María Baqueiro**, comisaria da xornada, e **Xurxo Couto**, deputado de Cultura da Deputación da Coruña.

**10.00 - 12.00 h.** *Accesibilidade, Enerxía, Residuos, Auga, Patrimonio: de teloneiras a artistas principais*. Mesa de ideas e exposición con:

- Moderadora: **Arancha Estévez**. Xornalista e doutora en Ciencias da Comunicación, coordina a comunicación de diferentes eventos culturais no país. En 2020, aproveitando o cese de actividade cultural provocado pola pandemia, especializouse na Universidade da Coruña en Sustentabilidade e Innovación Social.

- **Jone Pérez**. Enxeñeira química de formación, compaxina o labor de asesoramento a empresas en xestión sustentable coa colaboración con A Greener Festival, unha organización de ámbito internacional que desde hai máis de dez anos ofrece formación, consultoría e unha certificación propia sobre o desempeño medio ambiental e social para eventos e festivais de todo o mundo.

- **Pablo Galindo**. Doutor en Socioloxía pola Universidade de Granada na que é profesor titular. É Director da Fundación Music for All (galardona co Premio Solidarios 2021 da ONCE Andalucía y Andalucía + Social pola "Consejería de Igualdad, Políticas Sociales y Conciliación" da Junta de Andalucía) e autor, junto con Diego Ferrón, da Guía de accesibilidade e inclusión en festivais de música en España.

- **Nuria Díaz**. Ambientóloga, con ampla experiencia no ámbito da xestión ambiental municipal e socia fundadora de EcoEvent, cooperativa valenciana especializada en xestión e produción sustentable en eventos.

- **Nuria Balboa**. Arquitecta e especialista na xestión técnica de eventos, a súa tese de doutoramento está centrada no deseño e arquitectura nos festivais de música. Colabora como arquitecta nos principais festivais de música de Galicia.

**12.00 - 12.30 h.** Pausa/café

**12.30 - 14.30 h.** *Necesitamos un plan: obradoiro para enfrontarse a un plan de sustentabilidade para o noso evento*. TALLER Dirixido por:

- **Giada Calvano**. Cofundadora de Chloe Sustainability, consultoría que acompaña a organizacións das industrias culturais e creativas no seu camiño cara a sustentabilidade. Ademais, é investigadora, docente, titora académica e doutoranda do Programa de Xestión Cultural da Universidade de Barcelona.

- **María Baqueiro**. Enxeñeira de formación e consultora de sustentabilidade desde hai unha década, primeiro no ámbito industrial e posteriormente no sector cultural, colaborando con boa parte dos festivais de música e cinema de Galicia. Promotora do Pacto pola Cultura Sustentable de Galicia, presentado no verán de 2021 como un proxecto comunitario con obxectivos medibles a curto e medio prazo.

**14.30 h.** Peche da xornada formativa

A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin na páxina web:

[www.aculturaeundereito.gal](http://www.aculturaeundereito.gal)

O prazo de inscrición é dende as 9:00 h. do xoves 5 de maio ata as 15:00 h. do xoves 19 de maio. A asistencia é gratuita. Debido a que o aforo é limitado todas as intervencións retransmitíranse en streaming a través da canle de Youtube Cultura Deputación da Coruña.

Tamén contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.

# Xornada “Impacto positivo: unha alianza festivais-administración”

## A cultura é un dereito. Deputación da Coruña.



21 maio 2022



Sala Juanjo Gallo  
da Deputación  
da Coruña

Con carácter práctico e co obxectivo de acompañar os festivais no camiño cara a sustentabilidade. Así se formulou a Xornada “Impacto positivo: unha alianza festivais-administración” no marco da programación “A cultura é un dereito”, que se celebrou o 21 de maio de 2022 impulsada pola área de Cultura da Deputación da Coruña. Na xornada, con inscrición gratuíta, abordáronse de maneira específica os impactos dos festivais en ámbitos como a accesibilidade, enerxía, residuos, auga, e patrimonio. A Deputación da Coruña, que someteu a revisión as súas liñas de subvencións a festivais incorporando de maneira máis clara os criterios de sustentabilidade, animou a axentes e entidades responsables dos eventos a ampliar a súa formación nesta xornada que se desenvolveu na sala Juanjo Gallo da Deputación da Coruña en horario matinal con ao redor de setenta persoas inscritas.

A xornada “Impacto positivo: unha alianza festivais-administración” foi comisariada pola enxeñeira e consultora de sustentabilidade, María Baqueiro Vidal. Asesora de boa parte dos festivais galegos de música e cinema, Baqueiro é ademais promotora do Pacto Cultura Sustentable, presentado en 2021. O 21 de maio a xornada da Deputación da Coruña contou con persoas expertas que participaron nunha mesa de ideas e posteriormente nun obradoiro para apoiar os festivais na elaboración dos seus plans de sustentabilidade. No programa participaron Jone Pérez, enxeñeira química, asesora de empresas en xestión sustentable e colaboradora da organización internacional A Greener Future; Pablo Galindo, doutor en Socioloxía pola Universidade de Granada na que é profesor titular, director da Fundación Music for All e autor, xunto con Diego Ferrón, da Guía de accesibilidade e inclusión

en festivais de música en España; Nuria Díaz, ambientóloga, con ampla experiencia no ámbito da xestión ambiental municipal e socia fundadora de EcoEvent, e Nuria Balboa, arquitecta, especialista na xestión técnica de eventos e colaboradora dalgúns dos festivais máis recoñecidos do país. A segunda parte da xornada, en formato obradoiro, estivo dixirida pola comisaria María Baqueiro e Giada Calvano, cofundadora de Chloe Sustainability, consultoría que acompaña a organizacións culturais e creativas no seu camiño cara a sustentabilidade, e investigadora e docente do Programa de Xestión Cultural da Universidade de Barcelona.

As novas lexislacións e normativas, xurdidas a raíz da aprobación da Axenda 2030 pola ONU, recollen a urxencia de modificar métodos, recursos materiais, hábitos e comportamentos, especialmente no mundo empresarial e industrial, pero que implican á sociedade no seu conxunto. A acción cultural, tan conectada co desenvolvemento social e individual e cunha enorme capacidade de transformación territorial -véxase por exemplo a súa vinculación con políticas e estratexias de turismo-non é allea a urxencia do momento. Nesa dirección, a área de Cultura da Deputación da Coruña someteu ás súas liñas de subvencións a festivais, FO221 e FO223, incorporando de maneira máis clara e directa criterios de sustentabilidade para a concesión das mesmas, adquirindo o compromiso de acompañar a todas as entidades e concellos solicitantes na consecución e cumprimento de novos obxectivos. Ao redor de sesenta festivais beneficiáronse destas dúas liñas de cofinanciamento nas últimas edicións.

“Apoiar os festivais significa, para nós, apostar pola difusión e a creación cultural a través do que son, verdadeiras plataformas de promoción das propostas existentes, e tamén de creación de emprego e riqueza no sector. Este apoio á actividade cultural é un dos obxectivos das dúas liñas de subvencións FO221 e FO223 que sumaron 1,1 millón de euros en 2022 e que, xunto coa Rede Cultural da Deputación da Coruña, significan unha aposta pola contratación e a mellora da situación laboral e económica do sector profesional da cultura, tan afectado pola pandemia”, explica o deputado de Cultura Xurxo Couto.

Co fin de cumprir co dito compromiso a área de Cultura organizou a Xornada “Impacto positivo: unha alianza festivais-administración”, no marco da iniciativa A Cultura é un dereito. Na xornada presentouse ademais a Guía sobre festivais e sustentabilidade, editada pola Deputación da Coruña e elaborada por María Baqueiro e a xornalista Arancha Estévez, como un manual de utilidade para axentes responsables de eventos e co obxectivo específico de mellorar as alianzas coa administración como cofinanciadora dos festivais. “Desde a área de Cultura da Deputación da Coruña enténdese que o apoio ao sector cultural ten que articularse cada vez de maneira máis manifesta co compromiso da acción cultural coa comunidade na que se desenvolve. Pola nosa responsabilidade como institución cofinanciadora de numerosos festivais de música, artes escénicas ou audiovisual, entendemos a nosa obriga neste proceso sen volta atrás” apuntaba o deputado Xurxo Couto ao referirse á guía como unha ferramenta de apoio para responsables de eventos culturais.

Este manual pode descargarse aquí:

[https://www.dacoruna.gal/files/7216/5424/8517/Guia\\_festivais\\_sutentable\\_depCoru-10pt\\_-\\_0422\\_nova.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/7216/5424/8517/Guia_festivais_sutentable_depCoru-10pt_-_0422_nova.pdf)

***María Baqueiro e Arantxa Estévez***  
*comisariaron esta xornada.*

IGUALDADE



## **Unha cultura en igualdade.**

*Andrea Barreira Freije e Clara R. Cordeiro*

A pesar da difusa e anecdótica presenza ou, incluso, total ausencia, de figuras femininas en escenarios, exposicións, palestras e demais escenografías da produción cultural contemporánea, **as mulleres non somos unha minoría.**

En Galiza, de feito, é máis ben o contrario: segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estadística (INE: xullo 2022) as mulleres sumamos o 51,76% da poboación galega. Somos tamén as que mellores resultados educativos obtemos e as que máis nos formamos, e aínda que a elección de itinerarios curriculares continúa a ter un marcado nesgo de xénero, precisamente o número de mulleres en artes e humanidades supón un 66,8% do total (IGE: 2018).

Como é posible entón que en pleno século XXI, con tantos anos de loitas, crítica e reivindicacións feministas ás nosas costas, teñan cabida programacións culturais tan desiguais dentro dun sector aparentemente tan rico e diverso como o noso? Como é posible que se manteña como válida entre os profesionais a tan manida argumentación do tipo “non hai mulleres que”? Como, a un tempo, é posible que se a presenza de mulleres é maioritaria (como algo anecdótico) haxa críticas, pero que non aconteza o mesmo se a maioría son homes? Como sobrevive dun xeito tan normalizado e acrítico o machismo estrutural do noso sector?

Aínda que en moitas ocasións a cultura se pense como algo lúdico, como entretemento, non hai que esquecer que reproduce comportamentos e ideoloxías. Nisto non importa que sexa realidade ou ficción, que sexa un proxecto academicista ou un produto para evadirse. Non importa que sexa cinema, teatro, artes plásticas, música, literatura... a cultura percíbese como un espello no que mirarse. E no que atoparse.

A cultura serve para situarnos e entendernos, de aí a necesidade de loitar contra o silencio imposto, contra as ausencias. A cultura levántase como un marco para definirse, ter referentes, identi-

ficarse, recoñecerse e aceptar o universo propio. Ademais crea realidades, por iso é preciso (re) construír a quen nos precedeu, reclamar a súa presenza; de representar as diferentes identidades e rachar coas imposicións ás que estamos afeitas.

“Non hai” é o reflexo de “Non houbo”, esas dúas grandes mentiras sobre as que se ergueu a invisibilización das mulleres. Reivindicar o traballo das que viñeron antes, das que abriron camiño, das que tiveron que mudar (masculinizar) o nome para poder amosar o seu traballo, das que viron como as súas creacións foron absorbidas (roubadas) polos maridos, pais, irmáns porque elas (por seren mulleres) non serían quen de facer nada por si mesmas... convértese nunha tarefa imprescindible.

Reivindicar ese pasado é básico para construír o presente e o futuro, para manifestar as identidades, para rachar co xeito de facer e amosar que a cultura vai máis aló do que nos marcaron como importante. Reivindicar a oralidade, o cotián, todo aquilo que, supostamente carece de valor, pero sen o que non é posible erguer nada. Que hai máis trascendente que poder comer?

E todo isto sen perder a perspectiva da lingua como soporte de cultura. Renunciar ao galego é perder un xeito de ollar o mundo, de entendela, de vivir nel. Cada día que pasa fanse máis necesarios os lugares nos que poder empregala, normalizala e esixila, pois o castelán vai devorando cada vez máis espazos. Ao uso do galego como idioma que conforma a nosa identidade, o noso xeito de estar no mundo súmanse as preguntas que se hai que facer cando queremos construír un proxecto cultural implicado, reivindicativo, pensado e crítico: que se conta? Quen o conta? De que xeito? Desde que perspectivas? Onde están as outras? As invisibles?

En pleno 2023, con todas as ferramentas ao alcance das persoas que se dedican á xestión cultural, como internet e as redes sociais, o fácil acceso ás distintas asociacións sectoriais... non deixa de ser sorprendente a rotundidade da frase “non hai mulleres que fagan (insertar aquí calquera tipo de traballo en cultura, desde xestión, a creación, ás profesións máis técnicas)”.

Quizais cómpre lembrar algo que parece tan obvio que se tende a esquecer: hai que investir tempo en buscar para atopar e, a partir de aí, tirar do fío. As redes de contacto funcionan e, rapidamente, unhas dan os nomes das outras, tanto cando non hai dispoñibilidade para poder participar, como cando se está na fase de escoller traballadoras, colaboradoras.... O descoñecemento hai demasiado tempo que debería terse deixado de usar como argumentación do que moitas veces é, simple e duramente, non buscar.

Esta invisibilización das mulleres é como unha gran bóla de neve que comeza coa minúscula, pero significativa folerpa: non hai, hai poucas, din que non veñen... Pero que nos impide falar en público? Participar en certames, eventos...? Non temos nada interesante que contar?

Grazas á ausencia de referentes creouse unha trampa que nos impide ás mulleres ver ás outras que abriron camiño, que fixeron, que chegaron, que puideron... Eses reflexos necesarios para sentir o impulso de compartir a experiencia propia. Poñer ás mulleres como centro da representación da súa realidade é crear contidos reivindicando a súa historia, traballo, cotidianidade, pracer...

Se, a pesar diso, as mulleres decidimos participar, estas ausencias (invisibilizacións) provocan que as mulleres convocadas pensemos que ocupamos un espazo que non nos corresponde, e xorde unha necesidade de pedir permiso e ter que xustificar de continuo a nosa presenza. Parece non importar, ou non ser dabondo, as traxectorias e a formación, o traballo feito, o camiño andado ou que se está a comezar.

Esa falta de recoñecemento maniféstase a través dese “non hai”, a través de como somos nomeadas, dos lugares que ocupamos nos cartaces, nas antoloxías, nos filmes...A través dos salarios... A través da crítica á idade (por arriba ou por abaixo), da crítica ao corpo... Esta falta de recoñecemento ou esta visión distorsionada da nosa profesionalidade afecta á creación e á autoestima.

De aí, que cando se aceptan esas chamadas, as mulleres carguemos en demasiadas ocasións coa responsabilidade de ter

que facer todo á perfección. Non nos permitimos un erro, porque “para unha vez que nos chaman...” As mulleres temos moi pouca marxe para fallar, porque sentimos que eses fallos non só nos afectan a nós como individuos, senón que tamén van recaer no colectivo. Caemos na necesidade continua de demostrar que temos dereito a estar aí, que somos dabondo boas para estar aí, que temos traballado suficiente para ser incluídas... e aínda así nunca parece ser dabondo.

Non axuda a visión externa nin a crítica destrutiva que hai detrás do paternalismo, da condescendencia no trato, no xeito no que as mulleres somos nomeadas, infantilizadas ou como se o noso traballo fose inferior ou irrelevante. A un tempo prodúcese o contrario, créanse unhas altas expectativas e autoexpectativas se os traballos ou grupos de traballo son de mulleres, como se houbese a necesidade de demostrar algo, o que afecta aos procesos creativos.

É así como esa folerpa se acaba transformando no **síndrome da impostora** que se resolve de distintos xeitos: a través da seguridade nunha mesma, precisamente afirmada por esa traxectoria ou formación que levamos detrás, abalada polo traballo, a constancia... Pola crítica construtiva que nos axuda a ver que estamos en proceso de aprendizaxe, de mellora e que se facemos algo que non é interesante ou perfecto, non pasa nada. Todo isto, se vén apoiado por unhas redes fortes e sólidas, logra calmar ese sentimento e empurrarnos ás unhas ás outras. De aí a importancia de construír espazos seguros e diversos como as xornadas celebradas no contexto de A cultura é un dereito.

Precisamente é nestes encontros onde se demostra que si hai mulleres. Afirmación que se reafirma ao chegar marzo e novembro e comezamos a abrollar cal follas ou cogumelos segundo a estación. Que acontece o resto do ano? Só existimos estacionalmente? Só se nos ten en conta cando se dedica o Día de (Letras, Ciencias, Música...) a unha muller? Só temos presenza cando hai unhas datas que obrigan a esa existencia porque xa sería demasiado rechamante non estar? Como nun 8M ou un 25N?

É neses momentos cando semella haber cartos a manchea para os traballos culturais que realizamos as mulleres, como se o resto do ano non fose necesario un salario digno ou a independencia económica. Presupoñer que nos outros meses “nunca queren”, “nunca poden”... lévanos a preguntarnos por que non queremos, por que non podemos. A precariade de no sector cultural é algo que se leva criticado durante anos e que en (demasiadas) ocasións parece ser algo lonxe de ser solucionado. Os prazos de entrega, as esixencias, as premuras, o que se está disposto a pagar... contrastan co tempo de espera para os pagos e a longa loita para conseguir uns soldos dignos (que aínda non chegan).

Porque as tarifas, os prezos básicos, o que se está disposto a pagar polo traballo de grupos musicais, de teatro, artistas plásticas... se somos mulleres acostuma ser menor, como un exemplo devaluador dos esforzos, enmascarado no eterno “venden menos, moven menos xente, están comezando, non se coñecen...”, cando en realidade é algo que depende máis da visibilidade e das apostas que se fagan que do traballo que hai detrás.

Isto provoca que moitas mulleres do sector cultural nos convirtamos en persoas multitarefa, multiempregadas, obrigadas a saltar dun traballo a outro, a facer un tetrís de axendas e empregos para poder chegar a fin de mes. Empregos que axudan a gañar o pan pero fan que non sempre se poida estar en determinados eventos ou actos.

A **precarización**, se ben afecta a todo o mundo da cultura, inflúe en maior medida nas mulleres que, ademais de loitar contra esa invisibilización, temos que axustar milimetricamente os nosos tempos para chegar a todo. Os coidados e a carga mental que supón o día a día son dous aspectos que se esquecen tan facilmente como se repite o “non queren”. Esquécese que facilitar o traballo debería ser unha liña de dobre sentido.

Como mulleres, dentro do sector cultural, temos unha responsabilidade cara nós mesmas e cara as nosas compañeiras. É un traballo de fondo e forma pois hai que fiar moi fino para conseguir un proxecto que entreteña, faga pensar, axude a aprender e que cada

elo estea conformado por mulleres. É dicir, non hai que esquecer as mulleres da trastenda, para visibilizar o visible e o invisible, para ter en conta ao equipo técnico, ao equipo de comunicación, de xestión, de produción, de divulgación... Porque implicar as mulleres no sector cultural non é só estar enriba dun escenario, non é só estar exposta nunha sala ou publicada, é loitar porque todo o proceso sexa recoñecido e ofrecido en condicións dignas.

Non imos negar que non supón un esforzo esa procura, ter que remexer aquí e acolá consome tempo e enerxía, pero volvemos ás folerpas. Unhas chaman ás outras, unhas sosteñen ás outras. E unha vez que comezan a saír nomes e contactos, eses quedan aí.

E que pasa coas **nais creadoras**? Escoller ou non ter crianzas moitas veces vén determinado polo propio traballo que se desenvolve. Nas artes máis físicas, como o circo, a danza... os anos da maternidade coinciden coa plenitude física da actividade. No entanto, saír dos circuítos para criar é algo que pode penalizarse sexa o sector que sexa (música, teatro, muralismo, artes plásticas...). Non importa a preparación previa, non importa a traxectoria, a conciliación dificulta os ascensos e avanzar no plano laboral.

E toda a responsabilidade recae sobre as mulleres creadoras que nos esiximos a mesma produtividade antes e despois de ser nais. A sombra de que non volvan chamar tras a parada que pode supoñer o embarazo, o parto, o post-parto e a lactancia perséguenos.

Entón chega a pregunta de se é tan grave parar, asumir que hai que deterse, malia que os medos estean aí: parar, saír dos circuítos e deixar de producir contidos novos provoca que deixe de soar o teléfono. Sácante do sector.

Un dos requisitos da cultura é que esteas presente: concertos, inauguracións, presentacións, representacións, debates, charlas... e que non deixes de producir. Saír desa presencialidade provoca o medo a non poder recuperar o punto que con tanto esforzo se acadou. Se non vas unha vez, ou dúas, ou tres... corres o risco de que non volvan chamar.

Ás creadoras e xestoras culturais impónsenos unha dobre presión: ser boas nais e ser boas profesionais atadas á roda da produtividade constante. A pesar dos cambios na concentración, dos cambios nos tempos, nos horarios, esíxesenos poder con todo. E malia iso, normalmente conseguimos sacar adiante os proxectos grazas a aproveitar o tempo cando non hai tempo. Adáptanse aos minutos, ás horas nas que se pode espallar a creatividade.

Convertímonos en funambulistas dos minutos. Se non temos unha rede de apoios, se non se crea unha comunidade baseada nos coidados e non se pensa na responsabilidade colectiva de criar, a carga mental e a culpa aumenta. Levar as crianzas ao traballo pode ser unha boa opción, pero cargamos co pensamento de que ver os fillos ao noso lado resta profesionalidade; deixar as crianzas ao cargo doutras persoas e poder separar en compartimentos estancos traballo e crianza, trae certos remorsos ao redor dos coidados.

Sexa como for, parte da loita está en poder escoller. E esa elección vén marcada pola precariedade laboral e vital que se ceba especialmente coas mulleres, e as do sector cultural non somos inmunes a este problema.

Ademais é necesario traballar para que todos os lados da cadea estean ben engarzados. Porque quen mira tamén ten un papel nesta historia. Non só hai que facer un espazo seguro para quen crea e apoia esa creación, senón tamén de quen é espectadora. As mulleres somos as grandes consumidoras da cultura e porén en moitos eventos culturais non se teñen en conta as nosas necesidades: horarios, coidados, traballos... Non se facilita ese acceso. Unha das esixencias do público é ter lugares onde poder compartir o tempo coas crianzas, é ter actividades onde as nais teñamos facilidades, é ter horarios flexibles para quen temos dependentes ao noso cargo.

A nosa responsabilidade como axentes do sector cultural é crear espazos onde esteamos todas. E aí temos moito traballo por facer, por iso reivindicamos a periodicidade de eventos con perspectiva

de xénero para seguir a deconstruírmonos e para visibilizar e dar espazos ás outras, porque, **onde están as mulleres racializadas?** Onde as mulleres con discapacidades? Onde as migrantes, as xitanas...? Queda tanto por facer...

Desmontar a realidade sempre é algo complexo, de tan interiorizada que está. Remexer o ocultado non é doado, remexer o ocultado das marxas aínda o é máis. Pero tamén é unha responsabilidade compartir espazo coas nosas outras, ser consciente do lugar que ocupamos. Ás veces esquecemos que os espazos non son propiedades privadas, senón que son comunidades onde termar, arroupar, acompañármonos unhas ás outras. Aprender de todas. A diversidade non é algo negativo, é algo que nos fai máis fortes, que nos fai medrar como individuos e sociedades. Porén, temos que tomar consciencia de que os espazos se recuperan para todas e entre todas, e recoñecer que tamén nós temos privilexios. Pero se algo bon temos os seres humanos é que somos quen de mellorar, aprender dos erros e marcar tarefas pendentes e metas que non deixen a ningunha atrás.

De aí o noso compromiso de desmontar o privilexio branco, cis, hetero e arroupar, escoitar, aprender e acompañar ás nosas compañeiras que tanto teñen que dicir da súa propia realidade.

Desde ese pensamento esperamos que o noso traballo sexa reflexivo, teña interese para a sociedade, alén de “modas e réditos económicos”, porque a cultura, como se viu nesta pandemia que semella tan lonxana, é un dereito. Como somos persoas dispostas a construír, as nosas ferramentas para manter, consolidar e avanzar neste dereito parten de crear eventos e espazos organizados por mulleres en toda a súa diversidade. Mulleres que conformen cada elo do equipo, desde os técnicos, aos creativos, da comunicación, á xestión...

Aplicaremos **o test de Bechdel para a xestión cultural**, sen conformarnos con que haxa polo menos dúas mulleres nas programacións, pois se, como dicíamos ao comezo, as mulleres somos case o 70% en artes e humanidades e as principais consumidoras,

isto ten que estar reflectido nos cartaces. As participantes, das distintas artes, dialogarán entre si, non sobre homes, senón sobre as realidades e experiencias propias, sumando entre todas.

Con isto, esperamos crear redes e espazos de seguridade nos que se fomenta o empoderamento, o respecto e a visibilización das mulleres da cultura. Espazos centrados en amosar as súas realidades e onde non esquecer un como estás? preguntado de verdade, cun interese real na resposta.

Buscaremos a fórmula para implicar nas programacións e nas actividades a cada parte da sociedade: institucións, colectivos, empresas, centros educativos, fogares... Proporcionándolles ferramentas coas que expresen as súas inquedanzas, intereses, dúbidas, rabias... e tamén entretemento e vías de escape do día a día. Uns programas nos que coñecérmolos e recoñecérmolos; nos que poder reivindicar as formas de facer das mulleres; levar a realidade, coa súa complexidade e diversidade á literatura, ao teatro, ao audiovisual, á música, á pintura... Procuraremos que estas actividades sexan duradeiras no tempo, non estacionais. Para iso é necesaria a colaboración das entidades públicas e privadas que non deben esquecer a súa responsabilidade para mudar certos hábitos: cronolóxicos, económicos, xeográficos, de xénero...

A ausencia de mulleres artistas xa non pode, nin debe, ser unha excusa. Tanto na literatura, como nas artes visuais, o deseño ou a música, destaca a gran variedade e calidade das creadoras galegas e, por iso, a nosa proposta formula unha programación totalmente conformada por mulleres, desde unha mirada feminista, integral e multidisciplinar da realidade contemporánea.

Porque o traballo é un continuar... Unha vez que se pon o primeiro chanzo, que se dá o primeiro paso, só queda avanzar e reafirmar os logros acadados. É moi difícil construír espazos, compartilos, gañar dereitos, alzar voces... e é moi doado volver atrás.





· XORNADA ·

# MULLERES E MÚSICA

19 de Maio 2018

Teatro Colón da Coruña



# PROGRAMACIÓN DA XORNADA

Escoitar, preguntar, conversar, reflexionar, producir e, tamén, bailar. Mulleres e Música, o sábado 19 de maio, quere ser unha xornada de encontro para todas aquelas persoas interesadas na igualdade de xéneros na música. Máis de vinte participantes, entre artistas, produtoras, xornalistas, programadoras, investigadoras, etc. Conversas sobre o escenario, mesas redondas, presentacións e, por suposto, música en directo. E co Teatro Colón da Coruña como escenario.

Pode asistir a todas as actividades do sábado 19 de maio ou escoller aquelas que sexan do teu interese. O acceso é de balde, pero recorda que o aforo é limitado. Tes que retirar a túa entrada gratuíta en [www.teatrocolon.es](http://www.teatrocolon.es).

## HALL DO TEATRO COLÓN

**11:00 horas.** Benvida e presentación da xornada.

**11:30 horas.** Killing me softly (Matándome suavemente). Mesa redonda.

- Lorena López Cobas, docente, investigadora e autora Historia da Música en Galicia (2013).
- Julio Gómez, codirector Festival Sinsal Son Estrella Galicia.
- Guadi Galego, artista.

*Presenta e modera: Diana López Varela, xornalista e autora de No es país para coños (2016).*

**12:30 horas.** Lentes lilás na Música. Presentación do documento para avanzar na igualdade de xénero en eventos e programación musicais.

- Elaboración: Belén Bermejo. Promoven: Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC) e Mujeres en la Industria de la Música (MIM).

**13:00 horas.** Vivir na Coruña.

- Directo con Mounqup.

## SALA TEATRO COLÓN

**17:00 horas.** Moita pista por gastar.

- Encontro aberto con Ses.

*Presenta: Teresa Cuiñas, xornalista da TVG.*

**18:15 horas.** Cando a vida che dá un martelo. Panel de experiencias.

- Tamara Rodríguez, Mujeres en la Industria de la Música MIM.
- Cecilia Carballido, produtora.
- Yolanda Villa, Sala Mardi Grass.
- Mar Catarina, responsable do selo Prenom.
- MJ Pérez, cantante e guitarrista.

*Presenta: Marta García Márquez, xornalista de El Ideal Gallego.*

**20:30 horas.** Jazz: estéreo-tipas. Naima Acuña Trío en concerto.

- Naima Acuña, batería.
- Paco Charlín, contrabaixo.
- Xan Campos, piano.

**21:30 horas.** Ábrese o pano... e aparece a DJ! Con Cora Novoa DJ Set.

**22:30 horas.** Peche da xornada.

[www.aculturaeundereito.gal](http://www.aculturaeundereito.gal)



## CARA ÁS LENTES VIOLETAS NA MÚSICA

### Contexto/Acción positiva /Propostas

Unha proposta promovida pola Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC) e MIM (Mulleres na Industria da Música) co apoio da Área de Cultura da Deputación da Coruña

#### 1. Contexto

A introdución na música dunha perspectiva crítica referida á súa tradición “androcéntrica” é máis ben tardía con respecto a outras disciplinas, o que fai que este ámbito sufra de certo atraso, tanto na análise como nas conclusións. Para os efectos do que aquí se expón, entendemos por **ámbito da música** aquelas realidades que se xeran a partir do feito da creación musical e que van desde as disciplinas que estudan o feito musical en si, nas súas diversas perspectivas (histórica, musicolóxica, didáctica) pasando pola propia creación ou composición e a execución musical, así como todas as industrias que a execución musical xera, necesarias para levar esa música executada a un público (organización e produción de concertos, distribución, comunicación, industrias discográficas etc).

Para abordar a situación das mulleres na música debemos facer uso, de partida, de dous conceptos. Por unha banda, a **segregación horizontal** a respecto das diferentes profesións musicais, segundo a cal a tendencia é encadrar as mulleres en certos roles: vocalista nas músicas populares, intérpretes de instrumentos tradicionalmente asociados ás mulleres (por exemplo, tecla), postos de produción que non precisen destreza manual ou técnica, labores de comunicación, etc. Por outra banda, a **segregación vertical** revela que recaen os papeis de maior responsabilidade, visibilidade ou recoñecemento social, habitualmente sobre os homes. Acontece á hora de liderar unha formación musical, de figurar como directora dunha orquestra, de dirixir un festival, unha discográfica ou unha produtora. En definitiva, as mulleres non ocupan os postos decisorios.

Aínda non dispoñemos de estudos e datos que nos permitan abordar cal é realmente a situación das mulleres no sector musical. Nos últimos anos si dispoñemos de análises centrados nas programacións artísticas, especialmente festivais, e na representación das mulleres nas mesas. No caso dos festivais pop en 2017, a porcentaxe sería dun 11,9% no territorio español. Analizamos as últimas edicións de 11 festivais galegos, de música popular e clásica, e o resultado foi dun 13,4%. As artistas son un elo na cadea de traballo das mulleres na música; precisamos saber máis.

#### 2. Acción positiva

As dinámicas sociais non van camiñar cara á igualdade de xeito natural e orgánico, sen a intervención de políticas públicas que establezan accións positivas encamiñadas a reverter unha situación e promover novos marcos e modelos. Estas medidas deben estar activas nun proceso de recondución de situacións de desigualdade histórica.

Neste sentido, podemos tomar como primeira referencia a **Lei de igualdade aprobada en 2007**, que establecía no capítulo II os criterios que deben orientar as políticas públicas en materia de educación, cultura e sanidade. Polo que á cultura se refire, o **artigo 26** establece toda unha batería de medidas destinadas a promover a igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual. Nel impóñense obrigas para os poderes públicos que configuran o sistema de xestión cultural, destinadas a favorecer a promoción das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación. Un grande avance, o texto legal, que, porén, máis de dez anos despois, non que atinxe á realidade do sector cultural, dista moito dos obxectivos.

Precisamos coñecer a situación, de aí a necesidade de promover estudos que aborden:

- De que maneira se produce a distribución laboral entre homes e mulleres no mercado da música.
- A precariedade participativa das mulleres neste ámbito e por sectores
- En que medida as mulleres ocupan postos de responsabilidade con competencias decisorias e executivas na industria musical e nos organismos administrativos e centros de decisión con competencias en materia de xestión musical.
- Os diferentes niveis de discriminación que experimentan as mulleres (salarial, casos de acoso sexual, violencia, discriminación por embarazo, etc.).
- A transmisión e perpetuación de estereotipos sexistas no sector da música (artistas, entidades e empresas, festivais, ciclos, etc), nos seus contidos, linguaxe, imaxe.

Coñecer permite deseñar estratexias de traballo con rigor e eficacia; o seguimento e a periodicidade destes informes permitirá comprobar se esas estratexias contribúen a reverter a desigualdade. Introducir a perspectiva de xénero nas políticas públicas significa acompañar, apoiar e incentivar aqueles esforzos a prol da igualdade de xénero. Como exemplo, tanto polo seu simbolismo como por ser o punto máis analizado até o momento, é necesario fomentar aquelas programacións que visibilizan as mulleres:

- Porque os propios contidos musicais visibilizan o traballo de mulleres ao longo da historia da música.
- Porque promoven a visibilización do traballo de mulleres que comezan a desenvolver a súa traxectoria na música.
- Porque fomentan unha activa presenza das mulleres no ámbito da música e fôra dos estereotipos comunmente aceptados, creando modelos que poidan orientar a traxectoria musical doutras mulleres.

Tras expoñer a necesidade de coñecer a situación e incentivar todas aquelas accións e iniciativas que tendan a reverter a situación de desigualdade, consideramos tan urxente como necesaria a inclusión de cláusulas de acción positiva, que atendan a perspectiva de xénero, nas diferentes convocatorias, contratacións, concursos ou bolsas promovidas polas institucións públicas no campo da música.

### 3. Propostas

**-Incentivar ou premiar aqueles proxectos que contén cunha política de igualdade establecida, que ademais fagan extensiva aos seus provedores, colaboradores, subcontratas, etc.**

**-Igual que se trata de premiar os esforzos a prol da visibilización das mulleres, *a sensu contrario*, propoñemos tamén a introdución de cláusulas nas convocatorias que tendan á eliminación da presenza nas programacións financiadas ou contratadas polas administracións, de formacións que fomenten o sexismo na música, a través dos estereotipos que transmiten. En definitiva, non contribuír con diñeiro público a manifestacións musicais que contribúan á desigualdade, sexismo, marxinação, ou violencia contra as mulleres.**

**-Introdución de cláusulas de acción positiva para a incorporación das artistas nas programacións que optan ao apoio institucional.**

**-Introdución de cláusulas de acción positiva para a incorporación de mulleres nos equipos de traballo de proxectos e iniciativas. Incentivar ou premiar aquelas áreas “non ocupadas” habitualmente por mulleres.**

**-Paridade nas comisións, xurados, tribunais, etc, designados para valorar desde as institucións proxectos vinculados á música.**

**-Promoción de formación dirixida ás mulleres naquelas áreas con menor presenza, en colaboración con outras entidades, asociacións ou empresas**

**-Promover a elaboración de informes de coñecemento da situación das mulleres na música en Galicia. Así mesmo promover a elaboración de censos ou catálogos; artistas e liderados, compositoras, directoras, produtoras, técnicas, montadoras, xornalistas, etc.**

**-Incentivar ou premiar proxectos construídos con perspectiva de xénero. Isto último, máis fundamental, parte de que a acción positiva é moito máis que “contratar” mulleres para chegar ao 40% da paridade legal. Pensamos na acción positiva para combater a desigualdade na música como unha estratexia global que, ademais, debe aspirar a transformar un modelo social baseado na desigualdade das persoas.**

Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC)

Mulleres da Industria da Música (MIM)

Co apoio da Deputación da Coruña

*O documento “Cara ás lentes violetas na música” é unha síntese do informe realizado por Belén Bermejo, xurista e xestora cultural, e que foi presentado o 19 de maio de 2018 no Teatro Colón, no marco da xornada “Mulleres e Música”, promovida pola Deputación da Coruña dentro do programa “A cultura é un dereito”.*

Texto de Belén Bermejo.

## **Xornada IV**

# **Mulleres e innovación das artes intermedia**

 **8 e 9 de Abril 2019**

 **Teatro Colón,  
A Coruña**

Postfeminismo // Vídeo Poesía, novas dramaturxias, artes dixitais, bioperformance e prácticas intermedias nas artes do movemento. Unhas xornadas que exploran as conexións entre redes dixitais e artes escénicas, co obxectivo de converterse nun motor de innovación creativa e pensamento contemporáneo.

Un desafío as narrativas convencionais, un enfoque interactivo coas novas linguaxes escénicas e os territorios de expansión da transversalidade, onde a tecnoloxía preséntase como unha forma de reinventar as artes vivas.

Unha cultura dixital sen precedentes, inclasificable e visionaria que fomenta o encontro do inesperado.

Cun programa de xénero, unha fiestra de visibilidade para as mulleres que contribúen á cultura da innovación tecnolóxica no marco das Media\_artes.

Un programa comisariado por Rosa Sánchez, directora artística do Festival Internacional ECOSS, ecosistemas do inesperado e da Compañía de arte Intermedia Kònic Teatro, de Barcelona.

## **PROGRAMACIÓN DA XORNADA**

 **8 DE ABRIL**

 **SALA 2**

### **Elas teñen a palabra.**

Explora desde diferentes perspectivas, como traballan as mulleres o texto, a dramaturxia e o audiovisual.

**15:00 - 18:30 h**

### **OBRADOIRO de vídeo poesía.**

Conducido por Belen Montero, creadora audiovisual e multimedia, directora de Versogramas.

- **Procesos #VP** un achegamento teórico-práctico á composición multimedia, de xénero, tecnoloxía e fala. Utilizaremos os nosos dispositivos móbiles e as nosas apps como ferramentas técnicas de composición.

## TEATRO

18:30 - 18:45 h

### Open lab-impro aberto ao público e conclusión de final do Obradoiro.

19:00 - 19:30 h

#### Apertura da Xornada.

A cargo de Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación de A Coruña e Deputada de Cultura.

19:00 - 20:30 h

#### Mesa de debate. Escrituras da escena, Mediaturxias e audiovisual: contribucións de Xénero.

A escritura, a dramaturxia, a dirección de escena ou a realización que incorpora o audiovisual e outros medios dixitais nas escrituras e realizacións de mulleres autoras. Unha conversa con:

- **Marta Perez** actriz e creadora escénica, directora de Inversa Teatro.  
**Proxecto:** Conciencia feminista como motor de creación. sobre as propias contradicións que o novo panorama escénico nos amosa, desde os corpos, ata as imaxes, textos e movementos
- **Sonia Méndez Alonao** actriz, realizadora audiovisual e directora do Festival Carballo Interplay.  
**Proxecto:** Por min e por todas as miñas compañeiras. Aventuras e desventuras dunha creadora. Unha reflexión sobre a hipervisibilidade de mulleres como obxecto da representación versus a invisibilidade persistente como suxeito creador.
- **Belén Montero** directora e creadora audiovisual e multimedia, directora de Versogramas.  
**Proxecto:** Ruta #VP. Vivencias de dirección en proxectos Multimedia desde unha perspectiva de xénero, e do achegamento ao formato da videopoesía
- **Modera: Irene Moreira** - Directora de escena, fundadora e xestora da Sala Ingrávida, O Porriño

20:30 - 21:00 h

#### Teatro-conferencia. Sofía de Marta Pérez (Inversa Teatro).

Unha peza curta que trata da violencia de xénero, co texto escrito por mulleres. Sofía está elaborada ad hoc a partires da peza maior Sofía e as Postsocráticas. A acción dunha duración de trinta minutos ofrece unha panorámica ante o que sustenta a violencia de xénero: o silencio, a negación, a xustiza patriarcal e o efecto espectador. A peza está pensada para que despois se poida abrir un debate a partires do exposto.

 **HAL**

**Elas son dixitais / Intermedia.**

Explora desde diferentes perspectivas a aportación das mulleres no ámbito da arte, ciencia e tecnoloxía.

**15:00 - 18:30 h**

**OBRADOIRO de creación dixital.**

Conducido por Maria Castellanos, Artista, investigadora e docente da Universidade de Vigo.

Experimentación audiovisual con interfaces brandas. Os participantes crearán a súa propia interface sensible, con sensores e moldes de creación dixital, para interaccións sonoras e visuais.

**18:30 - 18:45 h**

**Open lab-impro aberto ao público e conclusión de final do Obradoiro.**

 **TEATRO**

**19:00 - 20:30 h**

**Mesa de debate. A Arte Intermedia ¿territorio de okupación? contribucións de Xénero**

As miradas e experiencias desde as diversas prácticas profesionais configurarán unha imaxe poliédrica da presenza e importancia de ser muller nos contextos das ACTS (Arte, Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade).

- **Margarita Ledo Andión**, Realizadora, Investigadora e docente da Universidade de Compostela USC.

**Proxecto:** Recoñecer o corpo, recoñecer a fala. Paseata polo meu traballo máis amador e persoal a partir da relación entre o corpo e a fala. É a voz e o corpo en exilio da actriz de orixe galega María Casares no filme de Alain Resnais Gernika, 1945

- **Nieves Rodríguez Brisaboa**, Enxeñeira Informática, Investigadora e docente Universidade da Coruña.

**Proxecto:** Unha reflexión sobre o impacto da nova economía dixital na sociedade. Na perda masiva de postos de traballo e de dereitos laborais... e sobre a necesidade dun novo pacto social. E importancia de ter talento feminino nas carreiras tecnolóxicas e as consecuencias de non o ter.

- **Maria Ruido**, realizadora, artista visual, investigadora e docente da Universidade de Barcelona.

**Proxecto:** La fábrica y el sexo. Sobre la representación de la división sexual (y racial) del trabajo y como producción y reproducción se están fusionando en el biocapitalismo actual. El cuerpo de todos y

todas es ya nuestro territorio fundamental del trabajo contemporáneo, del trabajo en tiempos de la “uberización”

- Modera: **Silvia García González**, Profesora e decana da Facultade de Belas Artes de Pontevedra

## 📍 HAL

**19:00 - 22:00 h**

### **Instalación Interactiva The Plants Sense.**

De María Castellanos e Alberto Valverde, (O dúo Artístico- tecnolóxico que traballan xuntos desde o 2009, con unha recoñecida traxectoria internacional. Son docentes na Universidade de Vigo).

The Plants Sense: No vestíbulo do teatro un xardín vivo, onde o público pode experimentar o que as plantas senten a través de sensores e dispositivos creados para esta peza.

A peza está formado por un xardín interactivo no que diferentes sensores miden as oscilacións eléctricas das plantas conectadas e mostran as súas reaccións bioquímicas á presenza humana e ao ambiente que os rodea.

## 🎭 TEATRO

**20:30 - 21:00 h Experiencia guiada e presentación da obra, comentada pola artista.**

**21:30 - 22:30 h**

### **Espectáculo #14SKYLINE,**

Da Compañía Kònic Teatro. Dirección escénica Rosa Sánchez.

Kònic Unha Plataforma especializada en linguaxes escénicas interactivas, o seu traballo foi presentado en máis de trinta países de Europa, Asia, África e América 3 mulleres en escena para falarnos de como os media manipulan as persoas. Referente exploratorio a Psicopolítica nun contexto feminino-tecnolóxico. Un proxecto escénico de danza, música, luz, audiovisuais, escultura, dispositivos tecnolóxicos deseñados por kòniclab.

## Xornada VII

# A memoria diversa

 **18 e 19 de xuño de 2021**

 **Pazo de Mariñán**

A MEMORIA DIVERSA nace para recuperar e reivindicar a memoria histórica do colectivo LGBTIQA+ en Galicia e da necesidade de darlle visibilidade a aquelas persoas que loitaron pola visibilización e dignificación do colectivo, así como as vítimas da represión e o rexeitamento por cuestión de orientación ou identidade de xénero. Interéсанos a perspectiva social, política e humana da diversidade. Voces e movementos necesarios, ausentes noutros estudos relacionados coa memoria histórica que nos axudan a construír o relato memorialístico en clave diversa e galega.

### **VÍDEOS:**

*A Memoria Diversa·  
Relatorios Venres*



*A Memoria Diversa·  
Relatorios Sábado  
Mañá*



*A Memoria Diversa·  
Relatorios Sábado  
Tarde*



## PROGRAMACIÓN DA XORNADA

 **VENRES 18**

**16.30 h**

### **(A) ausencia de Memoria Histórica LGTBIQA+.**

- **María Xesús López Escudeiro**. Coordinadora do programa “Vivas e Visibles” de recuperación da memoria das mulleres e coautora da exposición “Do gris ao violeta” para o programa “A Memoria das Mulleres”. Autora de diversos artigos arredor da memoria histórica.
- **Marcos Gabriel López López**. Comisario de “A MEMORIA DIVERSA”. Deputado de Cultura, Xurxo Couto e deputada de Igualdade, María Muíño, da Deputación da Coruña.

**17.00 h**

### **Feminismo Lesbiano en Galicia.**

- **Nanina Santos Castroviejo**. Cofundadora da Asociación Galega da Muller (AGM) en 1976; da equipa de redacción de ANDAINA: revista galega de pensamento feminista.

- **Guillermina Domínguez Touriño**. Docente, escritora e investigadora feminista no ámbito da presenza e representación das mulleres na Historia e na Arte.
- Presenta: **Noemí Díaz**. LesCoruña e Rede Galega de Docentes LGBTI.

**18.00 h**

### **A loita pola diversidade: os inicios do movemento.**

- **Jordi Petit**. Activista LGBTIQA+ e presidente honorífico da coordinadora Gai-Lesbiana de Catalunya, membro de Honra de Stop Sida, premio solidariedade do Instituto de Dereitos Humanos e a Cruz de Sant Jordi pola súa loita a prol dos dereitos civís.
- Presenta: **Lalo Vilar**. Colectivo Agrocuir. Representante do Colectivo Agrocuir.

**19.00 h Descanso.**

**19.30 h**

### **Proxección/Premiere do filme documental “PERSOAS S.A.”.**

- **Carme PG Granxeiro**. Directora e realizadora audiovisual.
- Presenta: **Cristina Palacios**. ARELAS, Asociación de Familias de Menores Trans\*

## **SÁBADO 19**

**10.30 h**

### **A resistencia Trans.**

- **Laura Bugalho Sánchez**. Sindicalista e activista no Transfeminismo.
- **Eric Dopazo**. Músico, filólogo e activista trans.
- Presenta: **Patrick Dopico**. Asociación Trans Amizando

**11.30 h**

### **Silenciamento das voces diversas na Literatura Galega.**

- **Carlos Callón.Docente**. Escritor, investigador e activista do movemento LGBTIQA+.
- Presenta: **Ana Amigo Ventureira**. Asociación Avante LGBT+ e Rede Galega de Estudos Queer.

**12.30 h Descanso.**

13.00 h

### Historiar o diverso.

- **Daniela Ferrández Pérez**. Doutora en Historia contemporánea e bolsreira da Deputación da Coruña como investigadora da historia LGTBQA+ en Galicia.
- **Mariám Mariño Costales**. Investigadora en antropoloxía feminista e técnica do centro de documentación de igualdade e feminismos do Consello da Cultura Galega.
- Presenta: **Elisabeth Pérez Costas**. Asociación Nós Mesmas.

16.30 h

### Contra a desmemoria. Voces recuperadas a través do audiovisual.

- **Domingo Díaz Docampo**. Director do filme “Tomás Fábregas. Fighting Barriers”. Representante da Asociación “ALAS”

17.30 h

### Presentación do libro “A Memoria Diversa”.

- **Eva Mejuto Rial**. Xornalista, escritora e autora do libro.
- Presenta: **Soledad Fernández Costas**. Chrysallis Asociación Estatal de Familias de Menores Trans

18.00 h **Descanso.**

18.30 h

### Concerto de Éric Dopazo: Un rapá Transquilo.

### LIBRO “A MEMORIA DIVERSA”.

Co obxectivo de poñer cara e voz á diversidade, “Memoria diversa” busca retratar a historia do colectivo LGTBQA en Galicia a través de doce entrevistas. Trátase de narrar vivencias de persoas que empezaron o movemento, que viviron o silencio, a discriminación, a represión por cuestión de orientación ou identidade de xénero, nos últimos anos da ditadura e nos primeiros tempos da democracia. Militantes da diversidade que nos amosan, desde as súas vivencias persoais, a evolución da sociedade en materia de diversidade de sexo e de xénero. As entrevistas acompañanse de fotografías de Carme Cerviño e documentos gráficos da época.

## Xornada VIII

# A igualdade cultural (tamén) é un dereito

Comisaria das xornadas: Clara Rodríguez Cordeiro

 **24 e 25 de setembro de 2021**

 **Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, Santiago de Compostela**

### **VÍDEOS:**

*A igualdade cultural (tamén) é un dereito: Feminismos e creación contemporánea na Galiza - Bloque 1*



*A igualdade cultural (tamén) é un dereito: Feminismos e creación contemporánea na Galiza - Bloque 2*



A pesar de que as mulleres sumamos o 51,73% da poboación galega, acceder a unha programación cultural diversa e paritaria, na que poder coñecernos e recoñecernos, continúa a resultar, cando menos, complexo. Desde este contexto, as presentes xornadas queren primeiramente defender a urxencia de apostar pola igualdade cultural como dereito, subliñando o inaceptable de continuar a amosar e apoiar unha programación cultural maioritariamente masculina e masculinizada.

A ausencia de mulleres artistas xa non pode, nin debe, ser unha excusa. Tanto na literatura, como nas artes visuais, o deseño ou a música, destaca a gran variedade e calidade das creadoras galegas e, por iso, a nosa proposta formula unha programación totalmente conformada por mulleres, desde unha mirada feminista, integral e multidisciplinar da realidade contemporánea.

Ao redor de dous bloques temáticos e, en dous días consecutivos, abordaremos as dificultades e eivas do noso sector pero tamén as posibilidades individuais e colectivas de resistencia. Debatiremos tamén arredor de temas centrais da axenda feminista, como as maternidades ou os coidados, totalmente alleos aínda ao ámbito profesional, e achegarémonos a diversas propostas creativas da nosa contemporaneidade.

## **PROGRAMACIÓN DA XORNADA**



### **VENRES 24** **BLOQUE 1**

*A creación será  
feminista ou non será.*

**16:00 a 16:30 h**

#### **Apertura da xornada.**

Benvida e presentación a cargo de Xurxo Couto, Deputado de Cultura da Deputación da Coruña, e de Clara Rodríguez Cordeiro, comisaria da xornada.

**16:30 a 17:30 h**

#### **Poñer a lingua no centro: creación e feminismos fronte ás hexemonía.** — Coloquio entre Eli Ríos e Eva Mejuto.

**17:30 a 18:30 h**

#### **A cultura como campo de batalla: da violencia patriarcal á resistencia creativa.**

Panel de experiencias multidisciplinares con: Alexandra Vázquez Rei, Corentena Producións, asociación audiovisual / Diana Sieira, actriz / Uqui Permui, deseñadora.

**18:30 a 19:00 h**

#### **Pedrada.**

Performance de danza e música a cargo de Marcia Vázquez e Pau Herrero.

**19:00 a 19:20 h Pausa.**

**19:20 a 21:00 h**

#### **O colectivo como lugar: visibilidade, denuncia e redes de apoio.**

Mesa de debate con: Modera Sonia Vizoso, xornalista / Ana G. Liste, Xornalistas Galegas / Chelo Loureiro, CIMA Galicia / Eli Ríos, A Segra / Marcia Vázquez, 85C / Pau Herrero, 85C.



### **SÁBADO 25** **BLOQUE 2**

*O persoal... é política  
cultural.*

**10:00 a 10:30 h**

#### **A Aldea das Mulleres.**

Intervención escénica a cargo da actriz Carmen Conde.

**10:30 a 12:00 h**

**Maternidades creativas: enfoques e relacións entre o laboral, a precariedade e os coidados.**

Mesa de debate con: Modera María Lado, poeta / Anxela Caramés, crítica de arte / Su Garrido Pombo, música / Raquel Oitavén, artista de circo / Diana Rodeiro "Nana", artista urbana / Iria Pinheiro, actriz.

**12:00 a 12:15 h Pausa.**

**12:15 a 13:45 h**

**Vencendo o síndrome da impostora: feminismos e relatos da creación actual.**

Panel de experiencias multidisciplinares con: Antía Yañez, escritora / Rebeca Lar, artista plástica / Bea Lema, ilustradora / Pauliña, música.

**13:45 a 14:00 h**

**A igualdade cultural (tamén) é un dereito.**

Presentación da intervención da artista plástica María Meijide epeche.

**Actividades paralelas:**

A artista María Meijide desenvolverá durante os dous días unha acción pictórica acompañando o proceso discursivo da xornada e articulando, a modo de work-in-progress, unha intervención que se poderá visitar in situ e compartir posteriormente en redes sociais. Tamén de xeito continuado, a cooperativa Gaia Ecocrianza habilitará un espazo para facilitar a conciliación das asistentes e a fotógrafa feminista Charo Lopes recollerá coa súa cámara todo o encontro.

COIDADADOS



## **“Coidar de nós, para coidar da cultura”**

Sergio Lago

Hai moitas formas de habitar e ollar o mundo. Tamén a cultura.

No noso sector a atención recae habitualmente, tanto en medios de comunicación como en foros profesionais, nas prácticas, experiencias e creacións -con éxito- que producimos.

Falar da cultura desde unha visión social implica, ao meu ver, ir máis aló dos artefactos e poñer o foco nas persoas. Por unha parte, para quen facemos o que facemos? Pero tamén, cal é a situación de quen operamos no sector cultural?

### **E, como estamos?**

O título deste artigo fía cun proxecto que tiveron a oportunidade de coordinar para a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, en colaboración con outras asociacións estatais. Nel quíxose abordar precisamente esta pregunta e sobre todo, reunir propostas para mellorar a situación laboral no sector.

Comezando pola diagnose, nos distintos espazos de encontro xerados agromaron varios consensos básicos: Temos un **sistema público** desbordado, escaso de recursos, sen planificación e dirixido en demasiadas ocasións por quen directamente non cre nel.

E por outra parte, un **ecosistema creativo** con enormes desigualdades, atrapado nunha dinámica de hiperprodución insostible. Ao tratarse dun sector con poucos recursos -para a maioría-, as dinámicas son moi competitivas polas *migallas do pastel* e non por facer o bolo máis grande. Ou simplemente máis sustentable.

Non temos tempo. Isto vólvenos ensimesmados no urxente, no inmediato. O cansazo atrávesanos. E en termos de saúde, persoal e sectorial, non estamos ben.

En xeral somos conscientes de todo isto. Pero, como no conxunto da sociedade, temos tamén interiorizadas que as primei-

ras solucións pasan polo individual: *toma isto que é bo para o estrés, vai a terapia -a saúde mental é importante, non o agoches-, organízate mellor, sal da túa zona de confort, fórmate e recíclate, transfórmate e optimízate dixitalmente, sé máis sustentable...* En definitiva, se a cousa non funciona é porque ti estarás a facer algo mal. De feito, a moita xente si que lle vai moi ben. Ou acaso non o ves nas redes sociais?

Outra das *marabillas* do sistema no que vivimos, non só no noso sector, é que non nos deixa demasiado tempo nin enerxías para pararnos a pensar, e menos aínda para **xuntarnos colectivamente** a compartir ou organizar alternativas.

Canto tempo temos que adicar a traballar para xuntar un mínimo para (sobre)vivir? Cantos proxectos e tarefas ao mesmo tempo nos vemos obrigados a realizar? **Ter tempo** para parar, para reflexionar, incluso simplemente para descansar, é un luxo.

*Estamos a mil, sempre ocupados, desactivados e desconectados. De aí que cando intentamos ir máis aló do laio, sexa na taberna ou en efémeros espazos de encontro profesional, chegamos xa moi cansos á pregunta crucial: por onde comezamos a cambiar as cousas?*

A complexidade e amplitude dos retos actuais, un certo fatalismo, xunto a esta falta de tempo individual e en colectivo, dificultáanos a comprensión do que sucede e polo tanto, do que podemos facer en concreto para avanzar. Simplemente sobrevivir cada quen, que xa é bastante? Ou só nos queda a utopía dunha revolución?

É suxectivo como Marta Carmona e Javier Padilla abordan este falso dilema no seu libro *Malestamos, cuando estar mal es un problema colectivo*. Non se trata de escoller entre atender a singularidade do sufrimento persoal ou a mobilización política. É importante poder falar abertamente do que nos pasa e pedir axuda para paliar as **consecuencias** que nos provoca este sistema. Pero, para corrixir os **problemas** estruturais que as causan, tamén precisamos reflexión e acción colectiva.

## **Quen somos** **“nós” na cultura?**

Partindo dese malestar colectivo que nos atravesamos como sociedade, poñamos de novo o foco en nós, as traballadoras e traballadores da cultura.

Para ter unha diagnose máis precisa de como estamos é necesario identificar que **perfis, problemáticas e intereses diferentes** conforman ese “nós”. Neste sentido, as clasificacións profesionais e achegamentos estatísticos oficiais dentro do concepto de “traballo cultural” non nos axudan demasiado, xa que os diferentes organismos non acaban de poder fixar e interpretar a súa realidade heteroxénea e cambiante.

En calquera caso, o concepto de traballo cultural nace, sen dúbida, dos **artistas e creadoras profesionais**. Arredor delas e das súas obras constrúense **sectores culturais específicos**, onde xorden outros perfís profesionais e entidades públicas e privadas que participan con distintos roles nas súas **cadeas de valor**: outros oficios creativos auxiliares, formación, produción, distribución, exhibición, difusión, etc.

Reducir a cultura á cadea de creación profesional é simplista, despois iremos a iso. Pero si que é certo que se trata da parte máis visible, coa que se nos identifica e que comparte unha premisa común: hai unha obra ou experiencia cultural que, máis aló do pracer de creala ou practicala, considérase que ten un **valor suficiente para interesar a outras persoas**.

A partir dese momento decídese entrar nun xogo de mercado. Un negocio no que non sempre é preciso que exista un intercambio económico, xa que hoxe compítese por captar algo moito máis valioso e escaso: o noso tempo. A nova moeda da **economía da atención**.

Precisamente sobre economía, líalle hai anos a Xavier Greffe que a dinámica do sector explícase a partir da alta **incerteza** sobre o posible éxito ou non dunha obra creativa. Isto fai que a industria, esa parte da cadea de valor encargada da produción e da distribución de *contidos*, precise que se xere continuamente unha base moi grande de *produtos*. Para que así, os poucos que acaden ese

éxito compensen o custo do resto de *intentos*. Ao longo do S. XX, na busca dunha maior rendibilidade, este sistema foi producindo tamén unha presión para que, ademais dun alto volume, as novas propostas puideran chegar coa menor retribución de partida posible para as súas creadoras. Xeralmente a través de fórmulas onde estas foron compartindo cada vez máis o risco. As lóxicas das plataformas e canles dixitais deste comezo do S. XXI afondaron neste aspecto, conseguindo xa que esa retribución inicial, cando subimos contidos a elas, sexa nula.

Se volvemos a poñer o foco nas persoas, cando falamos de *intentos, produtos e contidos* na cultura estamos a falar de proxectos vitais: Unha gran masa de man de obra creativa dispoñible, en constante rotación de entrada-expulsión que acepta, ou non lle queda máis remedio que aceptar, estas condicións de incerteza.

Que isto suceda explícase habitualmente desde unha cuestión vocacional. Persoas que non atopamos a mesma satisfacción en empregos máis estables pero menos *creativos*. E que imos resistindo a base do **entusiasmo** que sinala habitualmente Remedios Zafra.

Pero tamén hai outra explicación, similar á que nos leva a xogar á lotería. A **expectativa** de chegar a ser un deses casos de éxito. Podemos intuír que por cada artista ou proxecto cultural que chegou á cima -que gañou o *bote*- tiveron que existir milleiros de *perdedores* que probablemente tiñan igualmente talento -se iso se pode medir- e polo tanto oportunidades de partida similares. Pero aínda así seguiremos a xogar a esta lotería. Porque o pulso creativo está aí, alimentado co estímulo regular dalgunha *pedrea* en forma de recoñecemento, sexa económico ou en forma de *salario emocional*.

Outro factor relevante é que gran parte das traballadoras culturais compaxinan máis dun oficio. Un deles, a xestión cultural, debера asegurar a viabilidade e sustentabilidade dos proxectos. Pero a realidade é que con frecuencia, máis que un oficio, trátase dunha función asumida por obriga para moitas persoas que, antes de nada, son artistas, comisarias ou simplemente, desexan levar as

súas ideas creativas á práctica. É natural e comprensible, polo tanto, que o principal obxectivo deste colectivo sexa sacar adiante os proxectos propios. Moitas veces custe o que custe.

Detéñome nesta natureza intrínseca da actividade artística e creativa, porque me parece relevante para comprendernos. E para entender tamén a nosa vulnerabilidade nun contexto de mercado, económico e de tempo de atención, tan agresivo e competitivo.

### **Os dereitos culturais (da cidadanía)**

Falar de dereito á cultura non é novo, aínda que agora sexa o eixo de conversa sectorial. O **dereito de acceso** universal aos bens e contidos culturais está na base das primeiras políticas culturais que se impulsaron en Francia hai máis de 60 anos, baixo o paradigma da democratización cultural. Tamén o **dereito a participar** activamente da cultura, xa baixo a posterior visión dunha maior democracia cultural. Esta idea da participación vertebrou tamén gran parte dos procesos culturais nos anos dez, baixo o impulso social e dos movementos políticos xurdidos a partir do 15M.

Unha parte dese dereito á participación activa, ademais das manifestacións de cultura popular, sería o **dereito á creación** amadora ou profesional. Trátase da base contemporánea que continúa a alimentar o noso **patrimonio material e inmaterial** e que nos permite existir como culturas propias e diferenciadas. Nun contexto global que tende á homoxeneización, organismos internacionais como a UNESCO ou a Comisión Europea artellan tamén gran parte das súas iniciativas sobre esta defensa da **diversidade cultural**.

A creación profesional é polo tanto unha parte importante, pero só unha parte, da cultura. Aínda que exista cooperación sectorial e poidan integrar valores sociais nos seus proxectos, a natureza do sector profesional da creación é, por forza, **competitiva**. Como vimos, o éxito ou fracaso dos proxectos depende de acadar tempo suficiente de atención do público. E con iso un retorno económico ou ese outro salario emocional do recoñecemento, segundo as expectativas e a situación persoal de partida de cada un.

Esta clave, na miña opinión, marca a principal diferenza co **outro gran grupo de traballadoras e traballadores da cultura**: aquelas

que desde **a xestión, a mediación e as políticas culturais** conforman o sistema que debe garantir os dereitos culturais. Que debe-  
ra pensar nas necesidades e intereses do conxunto da cidadanía.

Aínda que en Galicia tamén existan institucións culturais e organiza-  
cións especializadas, a maioría deste tecido vinculado aos  
dereitos culturais son **equipamentos e servizos socioculturais  
de proximidade**: áreas municipais de cultura, teatros e auditorios,  
bibliotecas, centros cívicos, arquivos e museos locais, etc

Son polo tanto en gran parte **traballadoras públicas**, con pos-  
tos fixos ou temporais, incluíndo aquí aos cargos políticos. Pero  
tamén existe un amplo **sector privado**. Profesionais organizadas  
maiormente en fórmulas de autoemprego, na economía social ou  
do terceiro sector, como por exemplo fundacións. Ademais de  
todas as formas de **cultura comunitaria**, sexan entidades aso-  
ciativas ou colectivos informais.

Finalmente, deberamos contemplar tamén aquí os **chanzos de  
base da cadea de valor do sector creativo**: educación artística  
formal e informal, locais de ensaio, salas de concertos, librarías  
de barrio, espazos artísticos autoxestionados, etc. Son todos eses  
espazos e persoas sobre as que agroma a experimentación, a  
creación amadora e que acollen os primeiros pasos das futuras  
iniciativas profesionais.

## **Precariedade e atomización**

Feita esta aproximación a quen somos, vaíamos agora ás proble-  
máticas que nos atopamos.

En primeiro lugar, se hai unha palabra recorrente ao falar do sec-  
tor cultural é a precariedade. Un termo algo difuso, pero que  
se asocia a empregos inestables, mal remunerados, con poucos  
dereitos e que, en definitiva, non permiten soste unha vida digna.

Como vimos antes, hai varios compoñentes vinculados ao risco  
e a incerteza sobre o éxito -ou non- das propostas creativas que  
explican unha certa inestabilidade inherente ao feito artístico.  
Tamén que esta se estenda aos oficios que a acompañan, espe-  
cialmente pola **intermitencia** das súas actividades.

O que resulta relativamente máis recente é a extensión da precariedade e do **traballo a risco -por conta propia-** a moitas outras profesións creativas e culturais.

Sen ir máis lonxe, en Galicia, hai vinte anos, existían institucións con medios e tamén un modesto tecido de empresas culturais, oficinas de contratación, editoriais, etc. Este ecosistema tiña certa capacidade para soste equipos asalariados e profesionais de perfís especializados. Nel tamén era posible que a xente nova puidera acceder ao sector e nalgúns casos, saír despois e montar as súas propias iniciativas. Sabendo que repetir -e que non- do aprendido.

Coa crise de 2008 produciuse unha ampla destrución destas estruturas empresariais intermedias e un desmantelamento de moitas institucións. A partir de aí, a reconstrución poscrise durante os anos dez, se se pode chamar tal, viu marcada baixo a bandeira do emprendemento -facerse autónomo- como resposta a calquera demanda de traballo decente. Isto explícao moi ben Jaron Rowan nas súas publicacións daquela época baixo a editorial Traficantes de Sueños

Neste contexto *empendedor*, a **atomización** do sector aumenta e tamén os seus problemas derivados: unha excesiva carga multitarefa -tanto nas que poidamos estar especializados coma nas que non, porque non podemos externalizar-, ter que compaxinar varios traballos ou proxectos simultáneos para acadar uns ingresos mínimos e, en definitiva, baixa produtividade e cronificación da falta de tempo. Perdemos moitas enerxías en intentar aprender a facer -mal- un pouco de todo, o que tamén nos xera frustración, problemas de autoestima e de saúde mental. Todo isto levado case sempre en soidade.

Esta atomización á que apuntamos, non nos enganemos, supón vantaxes para moitos axentes do sector, tamén do público. Porque permite acceder a unha masa de microestruturas e autónomos cun nivel de flexibilidade moi alto, a prezos baixos, sen protección sindical nin mecanismos de defensa dos seus dereitos colectivos .

Este traballo autónomo non debera ser malo por si mesmo. Nin a aspiración de liberdade e flexibilidade que supón. Pero só se responde a unha liberdade de elección e que por norma xeral permita percibir, no mesmo marco profesional, unha maior retribución que estando contratado por conta allea. Incluídos todos os custos salariais e indirectos que lles estamos aforrando ao empregador.

Isto fía con outro requisito para poder operar como autónomo ou empresario, que é a necesidade de reunir un **maior coñecemento económico, financeiro e legal** no sector. Non tanto a través de *cursiños de emprendedor* -máis tempo que non temos- senón sendo realistas, creando espazos colectivos e asociativos para compartilos. Ou mutualizando servizos de asesoramento externo especializado. Algo tamén moi necesario para abordar a complexidade gradual da lexislación aplicable e dos procesos burocráticos na cultura. Sería un xeito de evitar enganar e (auto)enganos, levados pola predisposición que o entusiasmo e esa expectativa de potencial éxito futuro nos provoca.

Paradoxalmente, iniciativas positivas para as melloras das condicións das traballadoras, como o Estatuto do Artista ou os cambios lexislativos recentes en materia de contratación, supoñen un reto para o actual tecido de autónomos e microempresas. Estas manifestan **difícultades para formalizar contratacións laborais** dentro da natural intermitencia dalgúns oficios. E tamén, moitas veces, outra contradición é que as condicións económicas nas que o propio sector público contrata proxectos non permiten soste todas esas garantías laborais que impón ao mesmo tempo. Queda traballo de axuste por diante para acadar un maior equilibrio.

Retomando o fío cronolóxico, durante os anos dez emerxen as redes sociais e a normalización dunha nova tarefa que se suma nas nosas vidas, máis aínda para os **emprendedores**: coidar a nosa marca persoal. Para ser alguén, para ter traballo. Non é un asunto menor para entender o esgotados que nos atopamos e a ansiedade por non dar chegado a todo o que parece que moitos outros si chegan.

En paralelo, a transformación dixital e as novas plataformas de contidos perfeccionan o modelo de traballo gratis ante a expectativa de chegar a ser como os novos referentes de éxito: creadores dixitais e influenciadores (*influencers*), tamén no sector profesional cultural. E aí estamos neste momento, millóns de pagafantas (*prosumidor*) que alimentamos de balde, sexa con contidos ou datos, un oligopolio de corporacións dixitais privadas.

O seguinte paso, estamos a velo xa, é que todos eses contidos e datos permitan que a **intelixencia artificial xenerativa** vaia obrigando gradualmente a gran parte dos sectores creativos a reformular os seus procesos de traballo e modelos de negocio. Aínda que poida semellar distante nos seus efectos, é o novo gran desafío. Porque suporá a desaparición ou adaptación de moitos roles profesionais -un exemplo é o sector da tradución ou da do-braxe-, unha maior depreciación das condicións económicas en traballos onde o cliente non valore a singularidade creativa -ilustración, deseño, fotografía ou música para materiais publicitarios, por exemplo- e unha revolución no marco dos dereitos de autor.

As fábricas non eliminaron o traballo artesanal e a creatividade. Tampouco sucederá coa IA, que no lado positivo ofrece moitas vantaxes para optimizar os nosos procesos de traballo. Pero moitas enerxías e tempo deberán ser destinadas a comprender este novo marco e adaptarse. Unha vez máis.

En definitiva, os últimos anos están a supoñer unha frenética secuencia de crises encadeadas. Sobre unha delas, a pandemia, teño que recoñecer que era dos que tiña algunha esperanza en que o parón nos faría *saír mellores* sectorialmente. Apostando polo decrecemento e a sustentabilidade: *traballar menos, traballar mellor*.

Pero a realidade polo momento parece camiñar cara a dirección contraria. Unha crecente **hiperproducción** de cultura comida rápida (*fast food*). Contidos e experiencias culturais xeradas a un ritmo frenético que non deixan tempo para pensar, nin para quen as produce, nin para quen as consume. *O que facemos cada vez é menos importante, máis efémero, máis ignorado*, como adoita dicir María Yáñez.

### **Expulsións e perda de diversidade**

Ante todo isto, máis aló de ser conscientes, urxe tamén unha aposta por permitir que existan máis espazos para a **creación lenta**, para a investigación e a innovación na cultura. Algo que non vai poder facer unha intelixencia artificial. Falamos de formatos de residencias ou liñas de apoio que garantan estabilidade e liberdade a artistas e xestores culturais, sen obrigas produtivistas.

Por que non dicilo, hai tamén en toda esta visión sobre o sistema un certo rancor de **conciencia de clase**. Das *obreiras pobres que puidemos estudar*, como retrata Azahara Palomeque e que nalgún momento cremos naquela expectativa da meritocracia.

Sumando contradicións, é a mesma conciencia de clase que me xera pudor por falar de todo isto en voz alta. Lembro que meu avó moitas veces collíame a man; comparábaa coa súa, chea de calos e cicatrices e finalmente, abaneando a cabeza, dicíame con sorna: *“aquí pouco traballo hai!”*. Que pensaría agora escoitándome queixarme sobre condicións laborais? E sen ir tan atrás, que pensarán todas as traballadoras precarias de moitos outros sectores nos nosos tempos? *Ti polo menos podes adicarte ao teu, ao que che gusta. Sexa o que sexa iso que fas*, claro.

Aínda sendo conscientes de todo isto e da necesidade de non perder a perspectiva, co paso dos anos un tamén vai vendo como medra a listaxe de persoas, anónimas ou con nomes e apelidos -polas que sentes afecto-, que o sistema cultural foi queimando e expulsando. Para aínda así seguir funcionando grazas a unha nova remesa recentemente incorporadas.

Se un sistema require de queimar persoas constantemente para poder existir, hai un problema que se ha resolver. A resolver antes que calquera outra cousa.

Desde unha perspectiva sectorial, esta dinámica provoca tamén varias debilidades. Unha é que **non consegue reter as novas xeracións**. Segundo datos do Anuario de Estatísticas Culturais (MECD) en 2008 o emprego cultural no tramo ata os 24 anos era o 12,46%. En 2021 son só o 4,79%.

Se falamos de problemas de retención de talento, esta expulsión afecta tanto a voces creativas como a perfís que o sector cultural precisaría para mellorar as súas condicións de traballo. Será difícil abandonar roles multitarefa e gañar en produtividade, por exemplo, se non podemos captar e reter novos profesionais da xestión económica, captación de fondos, márketing dixital, etc.

Todo isto resulta paradoxal nun momento onde a transición dixital é un reto central e un suposto *maná* de financiamento. Aquí pode estar a darse unha analoxía que na cultura entenderemos moi ben: o investimento céntrase en dotación de equipamentos, antes edificios agora ladrillo dixital (*hardware e software*). E iso a pesar de que unha transformación dixital real, como sinalan as expertas, non é posible se non se fai a partir de persoas que fagan un uso efectivo e sustentable da tecnoloxía aliñada cos fins da organización. Neste sentido, aínda que todos podemos aprender e reciclarnos constantemente, parece natural que as persoas máis novas teñan moito que achegar nestes retos dixitais. Tamén no que implican para conectar cos públicos mozos.

Este envellecemento no perfil profesional é aínda máis destacado no sector público. Por unha parte hai un *tapón* xeracional natural ao tratarse de moitos servizos e equipamentos relativamente recentes, cun groso de ingresados aínda nos anos 80 ou 90. Pero a iso súmase tamén unha enorme dificultade para dotar de persoal as institucións públicas.

Outra realidade é a **desigualdade de xénero**, a pesar de que algunhas porcentaxes xerais poidan facernos pensar o contrario. Como ben sinala Remedios Zafra: *Non é certo que a cultura estea feminizada. Estano os fíos que a tecen, pero non quen manda nin quen, desde un chan estable, cobra e proxecta o seu futuro no traballo cultural.*

A falta de diversidade existe tamén desde o punto de vista da inclusión de persoas que por **orixe, etnia, discapacidade** ou en xeral, **causas socioeconómicas**, non participan na porcentaxe que debera corresponderlle da vida e do traballo cultural.

Todo isto tradúcese tamén noutra pregunta que me parece importante... **quen queda no sector?** Aqueles máis resilientes? Aqueles que só poden sobrevivir sen tempo para coidarse a si mesmos e aos traballos que desenvolven? Aqueles que adican parte do tempo libre que lles deixa outro emprego principal que lles dá sustento? Aqueles que teñen a vida resolta? Desde unha visión social, sendo a cultura a principal xeradora de relatos na sociedade, esta **perda de diversidade nas voces** que os xeran debera preocuparnos.

### **Un sistema en precario**

O termo precariedade adoita levarnos a pensar nunha problemática laboral exclusiva do sector privado. Por ampliar o foco, collo prestada agora a definición que a RAG ofrece de **precario**: *que non ofrece seguridade nin garantías de duración. Sen recursos suficientes. SINÓNIMOS: débil, feble, fráxil, inestábel, inestable.*

A maioría destas **traballadoras públicas da cultura** si teñen un salario estable que permitiría en principio manter unha vida digna. Pero se ollamos ao conxunto do sistema, á fragilidade das institucións e ao efémero de moitos dos proxectos que nelas se desenvolven, podemos falar sen dúbida dun sector público precario.

O sistema público da cultura sufriu unha acusada redución de orzamentos desde a crise de 2008. Tamén daquela época chegaron as limitacións na contratación de persoal, incluso para a reposición de baixas. Algunhas institucións foron salvando a situación a través de postos temporais ou directamente externalizando a través de falsos autónomos, bolsas, persoal *cedido* desde asociacións próximas, etc. Uns parches temporais que parecen cronificarse e formar parte xa da forma de operar *normal*.

E se isto pasa nalgunhas das poucas institucións con dimensión do País, cando ollamos ao tecido público maioritario, composto por pequenas entidades locais, debemos falar de novo de atomización. Equipos moi reducidos, cando non unipersoais, onde ás traballadoras públicas, igual que na sanidade ou na educación, cada vez se lles esixe máis con menos. A isto súmase a inxerencia afeccionada (*amateur*) política habitual no noso eido, cunha au-

sencia de coñecementos técnicos e sen unha mínima cultura da planificación. Un cóctel con efectos negativos na produtividade, menor valoración social do traballo que realizamos, problemas de saúde mental, etc.

### **A perspectiva dos coidados e a necesidade de novos indicadores**

Ante este panorama xorden novas preguntas. Está o noso sistema cultural en condicións de poñerse a falar de garantir os dereitos culturais? Podemos cumprir esa visión social?

Será difícil se non se conta con máis cartos e recursos, que chegarían a través de vontade política e dun maior recoñecemento social. Diso falaremos máis adiante. Pero se, *polo que sexa*, isto continuase a demorar paréceme suxestivo, ou canto menos complementario, abordar os retos do sector cultural desde a perspectiva dos **coidados**.

En primeiro lugar porque inmediatamente nos obriga a poñer o foco nas persoas, nos efectos tanxibles do que facemos -e das condicións nas que o estamos a facer- na vida.

Pero tamén porque, á hora de intentar mellorar as cousas, permite intentar aplicar cambios á escala na que cada un poida ou se sinta con forzas. Sexa o autocoidado, coas persoas máis próximas, xuntándose colectivamente ou, para quen teña unha responsabilidade institucional, coidando das persoas dun sector.

Esta visión e sensibilidade no coidado do sector está xa no fondo de **iniciativas institucionais** que se están a despregar internacionalmente. Desde o máis próximo desenvolvemento do Estatuto do artista español, pasando pola *Agenda de Trabajo Cultural Decente* (Ministerio das Culturas, as Artes e o Patrimonio de Chile, OIT e UNESCO), o proxecto piloto de Renda básica para as Artes (Ireland's Department for Tourism, Culture, Arts, Gaeltacht, Sport and the Media), o marco de *Código de Boas Prácticas* laborais que se aplica nos Países Baixos, o principio de equidade que rexe as políticas públicas en Austria - incluíndo unha estratexia de salario xusto nas Artes-, ademais do agardado *Estatuto Europeo para Artistas e Traballadores Culturais*, que formará parte do plan de traballo do grupo de cultura 2023-26 e da presidencia española do Consello da UE no 2023.

Para non quedarse só nas boas intencións, este cambio de actitude debe ir acompañada dunha mudanza nos **indicadores para medir o éxito** da acción cultural. Tanto nas avaliacións das profesionais como das entidades financiadoras.

*Evolucionar desde o canta xente foi ao festival? cantas actividades fixeches? cantos gústame (likes) tivo o teu último vídeo?, etc. cara a criterios de impacto social e sustentabilidade dos proxectos. Están as nosas actividades coidando da sociedade e das persoas que as fan posible?*

Por poñer un exemplo, hai unha cita de R. David Lankes que di que *as malas bibliotecas crean -só- coleccións, as boas bibliotecas crean -tamén- servizos, pero as grandes bibliotecas crean comunidades*. Se avaliamos o impacto dunha biblioteca só cos indicadores clásicos, de número de préstamos ou de usuarios totais, non se percebe o seu impacto social real. Só se analizamos a súa influencia na vida das persoas que as habitan, atoparemos o valor social das grandes bibliotecas. Uns dos últimos redutos de espazos públicos gratuítos onde poder refuxiarse do frío, ler prensa, acceder á Rede, atoparse cos veciños, combater a soidade, compartir gustos literarios ou reflexións nos clubs e tamén, o lugar que che vai garantir o acceso, superando calquera fenda e sexa cal sexa o teu nivel socioeconómico, a unha ampla colección de coñecemento, bens e experiencias culturais.

Para non quedarse só en relatos benintencionados e para quen teña interese, recomendo visitar as experiencias e reflexións inspiradoras que sobre **avaliación e novos indicadores de impacto social** reunimos na primavera de 2023, xunto á Rede Museística Provincial de Lugo ([comunidadermpl.gal](http://comunidadermpl.gal)) e a súa rede iberoamericana da museoloxía social.

## **Interdependencia**

Outro elemento interesante da ética dos coidados é a idea implícita da interdependencia.

Nun ámbito como o cultural, moi parcelado e *ensimesmado* territorial e sectorialmente, implica entender que, sexas un pequeno autónomo ou a conselleira de cultura, formas parte dun **sistema de interrelacións**, no que os seus posibles desequilibrios, dun

xeito ou outro, aféctannos negativamente a todos. E pola contra, un sistema equilibrado e san, que coide os chanzos máis débiles e non só aos que xa lles vai ben, beneficianos a todos.

Na práctica, para coidar do **ecosistema cultural dun territorio** hai que entendelo primeiro. E non hai un mapa ou manual único que nos sirva. Un posible punto de partida, como suxería ao inicio, sería comezar por facer unha análise do **sistema público e privado que permite garantir os dereitos culturais**. E despois, analizar a situación do **sector da creación profesional**. *Un maior papel da cultura na sociedade (...) pasa por combinar os intereses do conxunto da cidadanía e dos axentes culturais*, como explican tamén Àngel Mestres e Jordi Baltà.

No primeiro caso trataríase de analizar como están os equipamentos e profesionais do sistema público, pero tamén mapear o tecido privado, especialmente o asociativo e da cultura de base, amadora e semiprofesional. Tamén a presenza e o grao de coordinación entre o conxunto de administracións con competencias no sector.

Existen ferramentas sofisticadas para esta análise, como *Kultur-sistema*. Pero unha suxestión básica sería empregar como indicador principal a diversidade de persoas ás que se está a chegar -ou non- coa oferta actual. O equilibrio nos dereitos culturais da cidadanía pasa pola **equidade**, por detectar as diferentes fendas socioeconómicas, de xénero, xeracionais, xeográficas, dixitais, etc. que estean a impedir o acceso e participación de determinados colectivos. Trátase, en definitiva, de intentar non deixar a ninguén fóra.

Nesta liña teñen reflexionado voces moi interesantes como as de César Rendueles ou Nicolás Barbieri, sendo unha referencia ineludible a *Enquisa de Necesidades e Participación Cultural de Barcelona*, promovida polo Instituto de Cultura de Barcelona (ICUB). Trátase dunha ferramenta pioneira pola súa ollada sobre a desigualdade na participación na vida cultural da cidade e a identificación das variables que a explican: o territorio, o nivel socioeconómico, a educación, o xénero ou a familia.

Con respecto ao sector profesional da creación, a ollada sistémica sería diferente e pasaría por trazar e coñecer a **cadea de valor sectorial**. Unhas aliadas fantásticas para isto, ademais das mesas de traballo de axentes do territorio, son as asociacións profesionais. Suman coñecemento colectivo especializado e poden axudarnos a identificar as medidas máis necesarias. Un territorio non ten talento, ou polo menos non pode cultivarse. Pero o que si podemos facer é poñer as condicións materiais para que as persoas con talento poidan desenvolvelo, conectar con outras e achegalo á sociedade.

Diagnosticar e interpretar o noso ecosistema cultural permitiranos **planificar estratexicamente**. Algo que debера ser imprescindible nas políticas culturais de todos os niveis da administración, pero non só. Para os axentes que xestionen equipamentos ou proxectos serviralles tamén para identificar potenciais alianzas, complementariedades, necesidades da cidadanía non cubertas e en definitiva, permítenos trazar o mellor camiño co que cumprir os obxectivos e función social da nosa acción cultural.

### **Políticas culturais, cartos e burocracia**

Falando de equilibrios nos ecosistemas culturais, a responsabilidade histórica de coidalos e axudalos a desenvolverse atribúese ás **políticas culturais**.

Por contextualizar os modelos máis relevantes e dun xeito moi sintético, teríamos por unha parte o **modelo francés**. Unha institucionalización da cultura, a través de entidades que funcionan como estruturas de poder, que determinan a oferta cultural que debería chegar ao pobo, cunha aposta pola creación de equipamentos públicos. A problemática principal no seu traslado ao noso territorio é que non contamos con institucións culturais fortes, con proxectos independentes e xestionadas baixo criterios profesionais. Quédanos apenas que as decisións se concentran en estruturas de poder centralizadas e cunha rede de equipamentos con moitas carencias na dotación de equipos profesionais da cultura e/ou sen recursos suficientes para cumprir a súa función.

Despois estaría o **modelo anglosaxón**, de corte liberal. Entende que apoiando principalmente as estruturas de mercado, estas xerarán e autorregularán a oferta que lle interese ao público, sexa maioritario ou de nicho. Quen defende este modelo adoita argumentar que garante unha maior eficiencia e diversidade de oferta. Curiosamente, atópase coa contradición do dominio crecente de oligopolios, en forma de plataformas dixitais e grandes estruturas empresariais globais que concentran o poder sectorial.

A atención a artes minoritarias -non rendibles en termos de mercado- contéplase aquí desde o mecenado ou a filantropía. Aínda que en certo xeito, por quen e como se financian, tamén as condena a permanecer nun caixón elitista, de alta cultura.

É sinxelo ligar este modelo coa priorización hai uns anos no noso territorio das políticas dirixidas ás *industrias culturais e creativas*. Co matiz de que non contamos cunha cultura de mecenado que atenda a esoutras manifestacións artísticas non *industriais*, como as artes do movemento ou as visuais e plásticas, por poñer algún exemplo. Nin mecanismos públicos complementarios suficientes.

Para exercer as políticas culturais, desde un punto de vista pragmático, a ferramenta principal coa que se debe contar son **orxamentos** suficientes que as acompañen. Non vou afondar nos datos que outros compañeiros, como Marcos Lorenzo, teñen sinalado regularmente sobre o recorte que neles se produciu e que nunca chegaron a recuperarse despois das sucesivas crises. Só indicar que segundo os datos de 2020 do Anuario de Estadísticas Culturais (MECD) estamos concretamente no 72% de gasto total con respecto ao 2009, sumando Estado, CCAA e entidades locais. E isto sen contar coa práctica desaparición dos importantes fondos que á cultura destinaban entidades culturais ligadas ás caixas de aforro.

Por iso, cando falamos de iniciativas lexislativas para garantir os Dereitos Culturais, é importante que aglutinen un consenso político arredor da súa importancia, como na pioneira Lei Navarra de 2019. Pero tamén non descoidar que contemplan elementos

prácticos esenciais, como as que recolle por exemplo a recente Lei do sistema público de Canarias, aprobada por unanimidade no seu Parlamento. Nela introdúcese un intento de ordenación do sistema público de cultura, acompañado pola fixación por lei dunha porcentaxe mínima de orzamento para a cultura, que en 2030 debера acadar o 2%. En Galicia estamos hoxe en día no 0,8% aproximadamente.

Ademais dos importes totais, é tamén importante ver como é o seu reparto. Neste sentido, en Galicia pode observarse unha aposta por determinadas liñas de políticas culturais onde a cultura está ao servizo da marca territorio e polo tanto do turismo. É lexítimo, pero tamén resulta comprensible, desde a perspectiva do equilibrio no uso de fondos públicos, que se miren con perplexidade as comparativas de cantidades destinadas ás diferentes partes do sistema cultural galego.

Sobre turismo e cultura non quero deixar de lembrar o que nos indican diferentes voces académicas, como por exemplo as de Econcult (Universitat de Valencia), unha das principais unidades de investigación europeas en Economía da Cultura: **En termos de produtividade, o sector turístico é peor investimento público para o desenvolvemento dun territorio ca o cultural.** O rendemento dun euro de investimento desde esa perspectiva de eventos culturais ao servizo de proxección turística produce un impacto moito máis efémero e un retorno menor en termos de riqueza. É máis espectacular, claro, e tamén é necesario *botar de vez en cando un foguete* para chamar a atención. Pero se invistes o mesmo euro no desenvolvemento do sector cultural local, resolvendo as dificultades estruturais que teña e permitindo que se desenvolva libremente, sen corsés monotemáticos, ese territorio á larga será máis atractivo pola súa oferta e proxección cultural. Tamén para que cheguen visitantes, tanto como turistas puntuais como con vocación de asentarse. Trátase, por suposto, dunha aposta política a longo prazo.

Por finalizar este apartado, se falamos de coidar desde as políticas culturais, sería relevante aquí falar da **violencia burocrática**

**e normativa.** A cal sofren especialmente profesionais e creativos con menos coñecementos de xestión. Máis aló da necesidade de achegar máis ou menos documentación, asumindo que todos queremos un sistema garantista coa boa xestión de fondos públicos, o **sistema de contratación e axudas** non pode artellarse como un mecanismo de tortura.

Aquí atopámonos con varias problemáticas. Unha sería a falta de coñecementos legais e tempo dun sector cultural -público e privado- moi atomizado. O que impide rebater as interpretacións da outra parte de funcionariado maioritariamente non especializado -ou sensibilizado- coa realidade do sector. Por intentar ilustrar isto, estou seguro que neste momento ducias de técnicos municipais e axentes privados están a discutir con Intervención como xestionar un mesmo problema de contratación cultural. Só dúas ou tres desas conversas finalizarán con éxito, o que podería servir para que as restantes tiveran unha físgoa (*resquicio*) técnica co que tamén resolvelo. Pero para iso precísanse **espazos ou repositorios de coñecemento compartido**.

Outro problema, que só se pode entender desde a falta de empatía e interese, é o **deseño de convocatorias** que en si mesmas impiden calquera planificación coherente dun proxecto cultural. Por poñer un exemplo, pódese sacar unha convocatoria anual en marzo, que che requiran un papeliño en agosto -a ver se te pillan despistado-, resolvan a finais de setembro e teñas que xustificar o proxecto antes de mediados de novembro. Por suposto, sen adiantos e tendo que aboar o 100% dos gastos para a xustificación.

Ou pódense sacar convocatorias plurianuais, ou canto menos con 9-12 meses por diante desde a resolución. E con adiantos do 80% ou 100%.

É sinxelo adiviñar cal propicia condicións precarias, proxectos lanzados en prazos absurdos e simultáneos, sen máis traxectoria que finalizar a xustificación e pensar xa en facer outro para a seguinte convocatoria. E cal coida que existan tanto unhas

condicións de traballo minimamente decentes, como que os seus resultados respondan con efectividade aos intereses públicos que lexitiman esas axudas públicas.

Falamos de exemplos reais amparados baixo o mesmo marco normativo. É polo tanto unha cuestión de **vontade e empatía**.

Pero non quero pechar este apartado coa simplista conclusión de que aquí está (*voilà*), xa temos culpables: *Que o arranxen todo as e os políticos*.

Outro principio relevante dos coidados é que implican un principio de **corresponsabilidade**. Evidentemente non todos temos o mesmo poder e responsabilidade, pero aceptar ou non determinadas prácticas profesionais e organizarse colectivamente tamén son mecanismos para facer política cultural.

No día a día da acción cultural pública, por exemplo, sería importante asumir en maior medida criterios e valores da **contratación pública responsable**. Ademais de que podemos atopar repositorios e formacións para incorporar tecnicamente cláusulas sociais, trátase sobre todo de ir máis aló do prezo do que se contrata. Priorizando as opcións que sabemos que poden estar a coidar a calidade do que se fai e os dereitos para as persoas traballadoras.

Da outra banda, no ámbito privado hai que **saber tamén cando dicir que non**. E organizar accións colectivas, especialmente a través das asociacións representativas para coidar dunhas condicións mínimas para todas e todos.

Sei perfectamente que pronunciar un *non* produce vertixe, especialmente cando estamos nunha situación vulnerable e non sabemos que outra alternativa pode saírnos a curto prazo. Pero ao mesmo tempo, dicir que si a unha proposta que non está a valorar o que facemos, implica moitas veces acabar traballando a perdas, cronificar o problema para nós e para o resto de compañeiras e sobre todo, perder un tempo valioso. O cal sería máis útil empregar en atopar onde si nos poidan valorar como merecemos.

Neste sentido, resulta imprescindible fomentar que poidan existir alternativas a través dunha maior **diversificación de financiamento** no sector. Especialmente para poder fuxir da dependencia de entidades e recursos exclusivamente locais. Por sorte comezan a visibilizarse máis opcións de patrocinio, así como redes e convocatorias no exterior con cada vez máis presenza de axentes galegos. Falamos de contornas que ademais nos permita conectar con profesionais que poidan compartir os mesmos valores, intereses e éticas de traballo. Ademais de poder operar con condicións máis dignas, trátase de premiar co noso esforzo e dedicación aquelas iniciativas onde nos coiden mellor.

## **O recoñecemento social**

Quero finalizar apuntando a unha idea que moitas compañeiras teñen repetido. A sustentabilidade do sector só chegará desde o recoñecemento social da cultura.

Este laio polo *escaso recoñecemento do noso labor* para efectos prácticos tradúcese tamén en desleixo político. Unha área de goberno que nalgunhas formacións políticas recae en figuras con menor peso, que se considera pouco relevante na tradución en votos e polo tanto, onde non é estratéxico destinar recursos.

Neste camiño para gañar recoñecemento social temos que xogar con todas as cartas dispoñibles, que non deberan ser incompatibles, senón complementarias.

Así, se ben antes propoñía diferenciar entre o sector da creación e o sistema que garante os dereitos culturais da cidadanía, só o formulaba para efectos de análise dun ecosistema cultural e para o deseño e planificación dunhas mellores políticas culturais.

Unha visión social da cultura non pode xogar con falsos dilemas e sentir alleo o **tecido económico da creación**, por moitos debates internos que teñamos sobre termos como industria e as decisións políticas que se toman sobre elas. Ademais da **xeración de emprego e riqueza**, teñen un **impacto emocional na xente** a través do entretemento, o encontro, o lecer, a felicidade, etc. Cousas que importan na vida. Sen esquecer a súa **capacidade de contarnos no mundo, de permitírnos existir e recoñecernos como cultura**

**propia.** E todo isto tradúcese ademais en que a cidadanía e outros sectores produtivos decidan destinarnos recursos, a través do consumo cultural e do patrocinio.

No caso de Galicia, temos unha industria audiovisual ou musical (polo menos no ámbito dos festivais) que pode denominarse así sen complexos. Isto implica que existe unha cadea de valor e unhas estruturas con estándares de profesionalización moi elevados, especialmente en comparativa con outros territorios. Que as condicións laborais nalgúns casos poidan ser mellorables, é posible. Enviemos inspeccións de traballo se alguén ten dúbidas. Pero demonizar a trazo grosso todo un sector é un erro. Porque hai determinados avances que están a chegar da súa man. Son quen están a impulsar estándares de maior calidade de traballo en produción, melloras na prevención de riscos laborais, plans de sustentabilidade integrais, de accesibilidade e inclusión, etc.

Dito todo isto, á hora de acadar recoñecemento social hai que ser conscientes de ata onde pode limitarnos esa simplificación da identificación da cultura só co sector da creación e en concreto coa parte exclusivamente da programación.

Unha mostra desta limitación é que, aínda que compartamos similitudes na parte de sistema público coa sanidade ou a educación, non existen nin se agardan movementos transversais, de profesionais e cidadanía, que saian xuntas a defender a cultura.

Desde a boa intención, na rúa ou máis ben nas pantallas das galas televisivas de premios, vemos só a profesionais da cultura a defendela. Que ademais adoitan ser a pequena parte de profesionais *de éxito*. Isto marca unha distancia coa cidadanía, que debemos entender e recoñecer: *por riba de traballar do que lles gusta e estar forrados, piden que llo paguemos nós*.

Debemos ampliar os eixos discursivos, porque ese só non está a funcionarnos.

Ultimamente vemos tamén esforzos por resaltar o **valor transversal da cultura** e a súa potencialidade en campos como o benestar social, a saúde, a educación, etc. Moitos deles enlazados coa **sustentabilidade**, non só a medioambiental, senón nas 17 dimensións que a ONU marcou como Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable dentro da axenda 2030. Ningún deles é cultural. Ante o *despiste*, afanámonos en xustificar que, de novo, a cultura é un piar e elemento transversal que permite axudar a acadar eses outros obxectivos.

En todos estes casos estamos a buscar lexitimarnos a través das **externalidades da cultura**, do **valor indirecto e instrumental da cultura para axudar** -resalto iso de axudar- a outros ámbitos. E onde moitas veces, máis aló da boa intención, non sempre existe unha metodoloxía e avaliación rigorosa do impacto social real que chega a ter. O punto que me gustaría sinalar é que se nos parece mellor aliarse en proxectos do eido da saúde, do medio ambiente, do desenvolvemento rural ou da educación que noutros do ámbito da economía creativa e o turismo, perfecto. Pero en certa maneira é o mesmo *xogo* de busca de lexitimización. E de *rescatar* fondos para a cultura dentro deses outros sectores.

Que son entón os dereitos culturais que defendemos? Cal é o **valor intrínseco da cultura** que merece o recoñecemento social que demandamos?

Jazmín Beirak adica o seu celebrado libro *Cultura Ingobernable* a recoller numerosas referencias e reflexións sobre estas preguntas, ademais de fiar posibles respostas e estratexias para explicalas, máis aló dos nosos círculos sectoriais.

*Cada vez máis voces, sei que tamén moitas das convidadas neste caderno, confluímos na idea de que precisamos (re)conectar máis a cultura coa vida real das persoas. Ceder o foco desde a creación e a actividade profesional a esa cidadanía destinataria dos dereitos culturais que defendemos. Permitindo que poidan achegar as súas propias respostas a preguntas aparentemente tan sinxelas como... Para que nos serve a cultura? Para que nos*

*serve ler, escribir, escoitar, tocar, emocionarse, pensar, reflexionar, trasladarnos a outras realidades, recuperar e preservar a memoria do que fomos, imaxinar o que seremos?*

A xente non vai saír á rúa a defender as condicións dun sector profesional. Vai saír se sente que perde algo coa precarización do traballo e os recursos no seu centro médico ou na escola local. E o mesmo co posible peche da súa biblioteca, co esmorecemento do seu teatro ou do centro sociocultural, coa desaparición de salas de concertos e librarías de barrio... en definitiva se todos eses espazos, que nós sabemos que garanten os seus dereitos culturais, realmente senten como propios, que teñen un impacto real na súa vida.

*Podemos sentir este obxectivo remoto e difícil pero, retomando as referencias de Jazmín Beirak, é interesante ollar e inspirarse en movementos como o ecoloxismo e o feminismo. Os cales, de igual xeito que a cultura, fan posible construír sociedades máis igualitarias, xustas, sustentables e amables. E que no seu caso si están a lograr transitar desde o espectro dos movementos sociais -do sectorial- a converterse en eixos transversais dentro da opinión pública e polo tanto, da axenda política.*

Sobre todas todas as ideas que intentei traer a este artigo, voces máis lúcidas veñen reflexionando desde hai tempo. Ademais das xa mencionadas, convídote a visitar a web **coidardenos.xestoresculturais.gal**, onde podes atopar moitos fíos para afondar nelas.

Tamén, desde unha perspectiva máis práctica, compartimos nese espazo dixital un mapa de retos máis detallado para o sector. Xunto a iniciativas e experiencias inspiradoras coas que, desde as administracións públicas, colectivos profesionais e tamén cada un de nós desde a mellora profesional, podemos intentar camiñar cara unhas condicións e un **traballo cultural máis decente**. Aquel que nos permita tamén coidar mellor da cultura. Que permita, en definitiva, soste e coidar da vida.













TEATRO



## Competir ou soster?

Roberto Pascual

A finais do ano 2022 asistimos a diferentes encontros sectoriais de Artes Escénicas onde puidemos escoitar repetidas veces un asunto común que parece preocupar á maioría de axentes (creadores, mediadores e profesionais da distribución) que establecen o seu traballo no ámbito escénico galego. Un debate profundo sobre o público, sobre a igualdade de dereitos e participación das persoas espectadoras.

<sup>1</sup> <https://erreguete.gal/2023/01/20/os-retos-do-asociacionismo-profesional-nas-artes-escenicas/>

Tanto na Xornada Profesional de promoción escénica e Musical organizada por Escena Galega e AGEM o 24 de novembro no Pazo de Cultura de Pontevedra, coma a dos “XX anos de Escena Galega. Retos do asociacionismo profesional como un dos eixos vertebradores do sector escénico”<sup>1</sup> organizado pola Deputación da Coruña no mes de decembro, veuse a pór de manifesto a necesidade de coordinar, definir as necesidades do servizo e mellorar as dotacións de todas as institucións que teñen como misión principal facer que o público galego teña unha relación máis fluída, diversa e constante coas artes escénicas. As artes, entendidas coma un ben de primeira necesidade para o progreso social e non coma un produto de libre consumo para quen poida acceder comodamente a el (en función da clase, da condición, da xeografía ou do moi competitivo que sexa o seu lugar de residencia).

Tanto Patricia Hermida, coma Olga Mojón, coma Marcos Alonso, entre outros, coincidiron en sinalar a tendencia de exceso de produción como xeito insostible de supervivencia. Supervivencia ou condena ao estado comativo. Evidentemente, hai quen opta pola disidencia das redes oficiais (en Galicia hai dúas estritamente profesionais, sendo a dunha Deputación, a coruñesa, de meirande dinamismo cá da propia AGADIC da Xunta de Galicia), pola fuxida das dinámicas e requisitos caducos das subvencións ou dos valores e modas establecidos polos gustos de quen manda (quen ten a sala máis chea ou sae mellor na prensa son tópicos ocultos xunto a

unha obsesión cegadora de pensamento progresivo e autocrítico). Quen ten máis recursos, quen ofrece máis pluralidade de accións (non só de espectáculos) e quen integra mellor semella non estar tanto na boca da xente. Esa cousa dos dereitos da cultura aínda non chegou con forza. Por iso se practica aínda máis a inxerencia nos procesos creativos (por non dicir censura) cá intervención nos procesos de dinamización e planificación. Unha vez escoitei a unha vaca sagrada liberal do sector teatral que a única responsabilidade de encher unha sala é a do artista. E isto parece que o toman ao pé da letra unha boa parte de axentes políticos que gobernan a nosa terra á vista dos debates que tiveron lugar nos citados encontros. É por iso que se nos presentan varias preguntas fundamentais que cómpre abordar con certa premura. Quen debe asumir as responsabilidades de normativización, planificación estratéxica e coidado do ecosistema escénico galego? Pódese facer iso sen base normativa? Pódese facer cun orzamento en materia cultural que non chega nin ao 1% nos Orzamentos do goberno autonómico? Que o debe liderar? Ten lexitimidade un Centro Coreográfico mermado, que pasa de 120.000€ a 100.000€ de 2022 a 2023? (en 2009 tiña 625.000€) Que tipo de políticas activas de promoción, desestacionalización e diversidade social no ámbito da danza, do circo, do teatro de formas animadas, da dramaturxia actual... pode haber con estes recursos nas institucións públicas de referencia?

Despois está a retórica da imaxe, dos ránkings cos que tamén acaba un ano e empeza outro, da competencia individual, do mellor proxecto sobre o papel, dos postos de cabeza tamén como forma de supervivencia (unha vez máis) no terreo da inercia, do modelo que xira e xira, do devir do día a día coa burocracia, da pelexa diaria (contra a inflación, contra os recortes), driblando para non caer do podio.

Pero o 2023 tamén empezou cunha resposta efectiva e positiva fronte a esa sensación de abandono da estrutura do sistema. Dende accións locais ata outras máis xerais, vimos de ver a presentación do Plan Estratéxico da Cultura de Ferrol (2023-2028), que no ámbito escénico sinala a detección de demanda de

expansión escénica veciñal nos barrios, de escola de espectadores ou da potenciación da danza e do teatro escolar entre outras; o impluso do debate dunha Lei de Cultura Inclusiva por parte do goberno galego ou dunha máis ambiciosa e estratéxica Lei integral de Cultura por parte do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que poida garantir nun futuro próximo o dereito de participación e innovación en todos os sectores do noso tecido cultural e as garantías do seu financiamento (co desexo no horizonte da recén aprobada por unanimidade Lei do Sistema Público de Cultura de Canarias). Son albores de esperanza que se nos presentan no camiño, cara a un necesario xiro sistémico da protección, garantía profesional e modernización da xestión cultural (en especial a escénica, que por diferentes motivos tantos efectos negativos tivo estes últimos anos). Algo está a moverse para que se movan tantas outras cousas nun novo escenario social que demanda dereitos efectivos.

## **Xornada IX**

# **I Congreso de Teatro Amador**

*Comisaria da xornada: Josefa Deibe Pico*

*Colabora: Federación de Teatro Amador Galego – AMATEGA*

 **22 e 23 de outubro de 2021**

 **Auditorio I.E.S. Rosalía Mera**

### **VÍDEOS:**

*I CONGRESO DE  
TEATRO AMADOR22  
E 23 DE OUTUBRO DE  
2021 - venres*



*I CONGRESO DE  
TEATRO AMADOR22  
E 23 DE OUTUBRO DE  
2021 - sábado mañá*



*I CONGRESO DE  
TEATRO AMADOR22  
E 23 DE OUTUBRO DE  
2021 - sábado tarde*



O I Congreso de Teatro Amador organizado pola Deputación de A Coruña, en colaboración coa Federación de Teatro Amador Galego AMATEGA, ten por principal obxectivo poñer o foco no teatro amateur, un axente cultural integrador que facilita a participación activa da cidadanía na Cultura e que aporta actividade cultural a aqueles municipios que doutro xeito terían carencias.

Participarán no Congreso diferentes persoeiros de dilatada experiencia no sector e nos seus respectivos campos de actuación que nos farán entender mellor como nacen e se desenvolven os grupos de teatro amador, cal é a situación do sector en Galicia, a nivel nacional e internacional, cales son as súas principais reivindicacións, os seus grupos e federacións e as súas principais carencias. O Congreso contará tamén coa participación de federacións autonómicas de teatro amador doutras rexións de España que, nunha mesa redonda sobre a situación do sector nas autonomías, falarán e debatirán sobre o apoio institucional nos territorios e o impacto que tivo e está a ter a pandemia da Covid-19 nas súas respectivas rexións e cales son as súas estratexias para os próximos meses de reactivación da actividade cultural.

Debido a que o aforo é limitado por mor da situación sanitaria, todas as intervencións retransmitiranse en streaming a través da canle de Youtube Cultura Deputación da Coruña.

Tamén contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.

Os relatores terán un tempo máximo de exposición de 25 minutos. O tempo restante será para intervencións do público.

## **PROGRAMACIÓN DA XORNADA**

### **VENRES 22**

18:15 a 18:50 h **Acreditación dos asistentes.**

19:00 a 20:00 h

**Representación da obra teatral *Animais de Compañía*.**

De Fernando Castro Paredes a cargo do grupo Farándula Velutina.

### **SÁBADO 23**

*Mañá*

9:30 a 9:40 h

**Benvida e recepción das autoridades.**

Presentación a cargo de Xurxo Couto, Deputado de Cultura da Deputación de A Coruña e de Josefa Deibe Pico, comisaria do Congreso e Presidenta da Federación de Teatro Amador Galego AMATEGA.

9:40 a 10:20 h

**O teatro amador na encrucillada do século XXI.**

Función social e cuestións de estética e dramaturxia. Afonso Becerra Arrojo, dramaturgo e director da Revista Galega de Teatro.

10:20 a 11:00 h

**La relevancia del teatro amateur y sus necesidades normativas.** — José María García-Luján, actor e director.

11:00 a 11:20 h **Pausa.**

11:20 a 12:00 h

**“Abre o pano dos ollos”.**

Antón Cortizas Amado, escritor de Literatura Infantil.

12:00 a 12:40 h

**Os espazos do teatro amador. Importancia das asociacións dentro do sector.**

Josefa Deibe Pico, comisaria da xornada e presidenta da Federación de Teatro Amador Galego AMATEGA.

12.40 a 13.20 h

**Aproximación a unha historia do teatro amador galego.**

Artur Trillo, actor e director.

13:25 h **Peché da sesión de mañá.**

**16:30 h Apertura da sesión de tarde.**

**16:35 a 16:50 h**

**“Actúa”: La unión de esfuerzos en pro del teatro amateur.**

Miguel Lucas Ibañez, presidente de ACTÚA Confederación de Teatro Amateur.

**16:50 a 18:30 h**

**Consecuencias da COVID-19 no teatro amador e outras eivas. Pasos das Federacións na busca de solucións para o sector.**

Mesa redonda con: Miguel Lucas Ibañez-presidente da Federación de Teatro Amateur da C.A. de Navarra (FTAN). / Antonio Borrás Mateu, presidente de GEST Plataforma Balear de Teatre Amateur .

Matías González Pinos, presidente da Federación de Teatro Amateur da C.A. de Valencia (FTACV). / Javier Figueras Ocaña, presidente da Federación de Teatro Amateur da C.A. de Madrid (FETAM). / Margarita Jornet Blanch, en representación da Federación de Teatro Amateur da C.A. de Cataluña (FGTAC).

Josefa Deibe Pico, presidenta da Federación de Teatro Amador Galego (AMATEGA). / Os últimos 20 minutos serán para as intervencións do público.

**18:30 a 18:45 h Peche.**

**19:00 a 20:30 h**

**Visita cultural guiada A Coruña teatral, Secret Galicia (número limitado de prazas).**

**21:00 h Despedida.**



· XORNADA ·

# A ESCENA GALEGA NO PALCO DO COLÓN

Os procesos de creación nas artes  
escénicas na Galicia do século XXI

9 de Xuño 2018  
Teatro Colón, A Coruña



# PROGRAMACIÓN DA XORNADA

"A escena galega no palco do Colón" é un encontro que pretende axudar a contrastar os diferentes procesos polos que transitan as persoas que se dedican á creación escénica en Galicia. O encontro ten como eixo central o traballo de dramaturgos/as, actores e actrices, directores/as, coreógrafos/as, bailaríns/nas, xentes do circo, todos/as a conversar sobre cales son os camiños e metodoloxías que os/as levan a crear unha peza escénica.

## SESIÓN DE MAÑÁ

**10:00 horas.** Benvida e presentación da xornada a cargo de Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación de A Coruña e deputada de Cultura.

**10:30 horas.** Os procesos creativos na ensinanza das artes escénicas. Unha conversa na que interviñen:

- Daniel Salgado, director de escena. Profesor do departamento de dirección escénica na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
- Carlos Neira, director de escena. Director da escola de Teatro e Danza Espazo Aberto en Santiago de Compostela.
- Carlos Sante, actor, director e formador. Socio fundador, ex-presidente de Manicómicos e director do seu festival, na Coruña.

*Moderador: Irene Moreira. Directora de escena, fundadora e xestora da Sala Ingrávida, O Porriño*

**12:00 horas.** Descanso/café.

**12:30 horas.** A creación de espazos sonoros e visuais como ferramenta dramaturxica.

Baltasar Patiño e Laura Iturralde son entrevistados por Afonso Becerra.

- Baltasar Patiño, iluminador e deseñador de espazos escénicos. Creador de espazos sonoros. Cofundador de Matarile Teatro, da Sala Galán, e director e promotor do espazo efémero sala "La Montiel".
- Laura Iturralde, escenógrafa, iluminadora, fotógrafa, vj.
- Afonso Becerra, dramaturgo e director de escena. Profesor do departamento de dramaturxia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Crítico en Arte e na Revista Galega de Teatro.

**13:30 horas.** Conversa: Narrativas escénicas. Unha conversa entre Xulio Lago e Areta Bolado, na que confrontar dúas formas de comprender a construción do relato escénico contemporáneo.

- Xulio Lago, director de escena. Fundador de Teatro do Atlántico. Membro destacado da xeración de profesionais que promoveu o nacemento do teatro profesional en Galicia.
- Areta Bolado, actriz. Fundadora de A Panadaria Teatro.

## SESIÓN DE TARDE

**16:30 horas.** A creación escénica desde a perspectiva do/a intérprete escénico/a. Conversa entre:

- Patricia de Lorenzo, actriz e cantante. Integrante da Cía. Chévere (Premio Nacional de Teatro 2014).
- Eduardo Alberto Rodríguez Cunha "TATÁN", actor, titiriteiro e marionetista. Membro fundador de Tanxarina Titeres.
- Olga Cameselle, coreógrafa, directora de movemento escénico, intérprete escénica (bailarina e actriz). Co-fundadora de A Producións Artísticas, Teatro e Danza.
- Pablo Reboleiro, palaso, actor e director escénico. Membro fundador da Cía. Pistacatro.

*Moderador: Esther Carrodegas. Dramaturga, directora de escena, actriz. Forma parte da Cía. Butaca Zero.*

**18:00 horas.** A Dirección de escena e a dramaturxia. Diferentes xeitos de tecer a estrutura dramaturxica dunha peza. Unha conversa con:

- Tito Asorei, actor e director de escena. Membro fundador de Il Maquinario Teatro.
- Gena Baamonde, actriz, creadora e directora de escena.
- Quico Cadaval, actor e director de escena. Narrador oral. Membro de Producións Teatrais Excéntricas. Premio Cultura Galega das Artes Escénicas, 2011.
- Ruth Balbís, directora da Cía. Pisando Ovos. Bailarina e coreógrafa.

*Moderador: Tito Asorei.*


**19:30 horas.** Descanso.

**20:00 horas (Segunda parte ás 21:30 horas).** Catro Cías. escénicas galegas, amosan quince minutos do seu traballo en espazos non convencionais dentro do Teatro Colón. Participan:

- Elefante Elegante, Cía. de A Coruña dirixida por María Torres e Gonçalo Guerreiro. As súas creacións buscan a universalidade, xurdindo da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais.
- Práido Domingo, nova compañía afincada en Vigo e vinculada á investigación e creación nas artes do movemento. Son Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez.
- Caramuxo Teatro, Cía. de teatro infantil e familiar dirixida por Laura Sarasola e Juan Rodríguez, que crea espectáculos poéticos e visuais axetados para gozar en familia.
- Manicómicos, asociación cultural coruñesa que promove a investigación o estudo e difusión das artes escénicas e a comedia. Mantén o seu Festival de teatro desde a súa creación no 2004. Colaborou na xestación da Federación Galega de Novo Circo.

A asistencia é gratuita e o aforo limitado. A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin na páxina web:

[www.aculturaeundereito.gal](http://www.aculturaeundereito.gal)



MARTES

20 DE DECEMBRO

Programación da  
xornada XV de  
A Cultura é un Dereito.

Pazo da Cultura de Carballo  
(salón de actos)

<https://goo.gl/maps/Q7AvdHqNUNSwz8k8>

Comisario da xornada:  
Diego Vázquez Melzoso



Deputación  
DA CORUÑA

Deputación Provincial da Coruña  
Avda. Porto da Coruña n.º 2  
15003 A Coruña – Galiza

# XX ANOS DE ESCENA GALEGA

## Retos do asociacionismo profesional como un dos eixos vertebradores do sector escénico galego

A Deputación Provincial da Coruña, por medio da súa área de cultura, desenvolve cada ano no marco de *A Cultura é un Dereito* unha intensa programación de xornadas profesionais que pretenden abarcar distintos aspectos, focos de interese e temáticas sobre o funcionamento, perspectivas e retos do sector cultural galego. Escena Galega (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas) cumpre este 2022 20 anos de traballo ininterrompido en prol do sector escénico profesional, e neste ano tan sinalado a Deputación quere centrar unha destas xornadas na situación do tecido escénico profesional dende o punto de vista do seu asociacionismo como un dos seus eixos vertebradores.

Nesta data sinalada, e no contexto sempre cambiante e cheo de desafíos no que parecemos acostumados e acostumados a vivir nos últimos anos, queremos reflexionar, debater e compartir por tanto inquedanzas sobre algunhas das cuestións máis importantes para que o sector escénico profesional galego sexa máis sustentable, plural, aberto e relacionado co seu contexto social, económico e cultural.

Como mellorar a circulación escénica profesional no territorio, poñendo o foco nos contextos non urbanos tamén como unha forma de chegar non só a oferta senón a acción cultural ás vilas pequenas e medias, como artellar estratexias entre o sector creativo e o empresarial-productivo para acadar posibilidades reais de extender as políticas de responsabilidade social das empresas tamén ao noso eido ou como traballar sobre as propostas de acción comarcalizada entre concellos pequenos que poidan reforzar a súa acción cultural de cara á cidadanía son algúns dos temas que tocaremos nesta xornada.

Tamén falaremos das asociacións profesionais, entendendo estes colectivos como parte fundamental non só do desenvolvemento senón tamén do sostemento do sector cultural galego, exemplo de vertebración, debatendo con compañeiros e compañeiros doutros ámbitos dentro das nosas fronteiras, e tamén do resto do Estado, co convite ás nosas entidades parceiras en Madrid, Cataluña e Euskadi. Os eixos temáticos da xornada son:

- Necesidade da acción combinada entre administracións para a xeración de proxectos de política cultural: democracia cultural, atención á oferta cultural en contextos rurais, estratexias de estabilidade para o sector creativo e de relación deste co seu contexto (cidadanía).
- O financiamento privado (mecenado, patrocinio) de proxectos escénicos, posibles estratexias entre o sector creativo e o productivo.
- Comarcalización como vía para unha acción escénica máis sustentable (resiliencias de creación, circulación, relación co contexto social...).
- Retos de mellora na circulación escénica profesional en Galicia, centrada no achegamento da oferta e acción cultural especificamente a contextos non urbanos.
- O rol do asociacionismo na vertebración do tecido profesional e creativo.
- Eixo transversal: sostibilidade do sector a medio e longo prazo (económica, sistémica e de relación coa cidadanía).

## VÍDEO:



XX anos de Escena Galega.  
XORNADAS PROFESIONAIS  
(YouTube)

## PROGRAMA

A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin na páxina web: <https://laculturaeunderreito.gal/>

### 09.30 a 09.45 h. INAUGURACIÓN DA XORNADA

Xurxo Cauto Rodríguez. Deputado de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística da Deputación da Coruña  
Marcos Trigo Facal. Concelleiro de Cultura e Deporte do Concello de Carballo Santiago Cortegoso Calvar. Presidente de Escena Galega

### 09.45 a 14.30 h. BLOQUE DE MAÑÁ. OS RETOS DOS NOSOS ANOS VINTE: EIXOS DE ACCIÓN PARA O SOSTEMENTO E MELLORA DO SECTOR ESCÉNICO GALEGO.

09.45 a 11.00 h. *Mesa de debate 1: A circulación escénica en Galicia. Posibilidades de mellora e artellamento de accións combinadas para contextos non urbanos.*

Participan:

Deputación da Coruña. Xurxo Couto Rodríguez. Deputado de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística  
Deputación de Lugo. Malte Ferreiro Tallón. Vicepresidenta e Deputada de Cultura, Patrimonio Histórico e Normalización Lingüística  
Deputación de Ourense. Representante da Área de Cultura.  
Deputación de Pontevedra. M<sup>a</sup> Victoria Alonso Méndez. Deputada de Cultura e Igualdade.

Moderar: Eva Alonso. Xunta Directiva de Escena Galega

11.00 a 12.15 h. *Mesa de debate 2: O financiamento privado de proxectos escénicos. É posible unha estratexia de colaboración entre o sector creativo e o produtivo?*

Participan:

Bodegas Martín Códax. Jorge Pallarés Bartolomé. Director de marketing  
Grupo Vegalsa-Eroski. Gabriela González Márquez. Directora de responsabilidade social.

Cafés Candelas. Lucía López Bojo. Responsable de comunicación  
Moderar: Diego Vázquez Meizoso. Xerente de Escena Galega.

### 12.15 a 12.45 h. PAUSA CAFÉ

12.45 a 13.45 h. *Mesa de debate 3: A comarcalización da acción cultural como vía para o achegamento a contextos non urbanos e a democracia cultural. Exemplos e posibilidades.*

Participan:

Fetal Urónes de Castropneice (Tierra de Campos, Valladolid). Alex Rodríguez Ramírez. Actor e xestor cultural independente. Ex-director do FETAL.  
Territorio\_Escena. Francisco Javier Núñez Alonso. Coordinador do Departamento de Producción Teatral da Agadric e director do Centro Dramático Galego.  
Moderar: Gustavo Del Río. Xunta Directiva de Escena Galega

13.45 a 14.30 h. *Rolda de presentación. Escena Galega no presente: accións e proxectos de dinamización sectorial*

Promoción exterior\_Camiño Escena Norte 2022 (4ª edición).

Presentan: Diego V. Meizoso (coordinador) e Marta Alonso Tejada (compañía participante no proxecto)

Formación e apoio ao desenvolvemento profesional\_Acompaña: proxecto de consultoría e acompañamento da acción profesional.

Presentan: Luisa Castiñeira (consultora, The Office Comunicación) e Esther Carrodegus (ButacaZero, compañía participante no proxecto).

Formación e apoio ao desenvolvemento profesional\_Acompaña: proxecto de consultoría e acompañamento da acción profesional.

Presenta: Patricia de Lorenzo (Vice-presidenta de Escena Galega e impulsora do protocolo) e Fátima Rodríguez (Consultora Promove).

### 14.30 a 16.00 h. XANTAR COMPARTIDO

### 16.00 a 18.30 h. BLOQUE DE TARDE. O ASOCIACIONISMO PROFESIONAL COMO CHAVE PARA UN SECTOR VERTEBRADO E ORGANIZADO.

16.00 a 17.15 h. *Mesa de debate 1: O rol do asociacionismo na vertebración do sector escénico profesional. Historia, actualidade e retos de futuro.*

Participan:

Roca Suárez. Presidente de ESCENASTURIAS (Asturias).  
Susana Lloret. Presidenta de CIATRE (Cataluña).  
Emilio del Valle. Presidente de ARTEMAD (Madrid).  
Santiago Cortegoso. Presidente de ESCENA GALEGA (Galicia).

17.15 a 18.30 h. *Mesa de debate 2: O sector galego dende o asociacionismo. Cuestións e accións transversais para a dignificación e mellora do noso tecido cultural.*

Participan:

Belem Brandido. Xunta Directiva de ESCENA GALEGA (artes escénicas).  
Uxia Caride. Xerente de AGAPI (audiovisual).  
Patricia Hermida. Presidenta de AGEN (música).  
Miguel Tóval. Tesoureiro de AGE (libro).  
Carlos Lorenzo. Presidente da ASPXC (xestión cultural).

### 19.00 h. PECHEDA XORNADA.

Actuación de Quico Cadaval. *Por amor é arte ou a vaquiña polo que vale?*

Thiriteiros e titiriteras pola verde Galiza. Unha historia da conspiración platónica para que o teatro galego non fose unha actividade profesional (yala, que cobre) e a nosa heroica resistencia histórica de ir para a casa sen os cartos.

Todas as intervencións retransmitíranse en **streaming** a través da canle de **Youtube: Cultura Deputación da Coruña**.  
Tamén habed un servizo de interpretación de lingua de signos. A asistencia é gratuita e o aforo limitado.

# POESÍA E IMAXE



## **FOTOS VELLAS E POESÍA PARA TRANSFORMAR UNHA SOCIEDADE**

*Carlos Lorenzo*

A piques de xa cumprir o primeiro cuarto do século XXI, seguimos a simplificar a idea de que a cultura é un proceso de creación e exhibición. Aínda domina o paradigma de xestores públicos que confeccionan as súas programacións con actividades e eventos que non buscan outro fin que satisfacer unhas altas cifras de participantes, visitantes ou espectadores. Búscase ser complacentes, non perder de vista as tendencias e obter axiña un resultado lucido. Está a ser un modelo cultural, na meirande parte dos concellos, que non desgusta e que seguramente atenda satisfactoriamente a demanda social. Mais compre non renunciar a procesos que inciden cunha maior capacidade transformadora, aínda que sexan máis complexos de executar e precisen dun tempo extenso para comprobar o seu impacto.

O Concello de Carral ten dúas iniciativas deste tipo. A primeira que citamos é o proxecto denominado Fotos para as mil historias de Carral. Comezou sendo unha recollida de fotos antigas pedindo a colaboración da cidadanía para que permitiran dixitalizar as fotografías que conservaban nos álbums familiares. Foi fundamental a resposta de moitas persoas que prestaron as súas fotos para comezar a configurar un arquivo fotográfico municipal. Como todo arquivo, este permitiría recompilar e conservar imaxes que constitúen un importante elemento do patrimonio inmaterial de Carral. Coas imaxes que se van incorporando, o departamento de Cultura municipal promove exposicións e a edición de libros. As exposicións, case todas feitas para mostrarse en exteriores en lugares públicos moi concorridos, téñense demostrado como os eventos culturais con maior seguimento por parte da cidadanía de Carral. As fotografías recollidas e logo exhibidas producen un efecto de reforzo da identidade dun pobo que se recoñece en imaxes cotiáns e compartidas para o goce e beneficio común.

**Compre non  
renunciar a  
procesos que  
inciden nunha  
maior capacidade  
transformadora**

Este proxecto aínda produciu outros resultados, inicialmente non calculados. A recompilación realizada descubriu o dato de que a meirande parte das fotografías tiradas en Carral entre os anos 40 e 70 foron feitas polo mesmo fotógrafo. José Gestal, coñecido co alcume de Cardoña, foi un fotógrafo popular que traballou de maneira ambulante polos territorios de Carral, Culleredo, Abegondo e Cambre. Esta descuberta activou unha liña de traballo para poñer en valor a figura de Cardoña como profesional que tivo a ante a súa cámara a todas as xentes do municipio e que era lembrado como a persoa que posibilitou que as familias puideran preservar as súas lembranzas en papel fotográfico. Cunha vitrina conmemorativa que amosa as súas cámaras, flashes, ampliadora e outros materiais de traballo, ou cunha rúa co seu nome, Cardoña é homenaxeado e lembrado polas xentes de Carral que o consideran un personaxe esencial da súa historia. Como consecuencia dese traballo en *Fotos para as mil historias de Carral*, Cardoña foi recoñecido pola Deputación da Coruña como Fotógrafo Histórico, o cal aínda resalta máis a súa figura no ámbito galego.

Por outra banda o Premio de Poesía Concello de Carral chega aos 26 anos de existencia cuns resultados dignos de citar. O certame está a ser un dos máis lonxevos do panorama literario galego e cun prestixio que foi gañando co paso dos anos. outorgado, entre outros factores, pola calidade dos e das poetas que obtiveron o premio e que están a ser protagonistas salientables da nosa literatura.

O concurso mira en dous sentidos. O primeiro é cara a cidadanía carralesa á que pretende aproximar ao goce da poesía en calquera das súas manifestacións. O segundo é cara a creación poética, facendo de Carral unha oportunidade para que autores e autoras atopen un trampolín que lles dea un pulo na súa carreira literaria. Mais o premio Concello de Carral non só é un certame de poesía. Desde os seus inicios a Biblioteca municipal agasalla exemplares das obras gañadoras. Desde tempos máis recentes organízanse obradoiros e encontros con poetas premiados nos centros de ensino, así como certames para o alumnado de primaria e secundaria. Para que os poemas non quedaran nos andeis,

téñense feito exposicións en espazos públicos sobre os autores e autoras premiadas e as súas obras. Na rede atópanse documentais e pezas audiovisuais sobre o certame e a súa historia. E todo o proxecto e os seus impactos veñen sendo avaliados con método e rigor, o cal resulta inédito non só en Galicia, senón en todo o mundo. Todas estas enerxías teñen dando resultados de gran interese, entre os que podemos salientar que Carral xa conta con varios poetas recibindo premios e publicando, ou que xa hai quen se dedican á escrita, á tradución e á crítica literaria. O nome de Carral xa está vencellado no eido cultural galego coa poesía, o cal causa na poboación un sentimento de orgullo e é un factor facilitador para novas iniciativas tanto públicas como privadas e tanto no literario como no sentido máis amplo do cultural. Aínda que moita cidadanía non se achegara á poesía, sabe que Carral xa se recoñece pola historia dos Mártires, polo pan e agora tamén pola poesía.

Son dous casos de acción cultural local que pouco teñen que ver con outros de execución máis efémera e espectacular. Mais o nivel de transformación paseniño que conseguiron, demostra que paga a pena este modelo de acción sociocultural a medio e longo prazo.

## Xornada XIII

# Certames de poesía como motores dunha literatura propia

Comisario da xornada: Carlos Lorenzo

 **9 de xuño de 2022**

 **Casa da Cultura de Carral**

### VÍDEOS:

*Lista de reprodución:  
Xornada XIII Certames  
de poesía como  
motores dunha  
literatura propia*



Existe pouca dúbida de que a poesía é o xénero que mellor identifica á literatura galega no mundo, aínda que para os lectores semella ser unha disciplina menor. Son múltiples as entidades que en Galicia están a dinamizar a poesía coa organización de certames que fomenten a escrita e a lectura deste xénero. Mais non está a haber a reflexión suficiente como para valorar o impacto dos premios na creación, venda e lectura de poesía.

Dada a aposta da Deputación da Coruña pola promoción da creación literaria en xeral cos seus premios literarios, e en concreto da poesía co certame Miguel González Garcés, resulta oportuno organizar a xornada Os certames de poesía como motores dunha literatura propia, no marco da iniciativa A Cultura é un dereito, na que se valoren as experiencias dos concursos e na que se debata sobre os novos modelos de premios para que se adapten ás necesidades e esixencias deste decenio.

Contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.

## PROGRAMACIÓN DA XORNADA

 **VENRES 9**

**10:30 h**

### **Apertura da xornada.**

Co deputado de Cultura da Deputación da Coruña, Xurxo Couto, e o alcalde de Carral, Javier Gestal.

**10:45 h**

### **Presentación do estudo Os certames de poesía en Galicia: unha análise das convocatorias actuais.**

— Carlos Lorenzo.

**11:30 h**

**Mesa redonda con editoriais, A edición de poesía.**

premiada con: Moderador: Alfredo Ferreiro / Miguel Anxo / Fernán Vello (Edicións Espiral Maior) / Henrique Alvarellos (Alvarellos Editora) / Fran Alonso (Edicións Xerais)

**12:30 h Pausa café.**

**13:00 h**

**Mesa redonda con autores e autoras**

**premiadas: Chámome poeta e preséntome a concursos.**

con: Moderadora: Dores Tembrás / Xerardo Quintiá / Miriam Ferradáns / Emma Pedreira

**14:00 h Pausa xantar.**

**16:00 h**

**Presentacións dos premios Miguel González Garcés e Concello de Carral.**

Sabela Herrero (Deputación da Coruña) / Carlos Lorenzo (Concello de Carral).

**16:30 h**

**Conferencia: 25 anos de poesía galega. — Yolanda Castaño.**

**17: 15 h**

**Mesa redonda de certames O futuro dos premios de poesía.**

Moderador: Eduardo Estévez / Elvira Riveiro Tobío (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón) / Gil Ares (premios Manuel Leiras Pulpeiro e Díaz Jácome) / Sonia García (Premio Concello de Vilalba)

**18:30 h**

**Peché da xornada.**

Coa presenza do representante da Deputación da Coruña e o concelleiro de Cultura do Concello de Carral, Francisco Javier Bello.

**19:00 h**

**Concerto Treides comigo!**

De Xoán Curiel en instalacións anexas á Casa da Cultura, aberto ao público en xeral.

**20:15 h Fin da xornada.**

VÍDEOS:

Xornadas A Fotografía  
nas Coleccións Locais,  
ponencia 1 día 11 de  
novembro do 2022



Xornadas A Fotografía  
nas Coleccións Locais,  
ponencia 2 día 11 de  
novembro do 2022



XORNADAS

A FOTOGRAFÍA NAS  
COLECCIÓN S LOCAIS

11 e 12 de novembro de 2022

Auditorio de A Fábrica do Concello de Oleiros  
Comisaria: Andrea Serodio Domínguez



# PROGRAMACIÓN DAS XORNADAS

## VENRES 11

### Mañá

#### 9.45 a 10.00 h. **Benvida e recepción das autoridades.**

Presentación a cargo de Xurxo Couto, Deputado de Cultura da Deputación da Coruña e de Andrea Serodio Domínguez, comisaria das xornadas

#### 10.00 a 11.00 h. **Panorámica xeral da fotografía en Galicia.**

Vítor Vaqueiro, fotohistoriador

#### 11.00 a 12.00 h. **Fotógrafos da Costa da Morte: R. Caamaño e J. Vidal.**

Xan X. Fernández Carrera, fotohistoriador

#### 12.00 a 12.30 h. **PAUSA**

#### 12.30 a 13.15 h. **O legado de AnnaTurbau. Galicia (1975-1979).**

Natalia Poncela López. Historiadora de arte, crítica e comisaria

#### 13.15 a 14.00 h. **Habelas hainas. Mulleres na fotografía contemporánea galega.**

Andrea Costas Lago. Artista visual e fotógrafa

### Tarde

#### 16.00 a 17.00 h. **Mesa de experiencias: canles de difusión da fotografía**

- **Moderador: X. Lois Gutierrez Failde. Fotógrafo e docente**
- Premio de creación fotográfica Luís Ksado (Xurxo Lobato. Comisario e fotógrafo)
- Javier Fernández Pérez de Lis (Fotógrafo)
- Festival de fotografía da Coruña (FFoco) (Tono Mejuto. Fotógrafo, organizador do festival)

#### 17.00 a 18.00 h. **Mesa de experiencias: Arquivos e coleccións fotográficas da provincia da Coruña**

- **Moderador: Vítor Vaqueiro. Fotohistoriador**
- Arquivo do Reino de Galicia (M<sup>a</sup> Carmen Prieto Ramos. Directora do Arquivo do Reino de Galicia)
- Real Academia Galega de BB.AA. (Felipe Sénen. Museólogo e Secretario da Real Academia de BB.AA.)
- A Casa Museo Colección Caamaño (Denís Pose. Responsable da Casa-Museo)

Xornadas A Fotografía  
nas Coleccións Locais,  
ponencia 4 día 11 de  
novembro do 2022



Xornadas A Fotografía  
nas Coleccións Locais,  
mesa 1 día 11 de  
novembro do 2022



**SÁBADO 12**

**Mañá**

**10.00 a 11.00 h. Pautas para unha boa xestión dos fondos e coleccións fotográficas.** (David González Ruiz. Arquivo Histórico de Sabadell)

**11.00 a 12.00 h. Xestión da imaxe dixital** (David Iglesias Franch. CRDI)

**12.00 a 12.30 h. PAUSA**

**12.30 a 14.00 h. Recoñecemento e conservación preventiva dos fondos fotográficos.** Ángela Gallego López (Conservadora de fotografía)

**Tarde**

**16.00 a 17.00 h. Mesa de experiencias: A fotografía como expresión da identidade local**

• **Modera: Ana Justo. Museo Os Oleiros**

- Museo Marea de Porto do Son. (José Manuel Vazquez Lijó. Director Museo Marea)
- Fototeca de Cambre (Ramón Boga Moscoso. Concelleiro Patrimonio Cambre)
- Fotos para as mil historias de Carral (Carlos Lorenzo Pérez. Técnico de Cultura do Concello de Carral)

**17.00 a 18.00 h. Mesa de experiencias: A fotografía como expresión da memoria**

• **Modera: Alberte Román. Investigador**

- ViteArquiva (Brais Santomil Cao. Colectivo ViteArquiva)
- Carballo na Memoria (Marcos X. Trigo Facal. Concelleiro de Cultura e Deporte de Carballo)
- Arquivo Vivo Unha Gran Burla Negra (María Bella. Investigadora e comisaria colaboradora da AC. Unha Gran Burla Negra)

*Xornadas: A fotografía nas coleccións locais*





A asistencia é gratuita, o aforo limitado e contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.

**Todas as intervencións retransmitiranse en  
streaming a través da canle de Youtube:  
Cultura Deputación da Coruña.**

A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin na páxina web:

[www.aculturaeundereito.gal](http://www.aculturaeundereito.gal)

Emitirase un certificado de asistencia a todas aquelas persoas que asistan ao 75% das xornadas.

# BIOGRAFÍAS





#### CONTACTO

xavier.campos.lopez@gmail.com

## Xavier Campos

### ASESOR EN POLÍTICAS CULTURAIS

- Licenciado en Filoloxía Galega na USC e posgrao en Xestión Cultural pola UOC.
- Técnico de Cultura no Concello de Ribadeo, 2002-2005.
- Xefe de Gabinete do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), 2005-2007.
- Asesor no Gabinete da Consellaría de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia, 2007-2009.
- Traballador en Trivium Cultura e Patrimonio, 2009-2011.
- Concelleiro de Mocidade de Ribadeo, 2011-2015.
- Técnico das Bibliotecas Municipais da Coruña, 2011-2015.
- Asesor Cultura Deputación da Coruña, 2015 - actualidade.
- Presidente en diferentes momentos da Asociación Cultural Francisco Lanza (Ribadeo) e da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural.



#### MÁIS INFORMACIÓN

www.albertodeboiro.wordpress.com

#### CONTACTO

albertodeboiro@gmail.com

## Alberto de Boiro

### TÉCNICO DE CULTURA

Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola USC, Educador Social habilitado pola USC. Posgrao en Educación Social e Animación Sociocultural pola US.

- Técnico de cultura do Concello de Boiro dende 1999 ate a actualidade.
- Ex presidente da Asociación Galega de profesionais da Xestión Cultural (2015-19).
- Cofundador da empresa Nova Xestión Cultural.
- Membro da comisión de políticas culturais do Consello da Cultura Galega dende 2020 ate a actualidade .
- Docente no Curso de Experto en Xestión Cultural e Innovación Cultural da USC dende 2015 ate a actualidade.
- Comisariado e coordinación de diferentes xornadas e publicacións especializadas en xestión cultural, cultura cidadá e sustentabilidade cultural.



## **Sabela Mendoza**

Investigadora, creadora e xestora cultural independente. Centra o seu traballo nas artes escénicas e na creación contemporánea, especialmente no estudo da danza e na análise de políticas culturais. Licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo, Máster en Xestión Cultural pola Universidad Carlos III e Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual pola Universidad de Castilla-La Mancha e o Museo Reina Sofía.

É fundadora de 'De corpos presentes' - plataforma galega para as artes performativas contemporáneas e co-responsable do proxecto de mediación 'Cara a unha escena plural'. Escribe e fala sobre danza en varios medios e é vicepresidenta da asociación Emprendo Danza. Colabora co coreógrafo Javier Martín desde a produción e o acompañamento artístico. Ten traballado como curadora, asesora ou xestora para proxectos e entidades como a Residencia de Estudiantes, Festival Ilustratour, Instituto Cervantes, Hablar en Arte, entre outras.



## **Fran Quiroga**

### **XESTOR CULTURAL E INVESTIGADOR**

Investigador transdisciplinar. É licenciado en Ciencias Políticas pola Universidade de Santiago de Compostela, con estudos nas universidades de Cork, Minho, A Coruña e Granada. Actualmente é o coordinador xeral de Concomitentes, unha produtora de arte cidadá. Dirixiu investigacións como Ruraldecolonizo (MUSAC-CGAC), Fiestas Raras (Imagina Madrid, Matadero) ou o #salóndoMARCO (MARCO de Vigo). Durante seis anos coordinou a rede de investigación en agroecoloxía da USC e UVIGO. Ten traballado para institucións como o Consello da Cultura Galega, Medialab Prado, HANGAR, Fundación Daniel y Nina Carasso, New European Bauhaus, Ministerio de Cultura y Deporte ou a Fundación Luis Seoane, entre outras. É profesor visitante en tres masters de xestión cultural e coeditor dos libros "Mutaciones en el espacio público" ou "La fiesta, lo raro y el espacio publico" ambos editados por Bartleboth.

### **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.franquioga.gal/gl/](http://www.franquioga.gal/gl/)

### **CONTACTO**

[fran.g.quiroga@gmail.com](mailto:fran.g.quiroga@gmail.com)



### MÁIS INFORMACIÓN

[es.linkedin.com/in/encarnalago](https://es.linkedin.com/in/encarnalago)

## Encarna Lago

**FUNCIONARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO,  
XERENTE DA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO.**

Encarna Lago González é funcionaria da Deputación Provincial de Lugo, xerente da Rede Museística Provincial de Lugo. Desde 1999 asume a dirección de programas e xestión dos catro museos da Deputación Provincial de Lugo. En 2006 promove a creación da Red Museística Provincial de Lugo.

É Docente no Máster de Xestión de Servizos Culturais da USC e do Título Propio para personas con discapacidade da UMA. Foi docente na Universidade Complutense de Madrid do Título de Especialista/A aplicación de la perspectiva de género a las industrias culturales. Coordinadora das cinco edicións do Congreso Museos xéneros e igualdade. O seu modelo de xestión inclusivo, igualitario e sostible recibe o Premio da Crítica de Galicia 2004, Premio Fundación Rosalía de Castro 2009, Premio Once Solidaridad en 2011, Premio Galicia de Inclusión 2017 Fundación Anade, entre outros.



## Silvia Fiallega

Son historiadora de formación e contadora de historias por deformación. Licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, especialiceime en Historia Contemporánea e de América (DEA), por unha querencia persoal pola historia socio-política e os estudos migratorios. Isto callou nun traballo de investigación para rematar os cursos de doutoramento adicado a "Arxentina: Estado de sitio, 1976-1983. Historia do militarismo arxentino".

O meu saber foise perfilando cara a xestión e a dinamización cultural: Máster de Xestión e Administración da Documentación e a Información, pola Universidade da Coruña; Curso de especialización en Organización e Xestión de Empresas Culturais, pola UOC; Técnica en Dinamización comunitaria; así como cursos específicos para a xestión, conservación e difusión do patrimonio; Museoloxía e museografía e comisariado de proxectos artísticos.



#### **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.7hcoop.gal](http://www.7hcoop.gal)

#### **CONTACTO**

[clara@7hcoop.gal](mailto:clara@7hcoop.gal)

## **Clara R. Cordeiro**

### **SOCIA FUNDADORA DE 7H COOPERATIVA CULTURAL**

Clara Rodríguez Cordeiro é licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela (2006), doutoranda especializada en arte contemporánea, educación e xénero (Diploma de Estudos Avanzados, USC, 2009) e Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas (USC e CGAC, 2009). Ademais de desenvolver, desde 2008, proxectos propios no ámbito do comisariado e a xestión cultural, foi coordinadora do espazo de creación e experimentación contemporánea A Chocolaría (Santiago de Compostela, 2006) e presidenta da Asociación Cultural [Sen Marco].

Socia promotora de 7H Cooperativa cultural (2015), da que actualmente é a súa presidenta, no seu labor de coordinación e mediación cultural destaca a dirección dos proxectos Mulleres en Círculo (Igrexa da Universidade, 2016) e Mutacións Urbanas (Concellos de Santiago e Teo, 2016 e 18), entre outros.



## **Andrea Barreira**

Andrea Barreira Freije é licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (2008), Máster en comunicación científica, tecnolóxica e medioambiental pola Universidade Carlos III de Madrid (2009) e Máster en Estudos Internacionais (USC, 2011).

Imparte obradoiros de narrativa para todas as idades en bibliotecas, escolas, institutos, espazos culturais, asociacións veciñais, Feiras do Libro... Forma parte do colectivo feminista de crítica literaria A Segá, onde realiza recensións de libros e colabora na organización de eventos, talleres e comunicación.

Actualmente escribe na sección de cultura de Nós Diario, onde en xullo de 2021, publicou un relato no suplemento "Máis" e durante o mes de agosto de 2020 unha serie de microrrelatos.



### **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.sirgotorcendo.com](http://www.sirgotorcendo.com)  
[facebook.com/belen.bermejo.5](https://facebook.com/belen.bermejo.5)

### **CONTACTO**

[contacto@sirgotorcendo.com](mailto:contacto@sirgotorcendo.com)

## **Belén Bermejo**

### **PRODUCTORA CULTURAL EN SIRGO TORCENDO**

Belén Bermejo López é doutora en Dereito pola USC e especializouse no ámbito do dereito da cultura e protección do patrimonio histórico. Impartiu aulas de dereito administrativo na UDC e na Universidade de Innsbruck (Austria).

Á fronte de Sirgo Torcendo dedícase á xestión de proxectos culturais, expositivos e audiovisuais, á representación de formacións musicais no ámbito da música antiga e á dirección e produción de festivais de música como Espazos Sonoros ou De Lugares e Órganos. Colabora como cantante e instrumentista con diversas formacións de música antiga como o Grupo de Música Antiga 1500 ou o proxecto Pres de Cambrai, que ela mesma dirixe, e no que conflúen diferentes disciplinas artísticas.



### **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.lago.gl](http://www.lago.gl)

### **CONTACTO**

[info@lago.gl](mailto:info@lago.gl)

## **Sergio Lago**

### **INVESTIGADOR E XESTOR CULTURAL**

Son xestor cultural e director de proxectos. A miña área de especialización son as iniciativas de desenvolvemento territorial, sectorial e profesional no ámbito cultural. Creó na #XestiónCultural como ferramenta de transformación social e interésanme as #PolíticasCulturais dirixidas a garantir os #DereitosCulturais da cidadanía. Unha #CulturaSustentable que coide máis das súas traballadoras, do tecido creativo do territorio e dos #PúblicosCulturais.

A miña traxectoria e curiosidade persoal permitíronme coñecer ben a cadea de valor, a rede de axentes clave, así como os retos e tendencias nas principais disciplinas culturais, creativas e dixitais. Nos últimos anos teño acompañado a organizacións culturais de proximidade e aos seus equipos ante o reto da #TransformaciónDixital e para facilitar unha #CulturaAccesible e máis inclusiva.



## **Roberto Pascual**

É director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, profesor na ESAD de Galicia e colaborador no Diario Cultural da Radio Galega. No ámbito creativo e investigador, publicou 'Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro' (Xerais), '40 anos daquel Abrente' (Galaxia), traduciu e editou a obra de Raúl Dans 'Matalobos' para a ADE, traduciu ao portugués, castelán e galego a obra 'La Merda', de Cristian Ceresoli, traballou como redactor no Dicionario de termos escénicos do web do CCG, realizou o guión do documental 'Non vale parar'. No ámbito da xestión cultural, traballou como asesor no INAEM - Ministerio de Cultura, para o Cabildo de Tenerife, o Instituto Cervantes, a Universidade Complutense ou en informes e comisións do Consello da Cultura Galega. Ten participado en conferencias e encontros diversos, dende o FITEI do Porto ata o HtH CDN de Montpellier, ten publicado artigos en actas de Congresos, revistas e ponencias de diversos países.



## **Carlos Lorenzo**

### **TÉCNICO DE CULTURA DO CONCELLO DE CARRAL**

Técnico superior en Produción de Espectáculos e Audiovisuais, con posgraos en Animación Sociocultural e Planificación e Desenvolvemento Local. Técnico de Cultura en Carral desde 1995. Foi socio fundador e xerente da consultora cultural Inicia Consultoría e Xestión. Desenvolve tamén unha faceta profesional como fotógrafo e creador audiovisual.

### **MÁIS INFORMACIÓN**

<http://carloslorenzo.gal>

### **CONTACTO**

[carloslorenzo@carloslorenzo.gal](mailto:carloslorenzo@carloslorenzo.gal)



### **MÁIS INFORMACIÓN**

[independent.academia.edu/  
LorenzoMarcos](http://independent.academia.edu/LorenzoMarcos)

### **CONTACTO**

[marcos.lorenzo.gallego@gmail.com](mailto:marcos.lorenzo.gallego@gmail.com)

## **Marcos Lorenzo**

### **TÉCNICO DE CULTURA DO CONCELLO DE FERROL**

Economista con formación complementaria en antropoloxía e xestión cultural. Traballou como consultor cultural en Smart Ibéria S. Coop., socio do equipo BenCuriosa, asesor da Cidade da Cultura de Galicia, director da empresa de xestión cultural e-Burbulla S.A., xerente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, coordinador de proxectos europeos na Fundación Galicia Emigración e fundador da empresa social Cidadanía S. Coop. Galega. Na actualidade é o técnico de Cultura do Concello de Ferrol. No ámbito académico foi impulsor e coordinador do Curso de Expert\* Universitari\* en Xestión e Innovación Cultural da USC. Membro do Consello da Cultura Galega (Comisión de Xestión e Políticas Culturais), foi o representante deste organismo na comisión designada para a creación do Grado en Xestión Cultural da USC. Membro do grupo 'Cultura y Desarrollo Sostenible' da Red Española de Desarrollo Sostenible - Sustainable Development Solutions Network (ONU).



### **CONTACTO**

[m.baqueirovidal@gmail.com](mailto:m.baqueirovidal@gmail.com)

## **María Baqueiro**

### **CONSULTORA EN SUSTENTABILIDADE**

Enxeñeira e Executive MBA. Levo máis de vinte anos traballando no ámbito da consultoría, primeiro no ámbito enerxético e, posteriormente, no ámbito da sustentabilidade, asesorando tanto a entidades públicas como privadas. Cheguei á sustentabilidade a través da moda para, enfocarme despois no sector cultural e nos festivais de música. Son responsable da sustentabilidade de varios festivais e promotora e coordinadora do Pacto Cultura Sustentable, unha alianza galega para traballar de forma conxunta e coordinada na incorporación do enfoque da sustentabilidade na cultura, aliando prácticas culturais e Axenda 2030.



## CONTACTO

[info@arantxaestevez.es](mailto:info@arantxaestevez.es)

# Arancha Estévez

## COMUNICACIÓN

Xornalista de formación, forma parte da primeira promoción saída da Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela, centro de estudos que foi o obxecto de estudo da miña tese de doutoramento lida en 2012. Dedícase desde 2003 á comunicación no ámbito da cultura. Foi responsable de comunicación do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC, Xunta de Galicia) e, na última década o seu traballo centrouse en coordinar a comunicación de diferentes proxectos culturais. Colabora habitualmente con empresas musicais, museos, universidades e institucións públicas. En 2020 especializouse en Innovación Social e Sustentabilidade na Universidade da Coruña.



# **A CULTURA É UN DEREITO, UN LEMA E 15 XORNADAS PARA FALARMOS DUN NOVO PARADIGMA**

As xornadas “A cultura é un dereito” da área de cultura da Deputación da Coruña levan cinco anos falándonos dunha VISIÓN SOCIAL da cultura, da CULTURA COMO UN DEREITO, dunha CULTURA SUSTENTABLE, en IGUALDADE, ACCESIBLE e INCLUSIVA. Falándonos de servizos básicos como BIBLIOTECAS, MUSEOS LOCAIS ou políticas de MEMORIA, TEATRO, DANZA, MÚSICA e POESÍA. Introducendo moitos termos que recompilados neste caderno queren servir para actualizar entre todas unha visión da cultura que nos axude a afrontar os retos que veñen, que son moitos, non só para o sector cultural senón para os nosos modos de vida.



**Deputación**  
DA CORUÑA